


HISTORIA DO NOBRE

PONTO

QUE FOI REI DE GALIZA

E DE BRETAÑA

Introdución, tradución e notas :
Henrique Harguindey Banet



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/).
Citar como: Anónimo: Historia do nobre Ponto que foi rei de
Galiza e de Bretaña. Tradución ao galego de Henrique
Harguindey <http://palabrasdesconxeladas.com>

A existencia do Roman¹ de Ponthus (ou de Ponthus et de Sidoine) foi durante o século XIX e XX coñecida practicamente só por algúns filólogos e medievalistas, maiormente franceses. A carencia dunha edición crítica que, partindo dos numerosos manuscritos, establecese o texto definitivo e elucidase os seus aspectos máis importantes (data, autoría, etc.) determinaba que ese coñecemento fose vago e escaso.

En Galiza foi Xosé Luís Méndez Ferrín quen nalgúns artigos de prensa deu conta –dende os anos 1985- da existencia do Ponthus e pediu a realización dunha edición crítica e a tradución ao galego.

A edición crítica chegou finalmente da man de Marie-Claude de Crécy quen en 1997 deu ao prelo un magnífico e riguroso traballo filolóxico e literario² que posibilitou novas investigacións. Aparece así, entre nós, en 1998, a fermosa tradución ao galego do capítulo XI de Ponthus³ realizada por Anxo Fernández Ocampo, complementada logo cunha interesantísima reflexión sobre ela⁴, e despois o ensaio A esperanza bretona⁵, que recibiu o premio Vicente Risco 2002, onde nun amplo e profundo traballo o autor aborda a rica e complexa problemática da tradución literaria, da Materia de Bretaña e do Ponthus.

Debemos sinalar tamén a publicación en galego dun libro de gravados de finais do século XV⁶ que resume a historia de Ponto⁷ e vai precedida dunha interesante introdución, aínda que conteña algún erro.

É mágoa que a tradución galega completa por Fernández Ocampo non se chegara a realizar pois sería con seguranza unha xoia. Ante un baleiro que non debe prolongarse máis no tempo, nós –tras moitas dúbidas de non sermos capaces de ofrecer un traballo digno do publicado por aquel- decidimos aceptar o desafío.

¹ Referímonos co termo francés *roman* ao xénero literario, inicialmente en octosílabos e despois en prosa, que se desenvolve a partir do século XII e adoita centrarse en áreas temáticas como a Antigüidade e a Materia de Bretaña. Aínda que contén elementos épicos e líricos anteriores, é a narración de aventuras e a individualización dos protagonistas o principal soporte do relato.

² *Le Roman de Ponthus et Sidoine*. Édition critique de Marie-Claude de Crécy. Textes Littéraires Français. Droz, Genève, 1997.

³ *Capítulo XI do Roman de Ponthus*. Anxo Fernández Ocampo. A Trabe de Ouro, nº 35. Compostela, xullo-setembro, 1998.

⁴ Anxo Fernández Ocampo : *Ponthus, cabaleiro das bágoas brancas*. Viceversa, Revista Galega de Tradución, nº 4, Vigo, 1998.

⁵ Anxo Fernández Ocampo: *A esperanza bretona*. Sotelo Blanco, Compostela, 2002.

⁶ *Ponthus e Sidoine, reis de Galiza e Bretaña*. Edición, tradución e notas de Paulo Nogueira Santiago. Editorial Toxosoutos, Noia, 2006.

⁷ Utilizamos *Ponthus/Pontus* para falarmos do orixinal francés (historia ou nome do protagonista) e *Ponto* para a tradución galega, mesmo se a dobre denominación pode confundir algo.

I.- Introducción

Data e autoría

Non existe certeza canto á autoría nin á data de composición da obra. Os especialistas propoñen un arco temporal que iría entre 1390 e 1420. Nese abano, uns inclínanse, á vista de determinados feitos, polas datas máis tempraneiras e outros polas máis serodias. A obra non sinala referencia ningunha que permita a datación e as poucas alusións puntuais son ás veces contraditorias

É moi probable que a súa composición estivese ligada á familia La Tour de Landry, de terras anxevinas próximas á Bretaña. Un cabaleiro Landry de La Tour aparece na obra entre os protagonistas principais e sempre en termos laudatorios. A familia pretendería así reforzar vencellos e dereitos sobre territorios bretóns. Poida que o autor fose Geoffroy de La Tour Landry, nobre que escribiu a finais do século XIV un coñecido libro para a educación das súa fillas, modelo para a boa crianza de damas nobres. O caso é que en 1390 nace un neto de Geoffroy ao que se lle impón o nome de Ponthus, feito moi importante porque é a primeira vez que aparece ese nome de persoa.

De Crécy fai remontar a orixe do nome Ponthus á toponimia : cara ao 1300 un señor das terras de Nantes, Hus de la Muce, reconstrúe o seu castelo e precisa facer unha ponte de acceso ; de aí que os seus sucesores engadan esa circunstancia ao apelido que se transmite : familia de la Muce-Ponthus.

Descrición

A obra relata a historia de Ponto, fillo do rei de Galiza, tras a toma da Coruña polos musulmáns e a morte do rei Tiber. Un grupo de rapaces galegos son salvados e embarcados nun navío que naufraga nas costas de Bretaña ; alá son acollidos polo rei e criados por nobres bretóns. Sidonia, a filla do rei, e Ponto namóranse, mais diversas desventuras poñen en perigo a súa felicidade. Finalmente, Ponto reconquistará o seu país e casará con Sidonia, sendo rei de Bretaña e de Galiza, ao tempo que o seu curmán Polido se ha converter en rei de Inglaterra.

Trátase dun relato en prosa que bebe na literatura cabaleiresca e na materia de Bretaña. A súa intención é exaltatoria do heroe -que encarna toda a perfección- e dos valores do mundo feudal. Dun xeito indirecto, mediante o exemplo da conduta de Ponto, ou directamente, por medio dos seus consellos expresos, constitúe un instrumento para a educación dos mozos da nobreza.

Mesmo dentro desa defensa da sociedade establecida e da contraposición maniquea entre cristianismo e islamismo xustificadora das guerras de relixión, Ponto lanza unha mensaxe inequívoca de paz, de concordia e de diálogo, un chamado a prol da xustiza, dos febles e dos pobres, unha advertencia para que os

países non estean rexidos por unha aristocracia e unha monarquía que viva a conta do sufrimento do pobo, que é quen máis padece as guerras e os enfrontamentos egoístas. Mensaxe, por outra banda, en total consonancia co espírito cabaleiresco.

Nunha Europa exhausta, empobrecida e acosada polos catro xinetes do Apocalipse as súas palabras estaban cheas de sentido. Porque a *Historia de Ponto* non propón unha simple fuxida a un mundo irreal e pechado, senón que as súas pingas de crítica e as súas asisadas reflexións fan levedar unha balsámica esperanza.

Escrita e oralidade

No século XV era aínda unha minoría moi exigua da poboación a que sabía ler e escribir. A aparición da imprenta supón un avance moi grande para a difusión das obras que ata entón se transmitían por medio de manuscritos moi traballosamente realizados por copistas.

O público receptor das historias contidas nos manuscritos e libros recibíaa maiormente pola audición. Un lector ou lectora realizaba esa intermediación para o público, xeralmente de clase nobre, que escoitaba- normalmente en recintos máis ou menos pequenos (salóns de castelos, cuartos de mansións)- a lectura que recibía en grupo ou individualmente como parte do seu lecer e do seu proceso educativo.

O espazo aberto da praza pública, no entanto, coñecía a difusión de obras que non se transmitían en xeral mediante a lectura senón mediante a palabra memorizada, recitada e mesmo improvisada. A praza, o espazo popular aberto a todos era o reino dos xograres e trovadores, dos xogos e do teatro, das farsas, e dos dramas litúrxicos e de toda unha chea de artes que tamén formaban parte da educación popular.

Naturalmente, eses espazos intercomunicábanse.

A oralidade da transmisión dos libros marcaba, logo, a súa composición e as súas características. Ao non visualizaren o texto os receptores, facíase necesario avisalos directamente de que remataba un asunto e comezaba outro, de que se mudaba de capítulo e de escenario, cumpría repetir doutro xeito o que se acababa de expresar dunha forma, era preciso comprimir o léxico pois a repetición das mesmas palabras ten unha función didáctica clara, a da retención, era preciso botar man dos retrousos, das fórmulas fixadas, das chamadas de atención para que non se perdese un punto importante, acudir ás reflexións que mantiñan o interese e a curiosidade, ao adianto de acontecementos posteriores ou á lembranza dos xa acaecidos... Toda unha serie de técnicas narrativas que veñen dadas polo procedemento de transmisión.

Porque non estamos ante un libro que se aborda coa velocidade que quere quen o le, que pode parar a lectura e volver atrás para comprobar ou lembrar algo, sendo os lectores e lectoras plenamente independentes.

Ao lermos o *Ponto* poderemos comprobar esa pegada da oralidade.

Orixinalidade

O *Roman de Ponthus* é a reescritura en prosa dun *roman* anterior –do século XII- en verso, o *Roman de Horn e de Rimenhild* (ou de *Rimel*), escrito en anglonormando⁸. Nel o heroe pasa basicamente as mesmas vicisitudes que despois pasará Ponto.

É sabido que non podemos aplicarlles ás obras da Antigüidade nin da Idade Media as ideas modernas sobre autoría e orixinalidade. Os temas e os argumentos repítense e son versionados por distintos autores que nin mesmo, moitas veces, se preocupan de que aparezan os seus nomes; con frecuencia permanecen no anonimato. *Ponthus* non é unha excepción.

Naturalmente, no noso caso existen diferenzas entre o *Roman de Horn* e o *Roman de Ponthus*. Na propia trama –moi coincidente, aínda que en *Horn* mellor fiada na explicación lóxica dalgúns feitos e comportamentos- e sobre todo no enfoque e na perspectiva do narrado.

Namentres o de Horn é máis un relato de aventuras, enfrontamentos e batallas locais, o de Ponto ten unha dimensión totalizadora e unificada, unha visión ideolóxica de conxunto. *A historia de Ponto* constitúe unha louvanza da cabalaría como garantía do benestar e da xustiza para toda a sociedade. Esa cabalaría representa a salvagarda do mundo cristián, o do ben, fronte ao seu inimigo, o mundo musulmán, presentado como o do mal. No *Roman de Horn*, onde tamén a cabalaría está presente, a súa acción é en certo sentido individual. As liñaxes relacionadas e exaltadas no *Ponthus* cun protagonismo relevante forman parte dun colectivo que se recoñece como tal.

Ponto, o heroe que encarna todas as virtudes, é agora o exemplo a seguir, e por iso o libro todo ten unha concepción e unha finalidade didáctica. É a súa formación, o seu esforzo e a súa fidelidade á relixión, o seu merecemento gañado día a día, o que lle valerá a protección de Deus, en tanto que en Horn a protección dérivase sinxelamente do poder máxico dun anel regalado pola dama.

O universo cabaleiresco insírese agora na súa manifestación máis requintada, a materia de Bretaña, que aparece en Ponto e está ausente en Horn. Ese mundo artúrico, evocado as máis das veces, unifica clases e países nun fondo cultural común.

⁸ O anglo-normando era a lingua falada en Inglaterra pola Corte e a aristocracia fronte ao saxón do pobo. Esa aristocracia proviña do territorio continental, maiormente da Normandía e o oeste do que hoxe chamamos Francia, e coa conquista, no século XI, importou a súa lingua, unha das variedades das linguas de oil. Coñeceu un importante cultivo escrito, principalmente na Literatura e a Historia ata o século XIV e a súa obra inicial e máis coñecida é a *Chanson de Roland*. A lingua inglesa conserva moitos termos chegados a través do anglo-normando.

Finalmente, o novo escenario Galiza/Bretaña/Inglaterra, coa súa tripla alianza, ubica a historia no marco dos acontecementos políticos e militares ocorridos na Europa do século XIV.

Fortuna da obra

O *Roman de Ponthus* espállase rapidamente a partir da súa composición. Vintetrés manuscritos e numerosas edicións difunden a obra e axiña é traducida do francés para o inglés, o alemán, o neerlandés... A súa popularidade será grande e atoparase nas bibliotecas das familias nobiliarias máis altas, como a da propia raíña de Francia Charlotte de Savoie, esposa de Luís XI. É significativo o feito de que entre finais do século XV e finais do XVIII se constaten vinte e dúas edicións en alemán.

Igualmente se espalla o nome de Pontus; citaremos só dous personaxes moi coñecidos do século XVI : o poeta Pontus de Tyard, do grupo de La Pléiade, e o militar languedociano Pontus de la Gardie, heroe militar de Suecia e grazas ao que o nome de Pontus é aínda hoxe usual nese país⁹.

Ponto e Sidonia

Os manuscritos, e mesmo os nomes dos libros impresos, presentan variedade no título da historia, aínda que predomina a forma minimalista *Ponthus/Pontus*. A nós pareceunos moito máis acaído para nomear a tradución ao galego o do manuscrito da Biblioteca Municipal de Besançon : *L'histoire du noble roy Pontus qui fut roy de Galice et de Bretagne*.

A parella protagonista figura no texto establecido por de Crécy cos nomes de *Ponthus* e mais de *Sidone*, forma esta que utiliza o 98% dos casos da devandita edición crítica. Sorprendentemente, a forma que adoitan empregar outras edicións é *Sidoine*, o que sería errado pois en francés *Sidoine* é nome de home en tanto que o de muller é *Sidonie*. Influiría nesta escolla o cruzamento dun nome distinto, aínda que fonéticamente moi próximo ? Estámonos a referir ao de *Ydoine/Idoine*, heroína doutro popular *roman* en verso do século XII : *Amadas e Ydoine*.

A Galiza do Ponto

A información que de Galiza debía ter o autor ou autora da historia de Ponto semella moi elemental. Ábrese coa localización da capital do reino na Coruña – porto galego xa daquela ben coñecido internacionalmente- e continúa coas palabras de acollida do rei de Bretaña aos rapaces exilados nas que alude á súa amizade co rei de Galiza e ao intercambio comercial entre os dous países, no que o noso exportaba viños. Denantes, o senescal Herlant afirmara que as xentes do país galego tiñan a primacía entre os cristiáns. Cando Ponto reconquista Galiza atópaa *con moita xente e a terra ben traballada con viñas e searas*, é dicir con viño e trigo

⁹ Entre eles, lévano varios novos heroes da cabalaría moderna, xogadores suecos internacionais de fútbol.

como producións destacadas. Para rematar, non podía faltar a mención da peregrinaxe a Compostela.

Os nomes dos personaxes galegos da obra carecen de raíz na nosa terra. Son no orixinal francés *Ponthus, Tiber, Denis, Patrice, Polidès, Vireat* e *Guenelet*. Os outros responden a un simple título : a raíña e o conde de Asturias.

Xa temos aludido á irrupción do nome *Pontus* en francés en 1390.

O nome de *Tiber* semella moi próximo a *Thibert*, de orixe xermánica e distintas grafías, bastante utilizado na Europa medieval e que denominou distintos reis e nobres. Parece escollido co obxectivo de denotar doadamente un soberano. Tampouco non debemos esquecer que *Tibère* é o nome francés do emperador romano que nós coñecemos como *Tiberio*.

Denis poderíanos facer pensar nunha eventual orixe galaico-portuguesa, porén a importancia dese patronímico na tradición católica francesa (bispo e santo patrón de París a quen lle está adicada dende a Idade Media a basílica dos reis de Francia) é manifesta, ao tempo que é acaído para o capelán do rei de Galiza.

Tamén tería unha función denotatoria o nome de *Patrice* –evidente transposición do *patricio* romano- para o nobre galego que asume o goberno no país ocupado.

Polidès pode perfectamente lerse co seu significado orixinal greco-latino, *politus* ‘pulido, elegante, ben criado’.

A aparición de *Vireat* é totalmente anecdótica e seguramente o nome está tirado dalgún compendio histórico que aludise ao guerreiro lusitano.

Finalmente, outro personaxe forte, *Guenelet*, o traidor, é unha clara traslación do *Ganelón* traidor a Carlos Magno na súa desfeita de Roncesvales.

Materia de Bretaña

Resulta moi importante o eco da Materia de Bretaña¹⁰ na *Historia de Ponto* tanto nos contidos como nos propios procedementos narrativos. Limitándonos simplemente a un dos textos mais coñecidos do século XIII, *La mort le roi Artu* ¹¹, sinalaremos importantes coincidencias :

-a parella de heroes Artus¹²/Pontus e mais a opositora dos traidores Mordret/Guenelet, remarcadas as dúas co paralelismo fonético¹³.

¹⁰ Que como é sabido inclúe aventuras que terían sucedido na Bretaña (a insular) e mais na Pequena Bretaña (a continental).

¹¹ Anónimo: *A morte do rei Artur*. Tradución de Olalla García Martínez. Editorial Toxosoutos, Noia, 2011.

¹² Esta grafía, moi frecuente, é a que emprega Chrétien de Troyes.

-a carta falsa de Mordret á raíña Xenebra e a de Guenelet a Sidonia anunciando a morte de Artus e de Pontus respectivamente.

-o refuxio das dúas damas ameazadas nunha torre ante o asedio de Mordret e de Guenelet.

-a ocultación da súa identidade polos cabaleiros Lanzarote e Ponto nas xustas, presentándose con armas brancas¹⁴.

E, naturalmente, como no resto das novelas de cabalarías, coinciden tamén na utilización do combate como elemento probatorio da verdade, ese *xuízo de Deus* ao que se someten os cabaleiros. Por llo negar o rei de Bretaña a Ponto, e non querer este facer o xuramento que o deshonoraría, o mozo ten que buscar o abeiro do espazo artúrico da Brocelianda, que a través da xusta restablecerá o seu creto.

A nosa tradución

O tradutor ou tradutora non pode, ao noso ver, intervir libremente modificando e alterando ao seu gusto un texto. Non pode creerse o autor, a autora. Mesmo se é copartícipe dunha nova creación é fundamentalmente un transmisor. Con todo, debe ter a suficiente liberdade para –co maior siso– poder trasladar con fidelidade o texto a unha lingua diferente. Fidelidade que non consiste en ser escravo da rutina literal senón en fornecer un texto equivalente ao orixinal en significado e en poder de evocación, en mensaxe e en carga expresiva. Nós, coa maior prudencia, fixemos unha lixeira modificación estilística do texto orixinal porque esta tradución vai destinada a un público de diferente hábito lector ao primitivo. A oralidade que determinaba as características da composición medieval xa non é agora o modo de transmisión, polo que a tradución non pode repetir mecanicamente a forma asignada no contexto inicial. Por iso decidimos reducir discretamente as repeticións, quer de palabras, quer de construcións, de clichés ou de retrousos, en prol dunha maior fluidez e variedade, coa intención de fornecermos un texto equivalente.

As obras diríxense a un público contemporáneo da súa composición, polo que as traducións deben empregar tamén a linguaxe dos novos lectores, no noso caso un galego do século XXI, de seiscentos anos despois da data da súa escrita. Mais cómpre evitar palabras e construcións claramente denotativas dunha época

¹³ Xa sinalado no caso dos dous primeiros por Fernández Ocampo (*A esperanza bretona*, p. 121)

¹⁴ Noutra ocasión Lanzarote agáchase utilizando un escudo vermello, denotador de cabaleiros noveis. Estes detalles e o propio texto de *Ponto* fannos preferir a lectura *armas brancas* á de *bágoas brancas*. Tamén nos parece esclarecedora a afirmación de Robert Garnier: “*Un cabaleiro que desexaba, no decurso dunha xusta, conservar o anonimato, cubría cun veo branco as armas do seu escudo, que entón se denominaba sen coñecementos*”. (*Du Guesclin maquisard et connétable*. Tours, Mame, 1953. p. 22)

posterior a aquela na que transcorre a acción, pois iso remitiría nidiamente a un tempo discordante. E tampouco non se deben confundir os rexistros lingüísticos. A linguaxe do teatro cómico medieval, por exemplo, é moi diferente á da literatura cabaleiresca.

Pensamos que as traducións de textos antigos, como moitas bebidas ou manxares prezados, deben transmitirle ao público que as degusta o saíbo lixeiro e delicado do ambiente orixinal. Un recendo que nos fai retrotraer no tempo e entrar máis doadamente nese mundo pasado. Por iso empregamos, moi de cando en cando, algún trazo lingüístico de estadios anteriores ao actual; con xeitiño, sen distorsionar en absoluto a lectura senón reforzándoa.

O texto base que nós utilizamos foi o da magnífica edición crítica de Marie-Claude de Crécy. Seguímolo fielmente cunha única excepción no derradeiro capítulo e xustificamos alá a nosa opción nunha nota ao pé.

Unha observación final tocante á tradución dos nomes de persoas, lugares e países : nesta *Historia do nobre Ponto que foi rei de Galiza e de Bretaña*, temos adoptado os seguintes criterios :

- os nomes dos personaxes galegos adaptámoslos á nosa lingua (Ponto, Polido, Guenelete, etc.), igual que o da principal protagonista feminina, Sidonia.
- cando os nomes de persoas, lugares e países teñen unha forma moderna habitualmente utilizada, é esta a que empregamos e non a usada no texto medieval : Quimper en lugar de Quimpercorentin, Southampton en lugar de Hantonne, ou Canterbury en lugar de Corbière.
- cando os nomes teñen unha forma usual en galego na actualidade, é esta a que empregamos : Borgoña e non Bourgogne, Lorena e non Lorraine, etc.
- No resto dos casos utilizamos as formas e grafías da edición crítica, mesmo se discrepan dos usos franceses actuais, como Jehan, Roullant ou Regnault. O intento de « modernización » podería facer confundir nunha única forma distintas persoas, familias e lugares.

II.- Por que reis galegos ?

Que Galiza era coñecida no mundo medieval (no europeo, pois existía máis mundo) é ben sabido.

Grazas a Compostela e o apóstolo -« Santiago de Galiza », como era coñecido- o noso país « soaba » e aparece nos máis importantes autores da Idade Media en diferentes linguas: na *Divina Comedia* de Dante, nas poesías de Rutebeuf, nos *Contos de Canterbury* de Chaucer...

E en todo ese « noso mundo » Galiza era coñecida como un país propio e diferenciado –correspondente en liñas xerais coa antiga Gallaecia romana- distinto de España, que viña sendo a « terra de mouros ». Xa dende a alta Idade Media, Galiza constituírase como unidade política formando un dos primeiros reinos de Europa.

Con todo, a finais do século XIV xa non constituía un país independente. De aí que resulte sorprendente o que a un autor francés, nesa altura, se lle ocorrese escoller para protagonista o fillo do rei de Galiza, ao que caracterizará como dotado de toda perfección, modelo a imitar e « espello de príncipes ». Ponto será rei de Bretaña e da súa Galicia reconquistada. E, nova sorpresa, seu curmán, o tamén galego Polido, hase converter en rei de Inglaterra.

Ben certo é que a *Historia de Ponto* afirma expresamente que os galegos tiñan a primacía entre os cristiáns, mais a frase podería terse como unha sinxela hipérbole literaria. Nin a *Historia Karoli Magni et Rotholandi*, ou Crónica do Pseudo-Turpín, máxima exaltación de Compostela e moi popular dende o século XII en toda Europa, chega a tal punto pois limítase a considerar a sé apostólica galega a segunda despois de Roma.

Ao lermos a historia de Ponto, expresamente ou no subconsciente, facémonos a pregunta : Como é que foron pensar en reis de Galiza e en mozos galegos nobres para reis de tan importantes países ?

Porque, evidentemente, para unha obra pretendidamente realista, a proposta tiña que resultar verosímil, crible para o público receptor.

E a resposta é esta : porque Galiza, na derradeira metade do século XIV, estaba no primeiro plano da actualidade europea e tiñan lugar negociacións a alto nivel sobre o título de rei de Galiza.

Remontarémonos ás impresionantes e voluminosas crónicas dun historiador da época, testemuña de excepción do acontecer europeo durante todo o século XIV : Jean Froissart. Nelas está a resposta a esa nosa pregunta¹⁵.

Ao longo do século XIV e boa parte do XV, Europa vese ensumida na Guerra dos Cen Anos. Os dous bloques enfrontados están capitaneados por Francia e Inglaterra. Dominio territorial e conflitos dinásticos son os principais motivos. A Inglaterra do rei Eduardo III posuía dende o século XII un amplo territorio da fachada occidental da antiga Galia, nomeadamente a Güiena, Gascoña ou Aquitania, que Francia agora disputaba. Enfrontamentos noutros países determinarán alianzas e inclusións neses bloques. É o caso da guerra entre Portugal e Castela : Portugal terá un aliado fiel en Inglaterra e Castela en Francia. Por outra banda, a guerra de sucesión do ducado de Bretaña fai que o candidato máis forte se alíe con Inglaterra en canto que Francia apoia a outra opción sucesoria.

¹⁵ V. o noso traballo “ A emerxencia da figura do rei de Galiza na literatura francesa. O *Roman de Ponthus* á vista das *Crónicas* de Froissart”. Grial, nº 202, abril-xuño de 2014.

O rei Pedro I^o de Castela o Cruel é inicialmente aliado de Francia, coa que despois se enfronta, e, por influencia dos nobres galegos da casa de Castro, a dos condes de Lemos, vira as súas alianzas cara a Portugal e Inglaterra. Destronado polo seu irmán bastardo Henrique de Trastámara (Henrique II) refúxiase na Coruña en 1366 e pide axuda a Inglaterra, entrevistándose en Baiona da Gascoña con Eduardo de Woodstock, príncipe de Aquitania e fillo do rei de Inglaterra. O príncipe, co apoio de Eduardo III, implícase persoalmente e desembolsa grandes cantidades de diñeiro para levantar un exército que repoña a Pedro. E asínase un tratado polo que, entre outras cláusulas, Pedro promete que fará rei de Galiza ao fillo de Eduardo de Woodstock.

Recuperado o trono de Castela, Pedro incumpre o tratado e Inglaterra retira o seu apoio cun trágico final para o rei, que morre derrotado e asasinado nun episodio no que participan o seu medio irmán Henrique e o segundo xefe das tropas franco-casteláns, o bretón Bertrand Du Guesclin

Efectivamente, nesta guerra Francia implicárase a prol de Henrique II que gaña definitivamente a loita. Nese momento Du Guesclin, nomeado condestábel de Castela, acompaña en 1367 ao novo rei en diversas entradas en Galiza con guerreiros bretóns e franceses. Anos máis tarde os cidadáns de Pontevedra lembrarán con medo a súa estadía declarando, segundo Froissart: « *Cando monseñor Bertrán de Claiequin e os bretóns viñeron por primeira vez a estas terras, fixeron tanta pillaxe que nada nos deixaron* ».

Vai entón tomando corpo unha fronte luso-británica anticastelán, na que se implica unha parte da nobreza galega, maiormente a que se arraizara en Portugal. É moi posíbel que nesta estratexia houbese unha visión de unificación galegoportuguesa. O nobre Xoán de Andeiro vive na corte de Londres, alentando a intervención inglesa en reclamación do trono de Castela pois dous fillos de Eduardo III casaran con dúas fillas de Pedro o Cruel: Xoán de Gante, duque de Lancaster, con Constanza, e Edmundo, duque de Iorque, con Isabel.

A intervención ten finalmente lugar en 1386. Un importante exército británico desembarca na Coruña o 25 de xullo e vai conquistando o país, (Compostela, Ourense, Ribadavia, Pontevedra, Vigo, etc) que se rende sen gran resistencia malia os reforzos de cabaleiros franceses e bretóns nalgunhas prazas. O duque de Lancaster ven acompañado da súa dona e de dúas fillas. Consolida a alianza inglesa con Portugal casando a súa filla Filipa co rei portugués João I, que entra en Galiza coas súas tropas e toma Ferrol. Finalmente, cando as tropas luso-británicas entran en Castela, a peste fai grandes estragos obrigándoas á retirada. Despois, Lancaster asina a paz co rei de Castela e casa a súa outra filla, Catarina, co herdeiro do trono de Castela (o futuro Henrique III, o Doente). Curiosamente unha cláusula do Tratado de Baiona de Gascoña prevé que o novo matrimonio resida en Galiza até o momento de reinar e que o príncipe herdeiro da coroa de Castela ostente o título de Príncipe de Galiza. Nin unha cousa nin outra se chegan a cumprir pola mudanza de *Príncipe de Galiza* en *Príncipe de Asturias* realizada polas Cortes casteláns e o repentino pasamento do rei.

Debemos subliñar que a presenza galega na expedición británica revela unha conexión significativa na corte inglesa. Efectivamente, cando as tropas do duque de Lancaster chegan diante de Pontevedra, o seu mariscal recibe uns emisarios da cidade para pactaren as condicións de rendición, e, dinos Froissart : « *O mariscal tiña á súa beira un inglés que entendía moi ben a lingua galega e que lle dicía en inglés as palabras consonte llas ían expresando* ». E tamén resalta que antes de partir de Pontevedra, o mariscal « *designou oficiais en nome do duque de Lancaster, e nomeou capitán un galego, home de ben, que sempre estivera en Inglaterra con dona Constanza.* »

Durante estes dous anos Galiza estivo presente na actualidade europea : en primeiro lugar co seguimento directo feito polos exércitos en loita (por unha banda milleiros de ingleses, e pola outra milleiros de franceses, bretóns e *máis* xentes que reforzaban as tropas casteláns), en segundo lugar co seguimento das cortes directamente participantes na guerra e dos bloques aliados, e en terceiro lugar co espallamento que as novas das guerras acadaban mundo adiante.

Por iso *Galiza, rei de Galiza, príncipe de Galiza*, soábanlle a un sector do público europeo como algo relativamente próximo e cadraban perfectamente para denominar terras e protagonistas destacados dun libro de cabalaría que se reescribe nese momento.

III.- A sombra de Bertrand Du Guesclin

Ese Bertrand Du Guesclin (ou Claiequin, como era coñecido no seu tempo), relacionado con Galiza a propósito da guerra entre os reis de Castela Pedro o Cruel e Henrique de Trastámara, non está directamente presente na *Historia de Ponto*. Porén a súa sombra planea nidiamente enriba dela.

Bertrand Du Guesclin é moi controvertido na Bretaña e considerado, pola contra, heroe nacional en Francia.

Nacido perto de Dinan -cara a 1320- no seo dunha familia da pequena nobreza, cóntase que debido ao seu desfavorábel aspecto físico foi relegado polo seu pai, que non quixo aprenderlle a cabalaría. O rapaz rebélase, críase entre labregos e dá mostras dun carácter rudo e disputador. Foxe da casa, e aos dezasete anos triunfa anonimamente nun sonado torneo en Rennes que o fai célebre. Comeza daquela a participación de Bertrand nas guerras do seu país, Bretaña, e na Guerra dos Cen Anos, sempre apoiando a opción da monarquía francesa e como cabaleiro recoñecido. Triunfa en numerosas batallas fronte os ingleses e os inimigos de Francia e participa na guerra que enfronta Pedro o Cruel con Henrique polo que, ao vencer, este noméao condestábel de Castela. Tras o seu regreso, a carreira de vitorias continúa no territorio francés e o rei Carlos V noméao en 1370 condestábel de Francia. De novo intervén no seu país bretón, maiormente en 1378 para intentar impor a confiscación do ducado de Bretaña e

sometelo a París. Á súa morte, en 1380, o rei mándao enterrar na Basílica de Saint-Denis, onde xacen os monarcas franceses .

Dous momentos da vida de Du Guesclin reterán a nosa atención en relación co *Roman de Ponthus*: o torneo de Rennes e a loita de guerrilla contra os ingleses na foresta de Paimpont ou da Brocelianda.

En 1337 Bertrand ten prohibido participar no torneo de Rennes, mais ao renunciar un seu curmán, veste o equipamento. Alí vai vencendo, un a un, aos seus opoñentes (quinze di a tradición) ante un público que se pregunta intrigado pola identidade daquel cabaleiro sen blasón¹⁶, que leva cuberto por un veo branco o escudo prestado, un “escudo de armas brancas”, logo. Tócalle entón loitar contra o seu pai e négase. Ao final, outro cabaleiro, sen vencelo, fai saltar o seu helmo e Bertrand fica ao descuberto: o pai admírase e reconcíliase con el, e o público asistente, nobres e plebeus, comeza a tecer a lenda do heroe Du Guesclin.

Máis tarde, fronte ao candidato á sucesión do ducado da Bretaña apoiado por París, o outro pretendente, Jean de Montfort, alíase coa Inglaterra de Eduardo III e comeza a longa e cruenta guerra con Francia, a Guerra dos Cen Anos. Du Guesclin leva a cabo durante moito tempo unha guerra de guerrillas a partir do bosque de Paimpont –o bosque artúrico- provocando o pánico dos ingleses que o alcuman *O dogo negro da Brocelianda*. En efecto, a pel de Bertrand era anormalmente escura : a cita repetida polos cronistas na súa descrición de cando neno afirmaba que era “negra como a dun porco bravo”.

Estes dous sucesos biográficos de Du Guesclin teñen un eco certo no *roman*. Calumniado, Ponto parte en segredo da corte de Bretaña e acóchase na foresta de Brocelianda onde, convertido no *Cabaleiro Negro das Armas Brancas*, vai vencendo, un após outro, os cincuenta e dous cabaleiros que envía a se constituíren prisioneiros de Sidonia.

Regresaremos a Froissart – que seguíu de perto a traxectoria militar de Du Guesclin adicándolle numerosísimas páxinas- para pormos de manifesto outra interesante concomitancia. En 1390, nunha das súas viaxes, o cronista fala co cabaleiro bretón Guillaume d’Ancenis e aproveita para inquirir sobre feitos pasados. Nun determinado momento, cando Froissart pronuncia o apelido Claiequin, o seu interlocutor sorrí e explica que a forma correcta debера ser Glay-Aquin¹⁷. E conta a seguinte historia:

“No tempo no que reinaba o grande Carlos de Francia –que foi tan gran conquistador e tanto aumentou a santa cristiandade e a nobre coroa de Francia, e foi emperador de Roma, rei de Francia e da Alemaña, e xaz en Aix-la-Chapelle- [...] foi a España varias veces, e unha vez demorouse alí máis que as outras. Nunha estadía demorouse nove anos, sen partir nin regresar a Francia senón sempre a lles conquistar terras aos inimigos da fe.

¹⁶ Robert Garnier :*Du Guesclin maquisard et connétable*. Mame, Tours, 1953. Páx. 19 e ss.

¹⁷ *Chroniques*, tomo 12, p. 223 e ss.

Nese tempo había un moi poderoso rei sarraceno chamado Aquin, rei de Buxía e da Berbería, fronte a España e os seus arredores (porque o reino de España, despois de atravesar os Portos¹⁸ é asombrosamente grande pois España comprende todo o reino de Aragón, de Navarra, de Bizcaia, de Portugal, de Coímbra, de Lisboa, de Sevilla, de Toledo, de Córdoba e de León; antigamente o gran Carlos Magno conquistou todas esas terras e reinos). Durante esa estadía de Carlos Magno, o rei Aquin de Buxía e Berbería, reuniu en masa a súa xente e veu polo mar á Bretaña e chegou ao porto de Vannes. Trouxera con el a súa muller e os seus fillos e situouse coa súa xente arredor da vila, seguindo a conquistar moitas terras. Ben informado estaba o rei Carlos Magno do que acontecía na Bretaña, mais non quixo romper nin alterar a súa viaxe a España nin a súa empresa. E dicía: Deixádeo estarse en Bretaña, para nós vai ser pouca cousa liberar del e da súa xente o país despois de que teñamos ceibado as terras de aquén os montes e convertido todo para a fe cristiá.

O rei Aquin mandou facer á beira do mar, moi perto de Vannes, unha fermosa torre que chamaron Glay, e alí residía con pracer o rei. Ao que o rei Carlos Magno deu cumprido a súa viaxe e ceibado Galiza e España (con todas as terras comprendidas nela) e matado os reis sarracenos e botado fóra os infieis e reintegrado todo o territorio á fe cristiá, regresou á Bretaña e dispuxo o seu exército para o ataque. Tivo lugar unha forte e portentosa batalla contra o rei Aquin, e foron mortos e derrotados todos os reis sarracenos e as súas xentes –ou case totalmente– de xeito que o rei Aquin decidiu fuxir. Tiña o seu navío aparelado ao pé da torre de Glay e meteu dentro a súa muller e os seus fillos, mais correron tanto, a causa dos franceses que os perseguían, que o rei Aquin e a súa muller non tiveron tempo para coller un fillo pequeno dun ano que estaba a durmir naquela torre; botáronse ao mar e salváronse o rei, súa muller e seus fillos.

Así foi atopado na torre de Glay ese rapaciño, e foi levado a Carlos Magno, que moito se alegrou e quixo que fose bautizado. Foino, e na pía sostíñano Roland e Olivier e púxoselle ao neno o nome de Olivier. O emperador concedeulle bos herdos para gardar e gobernar, e todo o territorio que o seu pai, Aquin, conquistara na Bretaña. Cando ese rapaz chegou á idade de home foi un bo cabaleiro, sabio e valente, e a xente chamáballe Olivier de Glay-Aquin, porque fora atopado na torre de Glay e era fillo do rei infiel Aquin, que endexamais –nin el nin os seus homes– volveu ao país da Bretaña.”

Pagou a pena a longa cita pois tamén ao través dela vemos outra importante conexión entre Ponto e Du Guesclin.

Naturalmente, é obrigado aquí referírmonos de novo á historia de Carlos Magno e de Roldán cando libraron España e Galiza do dominio dos mouros, pretendidamente escrita polo bispo Turpín que os acompañaba. Esa historia foi incluída no *Liber Sancti Jacobi* ou “Códice Calixtino”, inspirado por Xelmírez. Sería á volta desta encomenda, feita en persoa polo apóstol Santiago aparecéndoselle nun soño, cando o emperador tería liberado tamén dos mouros a Bretaña¹⁹.

¹⁸ Saint-Jean de Pied de Port.

¹⁹ En agradecemento pola súa fe, o apóstol Santiago intervirá decisivamente –segundo o pseudo-Turpín– na salvación da alma de Carlos Magno. Un “galego sen cabeza” (Santiago decapitado)

E outra ligazón máis entre a historia de Ponto e Du Guesclin: Froissart recolle²⁰ como, en 1373, Du Guesclin toma o castelo de Suscinio (o dos duques de Bretaña, que no *Roman de Ponthus* é o castelo do rei Huguel) e mata todos os que estaban dentro.

Os nomes de Ponto e Du Guesclin evocan dous contrarios. Fronte a Du Guesclin, condestábel auténtico de Francia e instrumento do rei Carlos V para intentar apoderarse do ducado de Bretaña e incorporalo a Francia, Ponthus, condestábel da Bretaña na ficción literaria, representa a salvagarda da independencia bretoa pois “*gardaba os dereitos de Bretaña sen causar dano ningún*”.

Nun contrapunto branco á negrura do seu rival, Ponto perpetúa a memoria colectiva nun esplendor recuperado non só na ficción literaria senón na vida real, porque co remate do século XIV comeza “a época máis notábel da historia da Bretaña”²¹.

Historia que tamén inclúe Ponto e Du Guesclin, vivos e mesturados na lenda.

No bosque de Paimpont, aínda hoxe, unha faia, a faia de Ponto, testemuña o enfrontamento entre os dous cabaleiros na antiga Brocelianda²². Aparentemente, foi o negro o que triunfou sobre do branco: Du Guesclin arrasou o castelo de Ponto. Mais a fermosa historia do rei de Galiza e da Bretaña, espallada por toda Europa grazas a este relato, asegurou finalmente a vitoria da beleza, o amor, a bondade, a fidelidade e o ideal cabaleiresco sobre da fealdade, a guerra, a raposaría, o mercenariado e a forza bruta.



Armas dos reis de Galyce no Armorial Segar, de Inglaterra (c. 1282).
Escudo d'*hermine plain* adoptado polos duques de Bretaña a partir de 1316

coloca na balanza pedras e madeiras que formaran parte de tantas igrexas que o emperador fixera erguer, co que logra arrebatarlles a alma aos demos que querían levala para o Inferno, e entrégalla no Ceo ao Rei Supremo. (*Historia Turpini*. Liber Sancti Jacobi, lib. IV, cap. XXXII)

²⁰ *Chroniques*, tomo VIII, pp. 251-252)

²¹ Henri Waquet : *Histoire de la Bretagne*. Collection Que sais-je?. Presses Universitaires de France, 1964. Pax. 60.

²² Unha lenda une nesta árbore as dúas figuras contando que a faia foi plantada por Ponto no lugar onde estaba o seu castelo, arrasado por Du Guesclin

CAPÍTULO I

Vouvos contar unha nobre historia da que se poderá aprender moito ben e moito exemplo, porque os mozos deben ouvir e escoitar os bos feitos e ditos dos beneméritos devanceiros que no seu tempo tiveron moito proveito. E como lle aconteceron a un home asisado e leal moitas laceiras e mágoas.

Foi ao rei Tiber de Galiza.

Este rei tiña por esposa a irmá do rei de Aragón, dona de moi santa vida. Tiveron un fillo chamado Ponto, o rapaz máis garrido e máis xeitoso que se viu na súa época. O rei, seu pai, era home moi cabal, sinxelo e bondadoso.

Aconteceu naquel momento que en Oriente o sultán de Babilonia tiña gran poder en facenda e en armas. Decidiu el entón que dos seus catro fillos o máis vello había levar o seu imperio, e díxolles aos outros tres :

- Benqueridos fillos, non agardedes ningún dos meus herdos. Dispoño e ordeno que cada un de vós teñades trinta mil soldados que eu vos hei pagar e manter de aquí a tres anos. Habedes ter navíos e todo o que vos faga falta, e cada un de vós irá á aventura conquistar terras e reinos dos cristiáns. E aquel que mellor o faga e conquiste máis, e máis engrandeza a lei de Mahoma, será o mellor acollido e o máis querido por min, e heille dar o máximo dos meus bens e das miñas riquezas. Hei ver quen cumpre mellor e máis conquista.

Así lles ordenou o sultán aos seus tres fillos devanditos, e forneceulles guerreiros, besteiros, navíos e todo o que precisaban para loitar contra a cristiandade.

Quixo a Fortuna que un dos tres fillos do sultán, levado o seu navío polo vento nunha gran treboada, pasase rentes de España e en Galiza arribou rentes da Coruña. Nunha baleeira tomou terra e colleu algunha xente da ribeira. De que a tivo, preguntou quen era o rei dese país e respondéronlle que estaba no reino de Galiza e que o rei Tiber era o seu rei. Daquela mandou zarpar o navío, como se quixese arredarse do país, e colleu doce naves e mandounas ao porto da Coruña, encargándolles que fixesen coma quen que eran vendedores de especias e de tecidos de ouro e de seda e deixasen á noite deitados dentro da cidade corenta homes armados con cotas de malla por baixo da roupa. E que cara ao mencer fosen á muralla da cidade, contra o mar, tomasen a porta e a muralla e axudasen a escalar e subir á cidade.

Fíxose como el indicou.

Chegaron as doce naves ou barcos e fixeron coma quen que eran mercadores e venderon especias e tecidos de Almería facendo moita feira. E despois os corenta mercadores deitáronse dentro da cidade, o máis pertiño que puideron da porta, e mandaron preparar de comer, convidando a cear con eles os seus hospedeiros, que non sospeitaban ruín engano ningún. Logo de teren desfrutado abondo fóronse deitar e déronse punto enriba da porta e da garda ao

alborecer. Des que raiou o día fóronse espaxer a carón da porta e polo arredor e trazaron o seu plan. Cando chegou a hora subiron riba da muralla, e nese momento veu a pé dela o fillo do sultán, chamado Brodás, con numerosas escalas. E uns subían enriba e sobre da muralla tiraban doutros cara a eles, tantos que en pouco tempo estiveron alá máis de mil.



Apoderáronse da porta e da cidade sen oposición, facendo nela moito mal, e asaltaron o castelo no que estaba o rei Tiber e tomárono pola forza. O rei defendeuse vigorosamente o mellor que puido e non quixo renderse, resultando morto alí mesmo, polo que houbo grande dó. A raíña saíu por unha poterna, só cuberta cun manto, e fuxiu cara aos ermos. E saíu un grupo de catorce rapaces –co fillo do rei– e mais un capelán vedraño que os educaba; este levounos e agachounos todos nun vello penedra, cabo dunha horta. E alá estiveron dous días sen beber e sen comer. O crego ancián, chamado don Denís, tiña tanto medo que cando os rapaces querían saír fóra da cova púñase de diante deles e dicíalles :

- Non saíades nadiña se non queredes morrer.

Retívoos así dous días, mais ao terceiro Ponto díxolle :

-Mestre, é mellor morrermos de espada que de fame porque deste xeito nós habiamos ser a causa da nosa morte, homicidas de nós mesmos, e saíndo á aventura podemos atopar remedio.

O crego dicía que el quería mellor morrer de fame que caír nas mans daqueles, e tremía co medo.

Ao cabo, Ponto saíu fóra da cova, el e seu curmán Polido, e foron avistados e levados ao rei Brodás, que xa se facía chamar rei do país. Cando o rei viu os catorce rapaces tan extraordinariamente garridos preguntou quen eran. E Ponto respondeu que eran rapaces que o rei alimentaba por amor de Deus e para que o servisen cando fosen grandes.

- Servilo de que maneira ? –preguntou Brodás.

- Señor –dixo Ponto- uns terían gobernado os lebreis e as cazatas do rei, outros os azores, falcóns e abutres, e os outros outros oficios en salas e cuartos.

- E como é que el vestía os seus servidores tan nobremente como vós estades? – preguntou o rei Brodás- Semellades fillos de grandes señores polo porte que vos vexo.

- Señor –dixo Ponto- non somos senón fillos de vasalos e de pequenos fidalgos.

- Vállame Mahoma ! Non sei quen vós sodes, mais en garridez e ben falar non fallastes. Cómpre que abandonedes a vosa lei, que non val nada, e adoptedes a de Mahoma ; heivos beneficiar grandemente, mais se non o queredes facer heivos matar de ruín morte. Escollede cal das dúas cousas queredes.

- De certo que podedes ordenar a morte ao voso pracer –respondeu Ponto- mais abandonar a nosa lei pola de Mahoma non o habemos facer nunca, mellor morrer.

- Non ? –dixo o rei- Nesas estades, logo !

E dixo que habían morrer de ruín morte.

Entón adiantouse un cabaleiro cristián, moi querido polo rei e que adoptara a lei deles por medo da morte mais seguía levando a Xesucristo no corazón, e dixo :

- Señor, eu encárgome de vos librar deles. Se non queren crer en Mahoma, eu tratareinos de tal xeito que endexamais han facer dano á nosa lei.

- Facede á vosa vontade, dóuvolos para que os gobernades.

Daquela coidaron Ponto e os outros seren mortos, mais Deus remediouno. O cabaleiro conduciunos á súa morada e púxoos ben a proba diante dos sarracenos. Logo levounos a un cuarto e mandou retirarse aos seus servidores. Alí díxolles para comprobalo :

- Cómpre que creades en Mahoma, ou sodes mortos.

Eles reponderon que endexamais habían crer, que querían mellor morrer. E cando os viu firmes tivo grande ledicia e preguntoulles se cearan esa noite. Eles

respondéronlle que había tres días que non comeran. Entón deulles de comer e de beber, pois tiñan moitísima fame.

- Ai ! –dixeron algúns- E por que comemos se nos van matar ?

- Ei ! –dixo Ponto- A graza de Deus ten moitos remedios. Se a El lle aprace morreremos, se a El lle aprace viviremos, segundo a súa vontade. Teñamos esperanza nel e El hanos salvar.

Comeron, logo, e pregáronlle a Noso Señor que tivese piedade. O cabaleiro ouviu o que Ponto dixo e prezouno grandemente, dicíndose para o seu corazón que moita mágoa sería que tais rapaces morresen, pois eran portentosamente garridos e de sabia fala.

Foise de onda eles e procurou un barco, no que fixo meter víveres para un mes. E no outro día, ben cediño, levou os rapaces á nave e fíxoos entrar, e meteu tamén con eles un mariñeiro cristián que estaba preso e mandoulle que se agachase debaixo do pañol cos víveres. Ao que os rapaces estiveron dentro do navío fixo izar a vela e a nave partiu mar a fóra. Saíu daquela o mariñeiro de baixo do pañol e colleu o temón, preguntándolles onde querían ir. Ponto dixo :

- Benquerido amigo pois que Deus te enviou a nós, grazas lle sexan dadas. Lévanos á terra de Francia.

El respondeulles que tal ía facer, e que non perdesen a arela pois levaban víveres para un mes ; e contoulles como o cabaleiro lle mandara que pola noite se metese na nave el e mais os víveres.

Entón dixo Ponto :

- Meus señores, axeonlládevos e deamos grazas a Deus por tanto ben que nos ten feito. E preguémoslle que todo se faga segundo a Súa vontade.

Fixérono os rapaces e estiveron día e noite cos cóbados e os xeonllos fincados dicindo devotamente os seus rezos, sen teren máis fianza ca en Deus.

Deixemos os catorce rapaces e falemos do cabaleiro que os metera no navío.



CAPÍTULO II

O cabaleiro, chamado Patricio, díxolle ao rei que acababa de se vingar dos rapaces por non quererem crer en Mahoma.

- Como ? –preguntou o rei- Que fixestes con eles ?

- Señor –dixo o cabaleiro- endexamais vos han facer dano, porque os metín nun barco vello todo furado, sen víveres ningún, e mandei izar a vela que os leva mar a fóra para que nunca teñades novas deles.

-Ben o eu quixera –dixo o rei- porque esta noite soñei que vía os catorce rapaces nun bosque, e o garrido rapaz que me falou convertíase nun león e devorábame e feríame tan gravemente que eu morría, segundo me parecía. Moito estarrecín.

- Ah, non é máis ca un soño –díxolle o cabaleiro- Diso estades salvo.

- Talmente sexa ! –dixo o rei.

Entón o cabaleiro dixo :

- Débovos aconsellar lealmente por Mahoma, polo que vos recomendo que non se faga morrer ninguén non sendo se el se resiste, porque tedes feito boa conquista. Este é o país máis belido e máis vizoso que existe e o que matase o pobo deixaría as terras á bouza ; ben se di que tanto ten muíño que non moe como forno que non coce. Deixái que cadaquén crea a lei que queira, mais que todas as fortalezas e vilas que non vos queiran obedecer e pagar tributo sexan destruídas. Deixái os outros vivir e traballar e habedes ser tan rico como queirades ; sede señor das torres, e dos ricos que están prisioneiros e poidan pagar rescate collei o diñeiro e atraeinos á nosa lei de Mahoma indo ás boas.

Daquela dixo o rei :

- Por Mahoma, aconselládesme lealmente. Ide en procura dos prisioneiros, e aqueles que queiran crer na nosa lei han ser benqueridos por nós e habémoslles dar do noso, e os que non queiran, que sexan tributarios e servos e nos paguen dereitos en proporción ao seu poder. Encomendámosvos o goberno todo da nosa lei.

E así o cabaleiro foi gobernador máximo da súa lei e dos asuntos do país e dos prisioneiros. E como non pretendía senón salvar o pobo cristián co seu poder, foi por todas as bisbarras buscar prisioneiros, e púñalles rescate lixeiro segundo o que atopaba en cadaquén. No medio deles atopou o irmán do rei de Galiza, o conde de Asturias, que estaba ferido con dúas chagas, mais non eran mortais. Amosáronllo, e cando o cabaleiro o recoñeceu, colleuno e levouno á parte nun cuarto, eles dous sós, e díxolle :

- Señor, vós sodes irmán do rei e eu ben sei que desexariades grandemente salvar o país e o pobo que sofre gran cativerio e gran servidume en tanto Xesucristo non o socorre. Dígovos abofé, en segredo, para o voso consello, que todo o mellor remedio que eu poida levar a cabo heino levar.

Entón o conde púxose moi ledó ao lle sentir mentar o nome de Xesucristo e dicir que quería o ben dos cristiáns, e díxolle salaíndo :

- Meu doce amo, non sei se dicides estas palabras para me probardes, mais se a Deus prouguera que o voso corazón o quixese como a boca o fala, eu había dar grazas a Noso Señor.

Daquela o cabaleiro contoulle todo o que fixera e como fora preso na batalla e, para escapar da morte e valer aos cristiáns todos, finxira ser sarraceno levando o seu símbolo mais o seu corazón seguía a ser de Xesucristo. Relatoulle como salvara os catorce rapaces e como fixera co rei, e que ninguén había xa ser pasado pola espada e cadaquén había manter a súa lei e render tributo e servidume a aquel – facendo isto en tanto Deus quixese pór remedio- e como fora encargado de rescatar os prisioneiros.

Entón o conde axeonllouse e deulle grazas a Deus chorando. O cabaleiro ergueuno e abrazáronse e bicáronse chorando e agradecendo a Xesucristo. Ao que tiveron chorado longamente -pois dicían que Deus os xuntara para faceren ben ao pobo que ía camiño de ser morto e destruído- dixo Patricio :

-Penso, logo, meu señor, que Deus ha ter máis unha vez piedade do país e do seu pobo. Para termos ocasión de falar entre nós e dispor o ben do pobo cristián, convén que coma min finxades facervos sarraceno ; eu ireillo dicir ao rei e ha ter gran ledicia. E, se a Deus aprace, habemos tomar disposicións proveitosas para acadar a misericordia divina. Dime o corazón que os rapaces que salvei han volver erguer este país. Tamén o mesmo rei me contou que tivera ese soño.

Daquela contoulle o dos catorce rapaces e como o máis grande se convertía en león e o devoraba.

- Ai ! –dixo o conde- Moito alegrades o meu pobre corazón, porque neles están meu sobriño e meu fillo, que Deus guíe como o meu corazón desexaría.

Entón xuraron mantérense sempre xuntos na prosperidade e aturaren a adversidade, e bicáronse en alianza de amor. Tal decidiron os dous tocante á vida e ao ben común.

E despois, Patricio foise cabo do rei e díxolle :

-Meu señor, ben debedes agradecerlle a Mahoma a súa graza, pois eu convertín o corazón do irmán do rei deste país, o conde de Asturias. Vaise facer da nosa lei, e pouco a pouco el e mais eu farémola medrar e faremos que teñades os tributos e a facenda destas terras. El e eu habemos cabalgar ás vilas e habemos

falar cos habitantes e os nobres, e os que queiran obedecer han ter a vosa mercé e os outros han ser castigados.

O rei púxose moi ledó e mandou ir xunto del o irmán de Tiber e fixeron alianza. O rei cabalgou ás vilas e fortalezas con ben trinta mil soldados que ateigaban o país. Finalmente, todo o país foi tributario e pagou rendas ao rei. Houbo moitos portentos e laceiras que serían longos de máis para contar. Pásoos para abreviar esta cuestión e deixo o rei, que reinou arredor de quince anos como por vinganza divina. E despois o país veuse limpo desa fe ruín, como habedes ver máis en diante neste libro.

Volvamos aos rapaces que estaban no mar con gran medo polas súas vidas.

CAPÍTULO III

Mais Fortuna, que é ben asombrosa, levounos cara á parte da Armórica, a Pequena Bretaña. O vento forte e a treboada fíxoos chegar coa vela e o pau rompido á costa de Suscinio²³, a carón da foresta, onde había un mosteiro e un penedál. Alí se esfragou o barco nos rochedos, mais Deus salvounos pois a cuberta ficou entre dous cons e gabeando por ela subiron todos na rocha. Cando se viron enriba e tan perto de terra xuntaron as mans cara ao ceo e déronlle as grazas a Noso Señor Xesucristo e pregáronlle de corazón. E Deus, que non esqueceu o clamor dos seus servos e amigos, escoitou a voz dos rapaces e envioulles rápido socorro, como ides ouvir.

Naquel tempo reinaba na Bretaña o rei Huguel²⁴, home asisado e leal, mais velleiro e idoso, que por toda descendencia tiña unha filla, da irmá do duque de Normandía. A nai estaba gotosa e non se daba movido en por ela. A filla era a mais belida, a máis doce e a máis delicada que atopar se puidese en país ningún, e todo eran louvanzas na súa honra.

Aconteceu que Herlant, senescal²⁵ da Bretaña, moi bo e leal cabaleiro, gobernador do país todo, andaba ese día a cazar na foresta de Suscinio e, como por ventura, un cervo veu beira da auga por diante do penedo onde estaban os rapaces. Herlant mirou e viunos, e foise alá e preguntoulles quen eran, e eles respondéronlle que eran os Aventurados. Entón, o senescal finca a espora e vai cara a eles pois o mar xa se retirara, aínda que lles chegaba aos cabalos ata o ventre. Fíxoos montar atrás del e dos seus cabaleiros e escudeiros e levounos á terra seca. Alá preguntoulles de onde eran e eles responderon que eran do reino de Galiza. E dixo un que lle chamaban Vireato:

- Señor, velaí Ponto, que é fillo do rei de Galiza, e mais o seu curmán Polido, e os outros son fillos dos baróns de Galiza.

E cando ouvíu que era fillo do rei de Galiza, Herlant fíxolle moitas atencións e moita honra e conversou con el. Ponto, que era axuizado, respondíalle con moito siso e contoulle como Brodás, o fillo do sultán, desembarcara na Coruña, matara a seu pai e se apoderara do país, e como a eles os meteran nunha nave e todo o que acontecera. Cando o senescal ouvíu a mágoa do reino e país de Galiza doeuse moito do rei e do país do que tais xentes teñen a primacía entre os cristiáns. Fixo que montasen nas cabalgaduras detrás dos seus, fornecéndolles a Ponto e ao seu curmán cadanseu cabalo, e levounos a Vannes diante do rei, que alá estaba.

Cando o rei os viu e ouvíu todo sobre a morte do rei de Galiza e a desfeita do país, chorou e tivo gran dó porque amaba extraordinariamente ao rei. E dicía que

²³ En Suscinio construíron un castelo os duques de Bretaña a finais do século XIII. O castelo degradouse extraordinariamente ao longo do tempo, mais a finais do século XX o Conseil Général du Morbihan –organismo público equivalente a unha diputación provincial- adquiriuno e comezou a súa reconstrución. Suscinio é hoxe un fermoso castelo coa súa forma primitiva.

²⁴ Varios duques de Bretaña levaron o nome de Hoël nos séculos X, XI e XII.

²⁵ Alto responsábel da corte.

este lle fixera moitas veces benfeitos e honras nas partes de España onde estivera en guerra contra os sarracenos en compañía do rei de Francia.

- E ben vos digo –dixo o rei- que é unha grandísima perda para toda a cristiandade, pois o rei era un cabaleiro extraordinariamente bo e garrido e moi amado polo país. E nós, os bretóns, temos máis grande perda que as outras nacións porque enviamos as nosas mercadorías en troco dos seus viños. Perdimos moito máis do que se cre. Queira Deus, pola súa graza, liberar o país desa falsa lei! E, pois que Deus me fixo o ben de ter o fillo do rei e os dos baróns, a El vai a miña gratitude porque os hei facer manter e educar como os meus propios fillos.

Entón chamou polo senescal e entregoulle a Ponto; e a cada un dos nobres do seu país envioulles un, separándoos por tres anos, prazo que puxo para que llos devolvesen. E rogoulle a cada un que lles aprendese sobre bosques e ríos, xadrez e xogos de taboleiros, dicíndolles que había estar moi agradecido a aquel que mellor os ensinara. E así os distribuíu como ouvistes.

Partiron os catorce rapaces ás casas dos nobres de Bretaña, e Herlant foise e gobernou a Ponto e aprendeulle os gozos todos da caza e da falcoaría e de toda sorte de xogos de taboleiros, xadrez e outros leceres. Moi grande foi a sona por toda a Bretaña da grande garrideza, siso, bo goberno e cortesía de Ponto. Todos, perto e lonxe, falaron diso.

Por riba das outras cousas el amaba a Deus e á Igrexa, e o primeiro que facía cando se erguía era lavar as mans, rezar as súas oracións e ouvir misa moi devotamente. Endexamais comeu nin fixo cousa, fose o que fose, en canto non tiña rezado enteiriñas as súas oracións. Daba do que tiña en segredo aos pobres e nunca un xuramento botou; o seu xuramento era: “De certo!”, ou “Deus me asista!”, “Évos así!”.

Se xogaba á pelota ou a calquera outro xogo que fose, estaba tan ledor cando perdía como cando gañaba. Se lle facían engano, expuña en dúas ou tres frases que estaban a lle facer engano, sen nunca rifar nin se alporizar. Perdía do seu dereito, mais dicía:

- Non vos afagades a facer isto, porque antes eu deixaría o xogo que pórme a rifar convosco.

Ninguén podía anoxarse con el, tan doces falas tiña, sempre contente e souril. Nunca gustou de home bulreiro, e se lle falaban de defectos dalgunha dona ou doncela, dun nobre ou dun eclesiástico, rompía a conversa dicindo:

- Non debemos crer todo canto sentimos dicir. Algúns dixéronvolo sen saberen nada, só porque o ouviran, e non todo o que se conta ten que ser verdade.

E deste xeito desculpaba todos os comportamentos nobres.

E a maiores, ninguén máis doce, máis humilde nin máis cortés ca el se daría atopado, pois ninguén tiraba tan axiña o seu chapeu como el tiraba o seu. Saudaba

a pequenos e a grandes con humildade e facíase querer pola súa gran cortesía. Non xogaba a ningún xogo de mancar nin facía brincadeiras inconvenientes ou desagradabeis.

Que vos hei dicir?

Era o mellor dotado e o máis agraciado que atopar se puidese, e ademáis era o máis garrido e mellor formado, pois era grande e groso de peito e de lombo e grácil de van; e os seus ombreiros, brazos, coxas e pernas semellaban feitos á perfección. Tiña a face branca amorenada, a ollada humilde, a boca vermella e o nariz dereito. Semellaba un anxo, pois canto mais o mirabades máis vos apracía miralo.

Que vos hei dicir?

Só se falaba del en todas as partes. Tanto que as falas chegaron á corte, e a belida Sidonia, filla do rei, sentíu as palabras sobre a garrideza e bos costumes de Ponto. E tanto ouvíu que tivo moito desexo de o ver, tremía toda e rogáballe a Deus podelo ver decontadiño. Sidonia era a máis belida doncela que houbese no reino de Francia e no de Bretaña, a máis doce e a máis delicada, a que mellor coñecía a súa condición e a súa conduta entre toda caste de xente.

Decorron os tres anos e o rei mandou facer festa maior en Vannes, por Pentecoste, e envioulles aos catorce rapaces vestiduras de gala, todas iguais, e mandoulles recado de que viñesen a ela. Cada un dos baróns levou o seu. Herlant levou a Ponto e o señor de Laval a Polido, o seu curmán, que era o máis garrido e agradábel de todos non sendo Ponto. Cando chegou Ponto todos o miraron e louvaron. E cando o rei o viu, non fai falta preguntar se lle fixo moito agasallo. Díxolle que fose benchegado e que Deus lle outorgase tanto ben e honra como el quería, e pediulle que servise de beber na festa. O rei gobernou a dos nobres e dos cabaleiros a un lado, e a súa filla a das damas no outro. Magnífica foi a festa e a ledicia dos extraordinarios divertimentos.

Sidonia, que ouviu as grandes louvanzas da garrideza e sabencia de Ponto, matinaba día e noite en ver o que tanto degoraba, e non sabía nin ousaba o xeito de cumprir o seu degoro, con honra súa, por medo á rexouba. Mais ao cabo, tras moito matinar, mandou na procura de Herlant, o senescal, e cando chegou deulle un fermoso palafrén e un falcón extraordinariamente bonito e rápido e fíxolle moi gran recibimento. Herlant asombrábase de tan boa acollida que ela lle facía e sospeitou que quería algo.

Despois Sidonia díxolle dende lonxe:

- Senescal, meu benquerido amigo, temos que comprobar a vosa crianza: dis que Ponto está moi ben aprendido e é moi sabio, rógovos que este serán o traiades para velo e veñades con el, pois dinme que canta e danza ben. Quixeramos ouvi-lo cantar e velo danzar.

-Miña señora –dixo o senescal- por Deus que o hei facer vir, pois que vos aprace.

- Veremos, logo –dixo ela- se é certo o que contan del.

O senescal pediu licenza e partiu. Como era cabaleiro sabio, sospeitou que a boa acollida e os seus presentes eran por mor de Ponto e púxose todo caviloso polo que había facer. Dixo para si:

- Vállame Santa María! Se levo a Ponto, é tan garrido que esta muller poderá namorarse tanto del que non ha querer aceptar outro. Ou poderá terlle tanto amor que se ha acabar sabendo e ela levar reproches e el resultar perdido polas envexas.

Non sabía o que facer e pensouno e repensouno moito o cabaleiro. Finalmente decidiu que non había levar a Ponto senón ao seu curmán no canto del por varios temores, pois tiña medo de que se derivase algún prexuízo para o rei. Regresou, logo traendo a Polido.

Sidonia volveu para o seu roupeiro²⁶. Tiña unha doncela chamada Elíos á que quería e na que fiaba máis que noutra ningunha, e á que lle dixeran xa o gran degoro que tiña de ver o garrido Ponto, do que toda a xente falaba. Había alí unha xaneliña pola que sempre alucaba, pois el debía vir por esa banda. E quer miraba por esa xanela, quer collía o seu espello e chamaba por Elíos, para ver se estaba ben enfeitada ou lle faltaba algo. Finalmente, tanto agardaron, que viron achegarse o senescal e mais Polido, que era moi garrido. Baixou á súa sala e fíxolle moitos cumprimentos colléndoo pola man e queréndoo sentar cabo dela. E díxolle Polido:

- Miña señora, non hei sentar cabo de vós, que non é razón.

- De certo que si é, vós sodes fillo de rei: como que non é razón?

- Con todo respecto, miña señora –díxolle el- Non o son.

- Non sodes fillo do rei de Galiza?

- Non, miña señora, son o seu curmán.

- Ah! –dixo ela- Pois eu coidábao.

Puxo a mellor cara que puido, mais estaba moi irada pois pareceulle que fixeraran bulra dela. Chamou o senescal ao seu carón e díxolle:

- Ai, senescal, fixestes bulra de min.

- Como, miña señora?

- Debiadesme traer o fillo do rei de Galiza e trouxéstesme o seu curmán. Por que o fixestes? Que é o que pensades? Tedesme por tan parva?

²⁶ Cuarto no que, en armarios e arcóns, se gardaba a roupa e adovós.

O cabaleiro axeonllouse:

-Ai, señora, perdón, por Deus! Non vos anoxedes, porque abofé que eu só pensaba ben de vós, mais non o podía traer nese momento pois el estaba a servir ao rei.

-Pois daquela –dixo Sidonia- esperarades e non trouxerades outro por el. Vós desconfiades de min, mais sabéi que non son tan nova que non garde ben a miña honra, ningún o dubide.

- Miña señora –dixo o senescal- ben o eu penso, mais teño medo de que o voso señor pai, que tanto vos quere, se lle poñerdes vós un pouco mellor cara a un deles ca aos outros, fose sofrer a envexa destes e algún mal lle puidese acontecer. A xente é tan alpurneira que alá onde vós non pensariades senón ben e honra, ela observaría cousa diferente.

- Ai, senescal! –dixo ela- Non teñades dúbida ningunha, porque mellor quixera eu estar morta antes de que ningún puidese reprocharme cousa ningunha tocante á miña honra. Estái completamente seguro.

-Miña señora, que Deus o queira, porque eu había estar máis contente ca no caso de calquera outra muller! E, pois que me asegurades iso, vóuvolo traer.

- Facéi o favor !–dixo ela- Non vos demoredes.

O senescal partiu e foino buscar.

Sidonia subiu ao seu roupeiro onde había unha seteira que daba á banda da que Ponto tiña que vir. Estaban só ela e mais Elios, a súa máis querida doncela. Sidonia dixo:

-Elios, daime o meu espello, e mirái se me falta algún adobío.

- Por Deus, miña señora, estades moi ben,

- Ollái, logo, se ven.

Elios ía a cada pouco ollar se Ponto viña, e sempre unha das dúas estaba na seteira a agardar a chegada do que tanto desexaba. Ao cabo veu Elios correndo:

-Miña señora, miña señora! Velaquí está o máis garrido do mundo!

E Sidonia sobresaltouse toda e foi correndo para aquel lado, e veos vir, el e o senescal. Ao que o viu tan garrido ficou toda maravillada. E cando deu falado, dixo:

-Ai, Elios, miña amiga, paréceme extraordinariamente garrido.

E Elios díxolle:

- Non é un home, é un anxo. Nunca máis fermosa criatura humana eu vin. Deus formouno coa súa propia man.

-A fe, doce amiga, dicides a pura verdade. Tamén o eu creo.

Sidonia estaba xa toda prendada de amor por el.

Entón desceu á sala de recepción coas súas donas e doncelas.

Non demorou moito en entrar Ponto co senescal. Adiantouse e inclinouse todo, saudando a Sidonia e ao seu séquito. Ela cólleo pola man querendo que sente nun parladoiro cabo dela, porén Ponto, facendo moita cortesía, dixo:

-Señora, non é razón que eu sente no voso escano.

Mais ela respondeulle:

-Por que me facedes tanta cortesía? Seica non sodes fillo de rei, coma min?

-Ai, miña señora, non é igual: vós sodes filla dun grande e poderoso rei, en canto que eu son fillo dun rei desherdado e non teño nada, fóra a benevolencia de voso señor pai que tanto fixo por min.

-Ai, Ponto, deixái esas falas, porque non foi por mal que Deus vos fixo do xeito que a natureza amosa. Sodes digno de ter máis riqueza e honra das que endexamais tivo voso pai. Deus volo conceda!

-Miña señora, eu non son quen de ver ese camiño, mais todo está na misericordia de Deus.

- Sentái, ordénovolo.

Sentouse un pouco máis embaixo e ela díxolles ás damas:

-Distraí, por favor, ao senescal e comprobái se esqueceu o canto.

- Miña señora –dixo este- non podo esquecer nada.

E puxéronse a cantar e a bailar moi ledamente. Sidonia, que moito desexaba falar con Ponto, conversa de diversos asuntos e atópao extraordinariamente sabio para a súa idade. E, entre outras cousas, dille:

- Ponto, vós estivestes en Bretaña moito tempo sen nos vir ver.

-Señora, estou en gobernanza, teño que obedecer.

-É razón –dixo ela- mais o que vos pregunto é: Tiñades desexo de nos vir ver a nós e ás damas que aquí están?

-Tiña, de certo, miña señora –dixo el- pois é nobre compañía.

- E seriades de grado o cabaleiro dalgunha dona ou doncela cando chegue o momento?

- Miña señora, non, porque o servizo que lle eu faría sería moi cativo.

- Ponto, cos meus respectos, sodes de boa nacencia e ben labrado para servirdes á doncela máis grande e garrida de Bretaña.

Houbo, daquela, entre eles moi boas falas, tanto que Sidonia lle dixo :

- Ponto, cando entredes na condición da cabalaría, quero que vos teñades por cabaleiro meu. E cando eu escoite que facedes algún ben, terei moita ledicia ao sentilo dicir.

- Miña señora, agradézovolo grandemente, Deus me conceda facer algún ben que sexa do voso agrado e do das vosas damas todas, mais estou escasamente tallado para iso pois os feitos dun home pobre son pouca cousa.

Dixo ela:

-Vouvos dicir, pois quero que o saibades, a moita lei que vos hei ter cando sexades cabaleiro meu, porque se facedes máis ca ningún dos meus outros cabaleiros heivos ter polo máis prezado, e non vos ha faltar cousa que eu teña. Quixera, logo, que xurarades servirme por enriba de todas con honra. E non dubidedes que penso iso só por ben.

-Ah, miña señora- dixo Ponto- Agradézovos todo canto podo esta grande honra que me ofrecedes. Deus me conceda merecela!

- Direivos –dixo Sidonia- que vos hei amar como meu cabaleiro que habedes ser, de tal xeito que se me decatase de que pensarades algunha ruindade, endexamais vos volvería amar.

- Miña señora, antes queredría eu estar morto ca pensar cousa que non fose na vosa honra e do voso señor pai.

- Prometédesmo, logo, como fillo de rei?

- Prometo tal, miña señora, a fe!

Deulle ela un anel de diamante:

- Ides levar este anel -dixo- por amor de min.

- Miña señora, agradézovolo moito.

Colleuno Ponto e púxoo no dedo. E despois, Sidonia levouno ao baile e rogoulle que cantase unha canción, e el cumpríu a súa orde como se estivese xa prendado de amor por ela. Cantou unha canción maravillosamente e docemente. E foi observado polas donas e doncelas que moito o prezaban e desexaban cada unha no seu corazón dicindo que ben honor había ter aquela que el se dignase amar.

E despois de teren bailado. Sidonia mandou traer viño e confeitados e deulle ao senescal unha copa de ouro chea dicíndolle:

- Senescal, douvos da miña man a copa e o viño.

E o senescal agradeceullo, e tras estaren ben de lecer, dixo:

-Miña señora, ídesnos conceder licenza par irmos ver o voso señor pai.

Ela concedéullela e rogoulle ao senescal que viñesen vela adoito, ao que el respondeu que talmente farían. Sidonia e Ponto fitáronse amorosamente ao se separaren. Sidonia mantíñase o máis a cuberto que podía, e cando eles estiveron afastados preguntoulles ás damas:

- Que dicides de Ponto?

Non houbo entre elas ningunha que non o louvase extraordinariamente, e algunhas dicían:

-Ai, por Deus, moi feliz habería ser a dama que tivese tal amigo! Poderá con razón dicir que terá a flor e o máis garrido do mundo!

Así louvaban as damas a Ponto, e a Sidonia prestáballe moito ouvido, mais non ousaba dicir cousa ningunha non sendo que “é bastante garrido, mais aínda non se sabe no que ficará. Por iso non debe ser aínda louvado en exceso”. Dicía iso contra o seu corazón, só para desviar os falares. A festa, grande e completa, durou tres días e houbo xustas e moitos xogos prodixiosos.

Chegaron noticias asombrosas, pois viñeron mensaxeiros anunciando que os sarracenos desceran cara a Brest e baixaran á terra, e que eran máis de vinte mil. A corte conturbouse toda, non preguntedes se alguén non puña má cara. Ao mediodía apareceu un cabaleiro e dous escudeiros sarracenos cunha mensaxe de Karadás, o fillo do sultán. Este era un dos tres irmáns dos que ouvistes falar. O cabaleiro era grande, groso e de ombreiros largos, altivo e fachendoso, e servíase dun truchimán²⁷ para falar. Dixo en voz alta que o fillo do sultán viña a este país para lle tirar a fe cristiá e poboalo coa lei de Mahoma, e mandáballe ao rei de Bretaña que deixase a lei do crucifixo e adoptase a lei de Mahoma, e alén diso, que cada ano todos os fogares do reino pagasen tributo a Karadás, ou senón había destruír Bretaña pasando todo pola espada.

²⁷ Intérprete .

O rei ouviu as ameazas e o arruallo, e non houbo quen respondese unha palabra. Daquela Ponto viu que ninguén dicía nada, polo que se botou adiante e dixo:

- Eu son un rapaz, e sinxelo, mais non hei ouvir desprezar a nosa santa lei diante miña sen que diga nada.

Axeonllouse, logo, perante o rei e pediulle licenza para responder, e o rei outorgoulla cando viu que ningún outro quería falar. Entón, díxolle Ponto ao cabaleiro:

-Respóndovos que a vosa lei só é condenación de inimigo e morte no lume permanente, e a nosa é saúde e salvación, e alegría para sempre. E tocante a vos pagar tributos, nós somos libres e non vos faremos servidume, se a Deus aprace

- Se hai quen queira combater, a dous contra min só –dixo o sarraceno- mantendo que Mahoma non é máis grande ca o voso Xesucristo, hei combater contra eles.

Daquela respondeu Ponto:

- Non nos poremos a dous contra un, se a Deus aprace. Eu son novo e feble, mais lánzovos o meu chapeu en prenda de defender estas palabras e afirmo que Xesucristo é fillo de Deus e Mahoma fillo do demo.

Lanzouno, logo, diante do rei, e o sarraceno recolleuno dicindo:

- Rapaz, combatirei contra ti e mais outro.

- Quero ser só eu –dixo Ponto.

Moi doídos e atristados se puxeron o rei e os baróns por Ponto lanzar o seu chapeu, mais non podían emendalo. E o rei dixo:

- Ai Ponto, traicionástesnos e metéstesnos moita coita no corazón, pois fostes tan rápido en botardes a vosa prenda, sendo vós tan novo, contra este cabaleiro que é tan grande e tan duro.

- Maxestade –dixo Ponto- Non sabedes que Daniel era un rapaz e mais Deus salvou a Susana por medio del? Non vos asombredes do poder de Deus. Quen El quere gardar non precisa garda ningunha. Eu síntome seguro e espero nel. Maxestade, non temades nada por min.

Cando o rei o ouviu falar, chorou e volveu a súa face para a outra banda polo benquerer, o vencello e a compaixón que lle tiña ao rapaz. E rogaba a Deus no seu corazón que o salvase.

-Maxestade -púxose Ponto- facédeme cabaleiro coa vosa man e dádeme armas. Irei, daquela, cumprir o meu deber.

O rei fíxoo cabaleiro e cinxíulle a espada e bicouno chorando, porque non daba dito cousa ningunha. E despois armouno co mellor arnés do seu tesouro e entregoulle o mellor destreiro²⁸ que tiña. E cando Ponto montou a cabalo amosábase tan garrido, tan teso e tan baril, coas pernas e os pés tan ben dirixidos e tan fincados nas esporas e tan ben sentado na sela, que daba xenio velo. Os seus trece compañeiros choraban de medo e de dó. O senescal Herlant estaba tristento e doído, como tamén o estaba toda caste de persoas que o vían tan novo fronte a tan gran adversario, pois dicíase que este era o máis forte dos sarracenos.

Moi grande foi o ruxerruxe de que Ponto se armara para defender a fe; tanto que as falas chegaron a Sidonia. Non é preciso preguntar se tivo gran tristura e medo polo seu cabaleiro. E envioulle un gonfalón²⁹ para pendurar da súa lanza. Cando Ponto veu o pendón, o seu corazón sentíu novos azos e agradeceullo. E Sidonia recolleuse no seu dormitorio en oración pregándolle a Deus por el.

Ao que estivo de a cabalo, o pagán díxolle:

- Rapaz, vai buscar outro que te axude, porque ti es novo de máis e dóiome de ti, pois es moi garrido. Ha ser moita perda se cómpre que te mate. Por Mahoma, sería ben que te desdixeses e lle rogases que che perdoase a ruindade que dixeches del.

- Cabaleiro –díxolle Ponto- déixate de lerias. Decontadiño has ver as virtudes de Xesucristo. Deféndete se queres!

E Ponto afástase un pouco e deita a súa lanza, arremetendo a toda carreira, e bátelle entre o escudo e o helmo con tanta forza que lle furou a manga e a espaldeira, e meteulle o ferro entre o pescozo e o ombreiro, rompendo o pau a máis de dous pés do ferro, que moito feríu ao pagán ese día. E o pagán bateu no escudo de Ponto e crebou a súa lanza en anacos.

Cando o rei e os outros viron estas xustas déronlle grazas a Deus dicindo que Ponto xustara moi ben e que Deus habíao axudar. Ponto vai alén e afonda a ferroadada, colle a espada na man e vaise cara ao pagán e dálle tal crocazo que lle abaixa e lle tronza a metade das ventas do bacinete, descravándollo tanto que a viseira lle impediu ao cabaleiro a visión, polo que este colleu e arrancouna, deixando a face toda descuberta. Daquela tiveron os cristiáns grande ledicia e esperanza. O pagán tira o seu aceiro e bate en Ponto con tanta forza que lle fixo abanear a cabeza toda cos ollos botando faíscas. Tal crocada deixouno atordado.

Forte foi e moi dura a briga entre eles, e malia todo Ponto seguía á espreita de bater no rostro do pagán, que estaba descuberto, e arreboloulle un espadazo de través que lle cortou o nariz todo, a boca e o queixelo, de xeito que só se sostiña pola pel. Tanto sangrou que o seu escudo e dianteira estaban vermellos. O rei e o pobo ao veren ese baloucazo déronlle grazas a Deus. O pagán perdeu tanto sangue e enfebleceu tanto que apenas se mantiña enriba do seu cabalo. Ponto foi correndo

²⁸ Cabalo de combate.

²⁹ Pendón, estandarte ou enseña que se penduraba da lanza como divisa nas xustas, e tras do que nas batallas se agrupaban os vasalos dun señor.

contra del tan aficadamente que o derrubou, como a alguén que perde sangue e non se dá sostido. Entón colleuno e arrancoulle o helmo da testa e logo deulle tal pancada que lle fixo voar a cabeza polo chan. Abaixouse e colleuna coa espada, ergueuna en alto e levoullela aos dous escudeiros sarracenos, aos que lles dixo:

-Meus señores, velaquí tedes a testa do voso xefe. Levaina ao fillo do sultán, voso rei, e dicílle que, por petición del e para probar a vosa fe e a nosa, houbo este combate e que Xesucristo amosou por medio dun rapaz que El é o verdadeiro fillo de Deus e que así fará co seu poder entre vós, que tedes ruín fe. E dicílle que ben axiña ha ver quen ten o deus máis poderoso. Partí agora en seguranza, porque o mensaxeiro non debe ter mal ningún se por petición súa non procura ningunha loita de armas.

Os dous escudeiros colleron a cabeza, e o mesmo fixeron co corpo, e leváronllos ao seu rei e relatáronlle de punta a couce a petición da loita e o xeito en que esta se desenvolvera, e como o que combatera tiña só, como máximo, dezaioito anos. E o rei encarraxouse moito e tivo moita dor, igual que todos os señores sarracenos. Moito se asombraron desa aventura, porque o tiñan polo máis forte e mellor cabaleiro da banda deles. Fixérono enterrar segundo a súa lei e foi moi chorado e botado en perda.

Déixoo agora a el e volvo a Ponto.

CAPÍTULO IV

Ponto fincou a espora e dirixiuse á igrexa maior, desceu e foi dar grazas a Deus humildemente dicindo:

- Doce Xesucristo, meu señor, sodes prodixioso Vós e as vosas obras, pois pola vosa graza dei vencido o adversario. Non fun eu, Señor, senón Vós que vos lembrades dos vosos servidores. Ten piedade e misericordia de min, teu servo, Señor, e deste pobre país que está na túas mans.

Daquela, fixo as súas ofrendas e baixou cara ao rei. Non é preciso preguntar se este e os nobres lle fixeron moita festa e ledicia. O rei abrazouno e bícouno dicindo:

- Meu doce e benquerido amigo, esperamos en vós a liberación deste país que os adversarios queren desfacer.

Tampouco non é preciso preguntar se Sidonia e as damas facían gran festa e ledicia dicindo:

- De certo a garrideza e a bondade están xuntas en Ponto. Ha ser un portento, el. Deus queira salvárnolo e gardalo de todo mal!

Despois, o rei mandou vir os nobres e cabaleiros do país para ter o seu parecer tocante aos infieis que viñeran a el. Preguntoulles a súa opinión e todos estaban arrepiados e pasmados polo moi numerosos que aqueles eran, falándose do asunto de diversas maneiras. Finalmente, o rei preguntoulle a Ponto, que se fixo rogar moito antes de falar, mais o rei pediulle e rogoulle que dixese o seu parecer. Entón el dixo:

- Non me pertence a min falar, que son novo e pouco sabido, onde hai tantos bos cabaleiros, mais, para satisfacer a vosa vontade e pracer, vou falar como aprendiz de armas e rapaz entre xente feita; desculpade, logo, a miña parvura. Maxestade, paréceme que aínda que aqueles sexan moi numerosos non deben ser temidos, nin debemos ter tanta dúbida, porque nós servimos a Deus todopoderoso e loitamos por El, que pode salvar a unha pouca xente destruíndo a través dela un gran número, é dicir, un contra cen en defensa da fe. Toca este asunto a todos os cristiáns, pois trátase de servir a Deus, e todo o pobo cristián ha vir aquí na nosa axuda e a deles propios, porque se aqueles desen conquistado o noso país, os outros non terían seguranza. Por iso eu propoño que, aconsellado polos bos cabaleiros que aquí están, lles envidades aos bos cabaleiros, príncipes e baróns veciños, o recado de que se presenten dentro do prazo de quince días, e coa axuda de Deus e a deles habémoslles facer tanto dano aos sarracenos que endexamais se han dar recuperado. E dende agora mandái recado ás vosas fortalezas para que se abastezan de equipamento e de víveres, e facéi armar vilas e castelos, especialmente nas terras onde aqueles están, tirando do seu arredor os víveres.

Este consello foi considerado bo por todos e foi levado a cabo. Enviáronse mensaxeiros a todos os países veciños, a saber: á Normandía ao vizconde de

Avrenches, ao duque de Mortaing e a Paynel; ao Maine ao señor de Laval, de Doucelles e de Siglé; tamén á condessa de Anjou -porque o conde morrera e o seu fillo non tiña máis ca dez anos- e escribíronlles a Pean de Chasteaugontier, a Guillaume des Roches, a Bertren de Doué e a Landry de La Tour; e do Poitou escribiuse ao conde de Poitiers, que partira camiño de Roma, e tamén escribiron a Geoffroi de Lesignen, a Lioncel de Malleon e a Henry de La Marche. Escolléronos como os mellores cabaleiros que había por aquelas bisbarras. E o rei de Bretaña rogáballes que cada un deles llelo fixese saber a todos os bos cabaleiros e escudeiros que coñecesen por aquelas bisbarras, dicíndolles que escribía con tanta présa que non podía escribirlles a todos. Que cadaquén que recibise a carta escribise a todos cantos el pensase que se podían pór en armas. E des que todos souberon que os sarracenos querían conquistar a Bretaña e a cristiandade, chegaba acotío, acudindo na necesidade, o máis variado tipo de xente armada, facendo cadaquén o maior esforzo que podía, de xeito que decorrida a quincena houbo un gran exército dos países veciños. E os baróns estiveron preparados. A xuntanza fíxose en Vannes e o rei recibíunos con moita ledicia e honra.

Partiron logo cara a Brest e Saint-Mathieu, onde estaba a hoste sarracena pillando e destruíndo o país. Levaban, con todo, de arredor deles, catro mil soldados para ver a hoste, sospeitando que habían ter batalla. De achegados a Quimper, o rei, Ponto e os baróns ordenaron as tropas. O rei, cunha parte dos baróns, encargouse dun corpo e, como era moi vello, encomendáronlles o mando ao vizconde de Leon e ao señor de Lenvaux tocante aos bretóns bretonantes³⁰, e, tocante aos *galó*, a Guy de Victré, Roullant de Dueil e Rogier de Rougié; o outro corpo foi encomendado ao mando de Ponto e do senescal. Os normandos foron mandados polo conde de Mortaing e o vizconde de Avrenches. O conde de Le Mans mandou os manseses e, por vontade dos baróns e cabaleiros de Anjou, Guillaume des Roches, Landry de La Tour e o señor de Doué ocupáronse dos hurpeses, que son os anxevinos. Os pictevinos³¹ foron mandados por Geoffroy de Lesignen e o conde de Maleon. Os normandos foron numerosos, mil cen homes armados, os manseses nove centos, os anxevinos un milleiro, os pictevinos dous centos e os bretóns catro mil. Formaron un corpo os normandos e os manseses, os pictevinos e os turenese outro, pois da Turena estaban Baussay, Maillié, La Haye e Amboise. Fixéronse, logo, catro grandes corpos, dos que Ponto e Herlant foron a avangarda, e tras deles o rei, e logo o conde de Le Mans e o de Mortaing, formando a retagarda os anxevinos e os pictevinos. Cabalgaron, pois, contra os seus inimigos e situáronse nos campos, ordenando á metade que velase e á outra metade que durmise. Alá pola media noite houbo moito medo porque Regnault de Sully e Aigret de Prully, con máis de cen escudos, viñan a toda carreira. Houbo moito medo, mais recoñecéronos e fixéronlles moita festa, e agrupáronse por desexo deles cos hurpeses, é dicir, os anxevinos.

Díxolles o rei a Bertrand de Doué e a Landry de La Tour:

³⁰ O adxectivo *bretonante* caracteriza as persoas de fala bretoa, en tanto que *gallo* ou *galó* caracteriza aos que falan, maiormente no Leste da Bretaña, un dialecto románico do latín hoxe en perigo de extinción.

³¹ Do Poitou.

-Meus benqueridos señores, grazas a Deus vós sodes persoas importantes e moi arrizadas, vosos son e nas vosas mans están o noso refuxoiro e o noso acubillo. Vide sen vos separar, en boa formación, e non vos xuntedes a nós se non vedes que temos moita necesidade.

Ponto e o senescal Herlant mandaron os bretóns. E díxolle Ponto ao rei e aos señores:

- Nobres señores, se me queredes facer caso, eu propoño que caíamos enriba deles antes de que sexa día, ou arredor do mencer; e antes de que estean armados e os seus cabalos enselados e todos eles dispostos, han estar medio destruídos, porque téñense por tan fortes que non desconfían de nada. Por iso paréceme que se facemos deste xeito, ha ser máis doado vencérmolos.

- De certo –dixeron o rei e os baróns todos- ese consello é bo. Montemos a cabalo, pois é momento de o facer.

Daquela, todos se equiparon e montaron a cabalo. E o tempo foi acougado e sereno e a lúa alumeou. Cabalgaron, logo, cara á hoste dos sarracenos, que estaban pola banda de Brest nos seus pavillóns e decidiran que, como non os combatían, ían cabalgar a Bretaña enteira levando enxeños e escalas para asaltaren vilas e castelos, e non temían que chegara tropa ningunha, polo que non tiñan case vixilancia, como xente segura, debido á gran cantidade que eran.

Mais aconteceu que as tropas se achegaron tanto que viron os sarracenos ocupando ben unha legua. Había alí moitos pavillóns e de moitas cores. Entón Ponto, que mandaba o primeiro corpo, viunos e díxolles aos seus:

-Velaí tedes os inimigos da nosa fe que nos queren desherdar. Nós estamos ao servizo de Deus todopoderoso, polo que ninguén teña dúbida de que un de nós val máis ca cen deles. Rógovos dúas cousas: unha, que fiedes en Deus totalmente, porque co seu poder habedes quedar por riba deles, a outra, que non fagades pillaxe ningunha nin vos deixedes levar pola cobiza, fóra destruílos e botalos do noso país. para honra da nosa lei e compaixón da xente humilde que non vive dentro das fortalezas e traballa en obter os bens e as delicias que nos manteñen; por iso temos a obriga de defendelos á Igrexa e mais a eles.

E despois de lles ter dito isto, seguíu:

- Adiante, meus señores! Adiante! E pensade cada un en facerdes o ben!

Entón todos sentiron o corazón revoar. Fincaron esporas cara ás tendas e deron un gran berro comezando a abater tendas e pavillóns e a matar turcos. E uns saían nus, outros procuraban armarse e outros fuxían de pavillón en pavillón. Escoitáronse por aquela banda e por todas grandes oubeos e grandes berros. Abría o día e íase facendo claro.

Os bretóns mataban todos cantos podían, os outros púñanlles lume aos acampamentos iluminando todo. O rei Karadás tomou moito medo e mandou soar

trompetas e claríns. Todos cantos puideron armáronse e montaron a cabalo, mais moi sorprendidos pois que de todos os lados lles corrían enriba. Porén, eran numerosos de máis, polo que, antes de que lles conquistaran o terzo da hoste, os outros déronse montado e armado, xuntándose en recovaxes, tantos que o rei Karadás montou a cabalo nunha chaira con moi gran tropa e díxolles aos seus homes ben alto:

- Que cadaquén se manteña en formación co seu capitán, pois é necesario!

Teriades visto os sarracenos batallaren de gran maneira, malia seren sorprendidos e morreren máis de sete mil, a cuarta parte deles! A piques estiveron de fuxir, mais o rei Karadás, que tiña moita coraxe, des que montou a cabalo colleu a súa bandeira no puño para reunir a súa xente. Ao raiar o sol escoitáronse grandes berros e grandes oubeos porque nese momento os tres corpos do noso exército se reuniron rente dos sarracenos que saían. Moitos dos nosos pictevinos plantábanlles lume aos seus acampamentos e matábanos, O rei reuniu un corpo de máis de sete mil turcos e quería bater no costado á nosa tropa, que se vía en tanta dificultade que recuaba. Entón díxolles Landry de La Tour a Bertrand de Doué e a Guillaume des Roches:

-Señores, é o momento de atacarmos. Vede como a nosa xente perde terreo e un forte exército venlle bourar polo costado. Non agardemos a que bouren, sería perigoso.

Entón cadaquén ergueu a súa lanza en riste e foron en formación apretada contra Karadás. E cando este os viu vir, virouse cara a eles e quíxolles dar unhas boas lanzadas; avanzaron por diante de todos el e mais seu curmán Brealis, bo cabaleiro, e bateron en Bertrand de Doué e Landry de La Tour. O rei derruba a Bertrand e Landry a Brealis. Landry colle o cabalo de Brealis e dállo a Bertrand que di:

-Benquerido compañeiro, non é o primeiro favor que me fixestes

Os sarracenos reúnen de arredor do rei Karadás. Moi boas xustas houbo entre os dos exércitos! Guillaume des Roches e Geoffroy de Lesignen derrubaron cadanseu cabaleiro mais non sei os nomes destes. Entón xuntáronse por todas as partes. Houbo gran bloucazo de lanzas e moitos derrubados que non se puideron erguer. Logo botaron man das brillantes espadas de aceiro e houbo gran estarabouza de mortos e de feridos.

Por outra banda combatía o rei de Bretaña, a quen na batalla fixeron caír do seu cabalo e víase en apuros. Acudiu alí por acaso Ponto, e ao ver o rei no chan e o cabalo caírlle sobre do corpo, non fai falta dicir o moi doído e encarraxado que se puxo. Ía camiño da morte, de non ser por Royart de Rougé, Monford e o señor de Lenvaux; eles tres, entre outros, termaban do gran peso con moita dificultade. Mais Ponto abandonou o seu grupo e volveu cabo do seu lídimo señor, e mallando a un lado e outro mataba homes e cabalos e facía proezas que a todos asombraban fuxindo das súas ferroadas. En pouco tempo arredou el a catropea coa axuda do senescal Herlant e do seu curmán Polido. Os dous compañeiros seguían onde el

fose. E tantas proezas fixo Ponto que rescatou o rei e baixou axudalo a se erguer. Tiña o brazo partido e moi mancado, pois ía moi vello e moi crebado coma se tivese máis de cen anos, mais fora bo cabaleiro e de gran coraxe. Malia os seus inimigos, deu montado a cabalo. Ponto decatouse de que o rei tiña o brazo rompido polo que o levaron fóra da batalla e retirárono, quixese ou non.

Moi cruel foi o combate dunha banda e mais da outra. Ponto viu que a tropa da esquerda tiña moita tarefa. Alá estaban –derrubados e en gran perigo de seren mortos ou capturados, pois por cada bretón había dez sarracenos- o vizconde de Donges, Gaultier de Rais, Benart de La Roche, Geoffroy d’Ancenis, Brien de Quintin, Monford e varios outros baróns da Bretaña. E de todos, o que máis se defendía era Benard de La Roche. Daquela díxolle Ponto aos seus compañeiros:

-A nosa xente precisa moita axuda. Vamos no seu socorro!

Entón fincaron esporas, coa espada na man, tan rudamente que fenderon todo por diante deles. Ponto vai en cabeza, matando canto atinxe, derruba, abate e eiva tanto que o mais afouto déixalle o camiño libre. Tanto fan en pouco tempo que os seus recuperáronse e fixeron fuxir os sarracenos, quixesen estes ou non, e botárense fóra da dura loita, que era tan violenta e perigosa, con fortes ferroazos de espada que resoaban nos helmos. O rei Karadás tiña en gran aperto ao conde do Mans e o señor de Craon, e derrubáraos a eles e a varios manseses e hurpeses. Hamelin de Siglé, Gervais de La Porte, Thibault de Mateflon, Pierre de Doucelles, Savari de la Haye, Girard de Chasteaugontier, Guillaume des Roches, Geoffroy de Lesignen e Leoncel estaban derrubados mais defendíanse a pé e formaban grupo, que moito lles valía. Landry de La Tour e Bertrand de Doué tiñan moita dificultade para salvalos; tal grea e multitude había que apenas daban chegado onda eles. Cando Guillaume de Roches viu que Ponto, seguíndoo, movía as rédeas para axudalos, gritoulle:

-Señor, é preciso! Mirái os máis dos nosos baróns que están a pé!

Entón mallaron por aquela banda e fenderon a grea salvando o conde e aqueles que o precisaban. E, de que estes volveron montar, comezou o combate máis cruel, porque nese momento ninguén tería querido amosarse covarde. Por todas as partes se escoitaban grandes berros e grandes oubeos. O rei Karadás facía extraordinarios feitos de armas, igual que Brealis e Corbadín, seu tío. Eran, entre todos os cabaleiros sarracenos, os tres que máis sostiñan os grandes ataques e fazañas e que máis lles valían aos seus cando cumpría. Ponto fitou o rei que facía aquelas proezas e viuno moi ricamente adobiado de pedras preciosas e de perlas, cunha rica coroa de ouro sobre do seu helmo. Estaba aniquilando moitos cristiáns e derrubara a Guillaume des Roches, matara a Roulant de Dinain e abatera e escontromiñara varios outros cabaleiros.

Entón dixo Ponto:

-Meus benquerido señores: Moi fortes adversarios temos nese rei e os seus dous cabaleiros que están cabo del! Se duran moito hannos facer un gran dano,

mais se os tres puidesen ser descabalgados ou mortos, paréceme que nós venceríamos.

- Señor –dixo Landry de La Tour- ide vós contra un e nós iremos contra os outros dous.

E Ponto dixo:

- Eu irei contra o rei.

Entón arremete con toda a súa forza e baixa no rei baloucazo tan grande que o derruba do cabalo certeira e lle fai rolar o helmo polo chan, rompendo ao caír o caneiro do pescozo. E Landry derrubou a Brealis e cortoulle o brazo esquerdo, tanto que morreu por esa causa. E o senescal Herlant bateu en Corbadín tan cruamente que o derrubou. Ao que estes tres se viron no chan, macelados, non é de preguntar se os sarracenos se abraiaron, pois o desazo foi grande e todo o seu poderío desapareceu: eran como ovellas sen pastor. Entón comezaron a ser vencidos e a perder terra, e os nosos a enfortecer e situarse por riba deles. Coa mesma mataron multitude de sarracenos de alí en diante. O seu rei non se daba apenas levantado e matouno un que porta a enseña do león, non sei se foi Regnault de Vitré ou de Glisson. Os sarracenos non sabían onde se acochar nin onde fuxir. Pola banda de contra o mar había aínda un duro enfrontamento e os deles descoñecían aínda a morte do seu rei; derrubaran a Baussay, Gervaise d'Aver, o señor de Montjehan e Pean de Rochefort e tiñan en aperto os nosos homes. Mais cando viron a súa xente fuxir asombráronse todos. E cando os nosos, aos que estes combatían, os viron fuxir, recobraron forzas correndo atrás deles. E tamén viñeron á loita Geoffroy de Lesignen e Leoncel, hurpeses e mais bretóns, tantos que lles fixeron perder terreo e houbo alá gran mortalidade de pagáns e sarracenos. Ponto facía portentos, pois mataba homes e cabalos: todo o que atinxía co golpe morría, ou era magoado ou derrubado. O seu escudo presentábase a todos e repartía espadazos co brillante aceiro. Xuntáronse el e Geoffroy de Lesignen, Landry, Leoncel, Guillaume des Roches, Benard de La Roche e o senescal Herlant. E ao que estiveron reunidos fixeron portentosas fazañas, pois onde vían que se amoreaban os sarracenos, acometían e abríanse camiño como fose a poder de aceiro. Ninguén ousaba enfrontarse a eles. E Ponto, que non amaiaba e facía asombrosos feitos de armas, foi coñecido polos fortes espadazos que repartía a torto e a dereito, berrando :

- A eles! Están desfeitos, os pagáns!

Eran estes como animais sen pastor, pois o seu rei e os seus capitáns morreran xa. Coa mesma, non sabían en por eles que consello seguir nin que remedio pór e deixábanse esmagar. Tal mortalidade houbo en pouco tempo que os campos todos se puxeron vermellos co sangue dos mortos e dos macelados. Fuxiron os sarracenos cara aos navíos nadando pola auga e os nosos perseguíanos facendo que afogasen e perecesen. Ponthus colleu unha barquiña e matou ben trinta que corrían para se protexeren. Colleu a catro vivos e preguntoulles onde estaba o tesouro e as riquezas do rei e amosáronlle unha nave moi belida e el díxolles:

-Levaime a ela ou sodes mortos!

Levaron a Ponto e ao seu curmán Polido con sete compañeiros que saltaron á nave e mataron e botaron á auga aqueles que atoparon dentro. Dexergaron as arcas nas que estaba o ouro e a prata do rei e Ponto díxolle aos sete compañeiros:

- Meus señores, gardaime este navío, que eu vou ver se hai quen queira levantar cabeza contra nós.

Entón sae da nave e vai nunha barquiña á terra. Non había máis ningún que se quixese defender, pois que todos estaban mortos ou afogados. Dos bretóns, hurpeses, turenese, manseses, pictevinos e normandos, uns corrían ás naves e navíos, os outros cacheaban tendas e pavillóns. Non houbo ninguén tan pobre que non levase abondo, uns máis ca outros.

Procuraron polos campos e atoparon cristiáns mortos, cadaquén os seus amigos. Daquela atoparon mortos o vizconde de Avrenches, Jehan Painel, Tournebu, o señor de Villiers, e os normandos fixeron por eles moito dó pois eran grandes cabaleiros. Canto aos manseses: Hugues de Beaumont, Maugeren, o señor de Doucelles, Almaury de Silly. Os hurpeses: Gasses de Montereul, Roullant de Chemilly, Houdez de Pouencé e Frezel de La Haye. Do Poitou: Gaultier de Chastiaumur, Andrieu de Montagu, Hubault de La Forest. E dos bretóns: Pierres de Dueil, Raoul de Reux, Jean de Avaugor, Hardy de Leon, Hubert de Dinan, Godeffroy de Rouhan, Aubery de Raes e moitos outros bos cabaleiros. Cadaquén fixo levar os seus amigos ao seu país e sandar os feridos. Ponto mandou transportar o gran tesouro á súa morada, en Vannes, e repartiu a oito entre os bos cabaleiros e bos soldados, con tanta largueza que foi moi louvado. O rei retirárase a Quimper e alá se xuntaron os grandes señores todos nun gran festín que el deu en homenaxe dos estranxeiros e deulles grandes presentes segundo o que cada un era, e díxolles:

- Nobres señores, viñestes con grande xenerosidade ao servizo de Deus e da súa igrexa e mais do pobre pobo, e pola graza do Altísimo e das vosas grandes proezas e afouteza liberastes este país dos infieis que querían destruír a nosa lei. Mais Noso Señor mirou con piedade e deuvos a vitoria contra eles, e ben se ve que a súa provisión vos deu ese don e esa graza porque contra un de vós estaban seis. Debemos, logo, agradecerllo de todo corazón.

Falouse moito de quen máis fixera, maior remedio puxera e mellores feitos de armas realizara, e sen comparanza a cimeira era para Ponto, e todos a unha voz dicían que el fora quen vencera todo. Louvaron moito a Geoffroy de Lesignan, a Landry de La Tour e a Benard de La Roche, que eran os tres que mellor combateran e fixeran grandes fazañas, mais había outros que o fixeran moi ben e sería longo contar as proezas de cadaquén. Tres días os retivo o rei, festexándoos e dándolles fermosos presentes a todos segundo o que eran, e despois pediron licenza despedíndose del. Ponto acompañounos canto puido.

Partiron todos, logo, satisfeitos e ledos, e cadaquén foise para a súa terra. E o rei regresou a Vannes. Non é preciso preguntar se Sidonia se puxo moi contenta e dixo:

- Ponto, meu benquerido amigo, benia Deus pola honra e proveito que recebestes nesta batalla, porque –Deus me asista!- teño tal ledicia por tanto ben que sentín contar dela, que o meu corazón vive na maior alegría e non hai cousa que me dea tanto pracer como escoitar o moito ben e a louvanza que de vós falan.

- Miña señora –dixo Ponto- moi lonxe está de ser certo iso que din. Algúns que me queren cóntanvos máis do que é. Con todo, douvos as grazas pola vosa benevolencia e pola honra que, penso, me desexades. Sabéi, señora, que se Deus me concedese facer algún ben, este procedería de vós porque só en vós teño eu pracer e na esperanza que concebín de caír no voso favor e de vos servir no que vos apraza. Concédamo Deus facelo na vosa honra!

- Ponto, meu benquerido amigo, o voso servizo tomo de grado con todo corazón en tanto vos atope leal sen pensardes ruindade, pois quero que o noso amor sexa limpo e certo, sen ruín pensamento ningún. E sabéi en verdade que no momento no que eu perciba que vós pensades en mal ou deshonra miña ou dos meus amigos, habedesme perder, e tanto como vos amo heivos odiar á morte.

- Miña señora –dixo el- non pensedes endexamaís que eu quixese imaxinar cousa ningunha contra a vosa honra. E, pois que vos atopei e sigo a atopar tan nidia, honesta e firme aprézovos e ámovos mil veces máis, porque non hai máis nobre tesouro ca unha boa e clara sona e creto.

Que hei eu dicir?

Moito se amaron entre eles con leal amor sen ruindade. Mais Envexa nunca finda, como habedes ouvir cumpridamente.

Deixo de falar deles e volvo co rei.

CAPÍTULO V

O rei mandou en procura dos seus baróns e díxolles:

- Meus benqueridos señores: Eu vou moi vello e non podo traballar como adoitaba, polo que cómpre que de aquí en diante descanse. Por iso é ben que, cos vosos sabios consellos, sexa escollido un bo condestábel³² que leve o peso e a carga da Bretaña, e a quen os baróns han querer mellor obedecer sen perigo. Mirái entre vós e elixí, pois eu quixera que fose escollido segundo as vosas propostas e consellos.

- Maxestade –dixeron os baróns a unha voz- non sabemos quen poderíamos atopar agás Ponto, se el tivese a ben aceptar. É digno de gobernar un imperio pola súa bondade, garrideza, siso, capacidade de goberno e delicadeza, como fillo de rei e como o mellor comezo de alta cabalaría hoxe existente.

Cando o rei ouvíu isto púxose moi contente, pois era o que el buscaba, mais non o quería facer sen lles falar para que lle tivesen maior afecto.

Non houbo opinión contraria ningunha e Ponto foi chamado, e diante deles díxéronlle que o rei e os baróns todos o elixiran condestábel de Bretaña por ser o máis axeitado. El deu grazas ao rei e aos baróns mais díxolles que era unha decisión pouco acaída, que el non tiña o siso nin o goberno nin o valor que cumpría e que era aínda moi novo de sentido e de idade. Mais de nada lle valeu a súa escusa pois ao final tivo que aceptar o cargo, quixese ou non.

No seu oficio foi amado e temido, e cando se producía algunha disensión entre os señores e baróns el era quen puña paz e acordo. Gardaba os dereitos de Bretaña sen causar dano ningún. Facíase querer por todos. Organizaba xustas, diversións e festas e era moi gasalleiro con grandes e pequenos, especialmente coas damas. Era tan atencioso que ninguén tiraba o seu chapeu saudándoo sen que el nono tirase ao tempo. Escoitaba ao pobre e facíalle axiña xustiza no que levaba razón. Non quería que a xente humilde fose asoballada. Amaba a Deus e á Igrexa e ouvía cada día dúas misas cando menos. Gustaba de arboredas e ríos e de todos os leceres. Facía cantar e danzar donas e doncelas, e onde el ía todo era alegría, organizándolles xantares e ceas. Era moi amado por esas belidas que lle amosaban moitos sinais de amor e lle daban conversa e lle facían moi boa acollida, mais nunca a ningunha pediu amor que fose contra a honra dela, por moi boa cara que ningunha puxese. E dicíanse para elas:

- Moi feliz había ser a que fose a amiga de Ponto.

E en segredo algunhas dicían:

-Deus quixera que Ponto me amase como eu quixera amalo a el e me dese tanto agarimo como eu lle había dar!

³² O condestábel era o máximo responsábel militar do reino.

Moito se facía querer por grandes e pequenos.

Mais Envexa, que endexamais ha faltar, meteuse nun dos compañeiros do seu país, un dos catorce, que era solerte de a feito e de enganosas falas. Chamábase Guenelete e viu o amor de Sidonia e de Ponto, seu señor. Tomou moita envexa del e para pólo a proba pediulle a Ponto un cabalo que Sidonia lle dera. Pensaba, con razón, que non o había obter, mais fíxoo só por probalo e díxolle:

- Señor, dáime o ruán que vos regalou Sidonia.

- De certo que ese non o habedes ter –dixo Ponto- mais ide á cabalariza e escolléi o que queirades, pois hainos máis fermosos.

- Non quero cabalo ningún dos vosos se non é o ruán.

- Ese non pode ser –dixo Ponto.

- Como? –dixo Guenelete- Negádesme un cabalo? Pouco debo eu fiar na vosa benquerenza.

- Como? –dixo Ponto- Non vos abonda que vos deixe escoller entre os meus cabalos todos? Se non vos chega con un, colléi dous, os que vós queirades.

Guenelete desprezou o ofrecemento e fixo o amuado, dicindo para o seu corazón: “Ben sabía eu que non mo había dar”.

Matinou logo maldade, e de primeiras malquistalo con Sidonia; falou así cunha doncela, das achegadas a esta e díxolle que lle quería moito e lle ía dar un consello moi importante, mais que lle xurase sobre os Santos Evanxeos que non o había descubrir.

- Amo moito –dixo el- ao rei, meu señor, e á súa señora filla, e a súa honra, como corresponde a quen eles alimentaron. Por iso non quixera agachar cousa ningunha que fose contra a honra deles. Sabéi que o noso señor Ponto faille crer á vosa señora que a ama máis ca a muller ningunha do mundo. Mais está a facer bulra dela, porque eu ben me decatei de que ama moito máis a outra. É unha tolería poñer así o seu corazón en xente avol que pretende sempre ter o beneficio e mais a sona, e moitas levaron unha decepción. Por iso é ben que a señora se garde a tempo.

-Ai! –dixo a doncela- Pensaba que fose máis leal do que é. Con todo, estou segura de que nunca requeriu á miña señora senón por ben e honra.

- Ben vos creo –dixo el- mais non é ouro todo o que reloce.

A doncela coidou que lle falaba a verdade e foi cabo da súa dama e fíxolle xurar que non a había descubrir nin dar a entender cousa ningunha das que lle dixese. E logo contoulle como ouvira que Ponto amaba a outra máis ca a ela e todo o resto; e cando Sidonia o escoitou, non é preciso preguntar se sentíu moito dó no

seu corazón, por moi boa cara que puxese. Non o daba a entender -pois era moi prudente- cando Ponto foi vela con cara leda como tiña por costume. Sidonia estaba moi amargurada e cavilosa e fíxolle pouca festa, polo que Ponto sorprendeuse moito e foi xunto a Elios, a súa doncela, e preguntoulle que é que a súa señora tiña.

- De certo que non o sei -respondeu Elios- mais xa hai ben dous días que non pon cara ridente como adoitaba.

Ponto diríxese cabo dela e dille:

- Miña señora, que cara me poñedes! Tedes algunha coita? Existe algo ao que eu lle poida pór remedio?

- Ai! -respóndelle ela- Xa non sabe unha hoxe en quen fiar. O mundo é ben asombroso e difícil de coñecer.

-Ai, miña señora, pola bondade divina! -dixo el- Por que dicides esas palabras? Hai alguén que vos teña feito mal algún?

-Non, non -dixo ela- mais dígovos iso.

E foise para os seus cuartos, moi doída e penseira. Ponto non puido tirar nada nin ver a boa cara que lle adoitaba pór. Decatábase ben de que era malquisto dela por algunha argallada e tratou de saber algo máis do asunto. Foi en van, pois máis nada soubo nesta ocasión. Pola noite estivo moi doído e penseiro, sen durmir, dicíndose:

- Malpocado! Cativo! Coitado! Que é o que eu fixen que me malquistou coa miña señora? Ai! Quen me quere quere matar a traición sen lle eu ter faltado? Onde están os que me queren toller a alegría toda do mundo facéndome día e noite esmorecer na dor?

Así se laiaba Ponto. E se el tiña dó, Sidonia non tiña menos:

- Coitadiña! Quen terá xa fianza nun home? Decepcionoume ben, pois eu coidaba que fose máis leal ca todos os outros cabaleiros. Como é que a Natureza fallou desta maneira ao facer o máis agraciado, o máis dotado de cortesía, de afouteza, de xenerosidade e dos bos costumes todos sen faltar nada non sendo a lealdade? Como é que lle esqueceu poñerlla? Que mágoa e que perda!

Así se queixaba a belida Sidonia.

E por ese camiño entrou un turbio distanciamento entre eles. Dese xeito se viron os dous namorados en grave dor por tal argallada.

Ponto, que durmira pouco no seu repouso, ergueuse cedo e foi ouvir as misas; logo mandou chamar a Elios, á que moito estimaba pois ben sabía que era quen a súa señora máis quería e que ela coñecía os segredos todos de Sidonia.

- Ai, Elios, doce amiga! –díxolle- Moito me maravilla o que a miña señora me dixo. Tanto que penso que endexamais hei volver estar ledó.

- Ai, señor! –díxolle ela- Non debes facer iso, pois penso que a miña señora non o non fai senón para vos pór a proba, ou que se trata dun relato falso que se descubrirá mentireiro. Non vexo cousa pola que debades ter tal desazo.

- Ai, señora, non sei o que pensar, mais voume ir un pouco fóra e non hei regresar ata saber que a miña volta lle aprace.

Non dixo máis nesta ocasión e retirouse aos seus cuartos chamando por un seu escudeiro que tiña de nome Girard:

- Girard –díxolle- vós e os meus dous chambeláns e os meus dous criados, facéi preparar en segredo os meus dous cabalos e os arreos, pois antes de o sol raiar quero estar a dúas leguas e ir fóra un pouco; hei estar alá perto dun ano.

Daquela foise xunto do rei e díxolle que quería irse fóra un pouco:

- Deixo como meu lugartenente o senescal Herlant, pois é home asisado e bo cabaleiro.

O rei díxolle:

- Meu benquerido amigo, non vaiades tan lonxe que eu non vos vexa a miúdo, pois en vós está toda a miña alegría, o alicerce da miña vida e a gobernación do meu reino.

- Maxestade –díxolle el- non penso demorar nin ir a lugar do que –se eu souber que precisades algo de min tocante a vosa honra- non viñese xunto a vós antes ca todos.

Malia iso, o rei tentou tornalo de ir fóra, mais non o deu feito. Tomou Ponto licenza del moi tarde no serán, tan caladiñamente que ninguén se decatou. Foise deitar e mandou na procura do senescal Herlant para que viñese ao pé do seu leito, e díxolle:

- Herlant, meu querido amigo, quero ir fóra un pouco para coñecer algo mellor o mundo e frecuentar bos cabaleiros. Xa falei co rei, porque vos deixo como meu lugartenente. Vós sabedes canto vos quero, encoméndovos o meu curmán e os meus outros compañeiros.

- Ah! –dixo Herlant- E onde queredes ir?

- Meu benquerido amigo, vou ir fóra un pouco e non hei demorar moito. Quero que ninguén o saiba e teño os meus motivos.

Herlant non quixo preguntarlle máis e non coidaba que fose estar ausente moito tempo. Cando el marchou, Ponto mandou chamar o seu escribente para que

lle fixera dúas cartas: unha na que lle traspasaba o poder a Herlant e a outra na que se encomendaba aos seus compañeiros e lles rogaba que servisen ben ao rei e obedecesen a Herlant, que el había regresar logo de alá onde ía. Púxolles o selo e deullas ao escribente dicíndolle que non as entregase ata o outro día polo serán; fixo isto por medo a que os seus compañeiros o seguisen.

Arredor da medianoite, ergueuse, preparouse e partíu o máis en segredo que puido. E cabalgou o día enteiro e logo meteuse na foresta de Brocelianda, nun priorado, nunha ermida que estaba totalmente solitaria no fondo da foresta. Estivo alá ben sete días. Cada día ía ouvir misa á ermida. E facía moita abstinencia, como xexuar tres días por semana, e na sexta feira vestía saial. Pensou que, como o rei ía vello e o reino o agardaba a el, non debía afastarse moito para, se é que acontecía algunha tribulación, poderlle pór remedio. Estaba moi tristeiro. Un día, no serán, andaba pola foresta moi caviloso e morriñento, ouvindo o delicioso canto dos paxaros, como en pleno mes de abril, e fixo unha cantiga que tiña por retrouso:

*Nin ledos paxaros nin outra alegría
nunca quen serían de me confortar
cando a que eu amaba e tanto quería
a distancia dela me fai soportar.*

E púxolle unha bonita música.

Logo pensou en organizar un desafío no que habería xustas. E escribiu as regras e mandou na procura dun anano. Fíxoo vestir moi ben e nobremente con roupa de seda e forneceulle un criado e cabalos, e mais unha proclama escrita en debida forma que dicía así:

O cabaleiro Negro de Armas Brancas fai saber aos mellores cabaleiros de cada bisbarra que han atopar na fonte das Aventuras un pavillón negro con armas brancas todas as terzas feiras do ano á hora de prima³³. Han atopar unha árbore na que estará pendurado o seu escudo e haberá un corno que un anano fará resoar, e, des que aquel resoar, ha saír unha dama velleira cun círculo de ouro acompañada por un ermitán. Ela halles dicir o que deben facer e haos conducir ao prado no que o Cabaleiro Negro estará armado con todas as armas e ha combater en tres carreiras. E despois da xusta, loitará co gume de espada sen punta deica a vitoria, e o que el venza preguntará a todos os cabaleiros quen é, en boa fe, a máis belida doncela do reino da Pequena Bretaña. E dela hase constituír prisioneiro para facer a súa vontade por mandado do Cabaleiro Negro Magoado de Armas Brancas. E faise saber que todos os que participen na xusta se reunirán con el na foresta, na Pentecoste do ano que ven, nunha festa que haberá alá; e aquel que mellor teña xustado recibirá a lanza e o gonfalon e un círculo de ouro con perlas, e o que mellor tivese combatido coa espada e mellor tivese bourado con ela levará a espada e cinto dourado e a coroa de ouro. E se acontece que algún dá vencido ao Cabaleiro Negro, poderá envialo prisioneiro daquela dona ou doncela que lle apraza.

³³ As divisións horarias do día eran: *matinas* (as 00), *laudes* (as 03), *prima* (as 06), *terza* (as 09), *sexta* (as 12), *nona* (as 15), *vísperas* (as 18) e *completas* (as 21).

Ao que Ponto fixo entrega da proclama ao anano, ordenoulle que fose polas bisbarras todas de Francia onde soubese que se facían xuntanzas de cabaleiros, festas e xustas e que a dese a coñecer por todas elas. O anano, que era bo dicidor, foi por todos os países facéndoa saber. E maravillábanse preguntándose de onde podía ser o cabaleiro que quería combater e por que el escollíaa os mellores cabaleiros de cada bisbarra. Moitos preparáronse para ir alá e dicían que gran honra tería quen obtivese a espada ou a lanza, e mais aínda quen dese vencido a aquel.

Non pasou moito tempo sen que da Bretaña e doutras terras chegasen en abundancia. Ponto fixera que os seus, e mais o prior e o ermitán, xurasen non descubri-lo. Mandou a Rennes, que antes se chamaba Vila Vermella, buscar o que lle cumpría. Mandouno buscar por unha dama velleira, súa coñecida, a que vestiu cunha cota e un manto e un largo círculo de ouro enriba da súa testa gris. E levaba un cobrecabezas da Alemaña por diante da face para que non a recoñecesen. Ponto encobrírase a xeito de ermitán con cabelo e barba branca e unha carauta, e levaba na man unha proclama das regras.

Aquela terza feira á mañá chegaron moitos cabaleiros coa idea de loitaren contra o Cabaleiro Negro. Estaban naquela fonte das Maravillas, que algúns chamaban fonte de Barenton. Viron levantada unha gran tenda e un gran pavillón, e non pasara moito tempo cando saíu un anano, todo feo e nacho, e foi cabo dunha árbore da que pendía un gran corno e o escudo negro con armas brancas. Colleu o corno e fíxoo soar moi forte. E despois do son saíron do pavillón a doncela e o ermitán, que a guiou co freo dourado, e foron rente do escudo, onde fixeron gritar ao anano que os cabaleiros de cada bisbarra que quixesen loitar co Cabaleiro Negro pendurasen cada un o seu escudo na grande árbore. A árbore estaba rodeada de lanzas e nela había ganchos de ferro nos que cadaquén podía pendurar o seu escudo. Todos cantos alá foron colgáronos, e cando estiveron dixo o anano:

- A miña señora que aquí está mándame comunicarvos que a súa decisión é que entre os vosos escudos todos ela vai escoller catro, nos que ha espetar cadansúa frecha adobiada con plumas de ouro. E aquel no que primeiro ela cravar armarase para esa terza feira, e aquel no que cravar a segunda frecha armarase de hoxe en oito días, e o terceiro para a terza feira seguinte e o outro para a de despois. E ao cabo dun mes ela ha chantar outras catro noutros catro escudos. E así o ha facer cada mes deica decorrer un ano, sendo cincuenta e dous cabaleiros entre os mellores e de máis sona os que a miña señora poderá elixir segundo o seu criterio para se enfrontaren co Cabaleiro Negro. E a xusta durará o ano enteiro, ou tanto como estableza quen o venza coas armas.

Cando o anano rematou, entrou de a cabalo no pavillón e trouxo unha fermosísima alxaba³⁴ e catro frechas douradas e emplumadas en ouro, e a dama e o ermitán comezaron de dar voltas arredor da árbore a fitaren os escudos. E ao que tiveron ben dexergado e considerado cada un, o ermitán aconselloulle á dama en cales espetar. Tirou, logo, as catro frechas e cravounas en catro escudos, o primeiro de Benard de La Roche, considerado o mellor cabaleiro de Bretaña, o segundo de

³⁴ Carcaz, estoxo para portar frechas que as máis das veces se pendura do ombreiro.

Geoffroy de Lesignan, o mellor do Poitou, o terceiro de Landry de La Tour, o mellor dos anxevinos e hurpeses, e o cuarto do conde de Mortaing, o mellor dos normandos que alí estivesen. E, de que cravou esas catro frechas, o ermitán levouna para a tenda grande que era negra con armas brancas. Axiña baixou, armouse enteiramente e saíu da tenda, co escudo ao pescozo e a lanza no puño, montado nun gran cabalo negro todo cuberto cun fermoso pano sedán negro con armas brancas e moi ricos arreos. O cabaleiro era grande e baril e moito se fixo temer. Moito o fitaron e remiraron e moito se sorprendían de quen podía ser, pois espallárase que Ponto fora para o reino de Polonia e de Hungría a unha guerra que había alén destes e ninguén coidaba que puidese ser el.

Non pasou moito tempo sen que Benard de La Roche, que tivo a frecha no seu escudo, viñese nobremente armado, con grande cantidade de cornos e trompetas que facían resoar todo co seu clamor. O cabaleiro tomou unha copa de ouro e colleu da fonte, regando con ela a pedra. A auga espaxeouse, e coa mesma comezou a atroar e saraviar e a se avolver o tempo, mais durou pouquiño. E os estraños maravilláronse do portento desa fonte. El regáaba sempre antes de combater. Despois volveu montar no seu cabalo, co helmo posto, colleu a lanza e fincou esporas cara a Benard, e Benard cara a el. Déronse un ao outro tan grandes pancadas que crebaron os escudos e os traspasaron, e volveron atrás, e tanto mallaron un no outro que Benard e o seu cabalo caíron. Mais Benard saíu a pé. E cando o Cabaleiro Negro o viu a pé tamén se el baixou e veu correndo enriba súa coa espada de brillante aceiro e brou rexamente onde o deu acadado. Benard deféndese como pode, mais Ponto bátille crocazos tan fortes que lle tronza as ventas do helmo e todo o círculo, feríndoo un pouco na face. Benard ergue o brazo e bate en Ponto, mais este bota o seu escudo por diante e a ferroada baixa sobre del, entrándolle ben medio pé, tanto que Benard non daba tirado a súa espada, de tan fincada que estaba. Ponto, que ben se decatou, turrou do escudo cara a si con tanta forza que espada e todo viñeron xuntos. E cando Benard se viu sen espada estivo en moito apuro, e Ponto díxolle:

-Entón, cabaleiro: é tempo de irdes á mercé da máis belida doncela deste reino.

Benard non responde palabra, por estar encarraxado e adoecido.

E Ponto dille:

- Xamais, se a Deus aprace, cabaleiro, vos hei eu bater cando non tedes con que vos defender.

Entón Benard vai e trata de o pillar cos puños e Ponto, que era grande e forte, avanta e cólleo polo helmo e turra del cruamente, facéndoo caír de mans no chan e pono por baixo súa e logo dille:

-Déixovos ir á prisión da máis belida; saudaina por mandado do Cabaleiro Negro.

Retirouse, logo, e Benard ben viu a bondade do cabaleiro, polo que o prezou máis; e foise xunto dos cabaleiros que miraban o combate e díxolles:

- Benqueridos señores, atopei o meu amo. Endexamais vin cabaleiro tan rexo, tan cortés e tan forte. Pídvos que me digades cal é a máis belida deste reino.

Sinalaron a filla do rei, chamada Sidonia, todos a unha voz. E Benard foise para Vannes.

Deixo agora un pouco a Benard e volvo a Ponto.

CAPÍTULO VI

Ponto subíu no seu cabalo e meteuse na foresta, con balbordo e á carreira. Foi por certos camiños que el ben coñecía sen que ninguén soubese que fora del. Chegou ao priorado e entrou dentro, pechando a porta atrás súa, e baixou e fíxose desarmar. A dama e o anano e mais os outros con carautas permaneceron ata a noite nos pavillóns, e despois regresaron des que todos se tiveron retirado.

Deixo agora de falar deles e volvo a Sidonia e a Benart de La Roche

CAPÍTULO VII

Sidonia estaba día e noite desacougada e doída, pois cando a súa doncela Elios lle contou as palabras de Ponto dicindo que iría un anaco fóra do país, pensou que era por causa da má cara que ela lle puxera. Arrepentíase extraordinariamente de telo feito e exclamaba para si arreo ás cheas :

- Malpocada! Cativa! Perdino pola miña tolería! Malia o primeiro que me trouxo a nova! Porque ben vexo que se non fose polo medo que Ponto ten a que me poña a mal con el, non tería abandonado o país. Foi gran tolemia miña dubidar de que o seu corazón fose máis leal ca ningún.

Daquela púñase a chorar e a doerse no seu corazón e saloucaba co medo e a tristura de o ter perdido. Así salaiaba día e noite. Moito laiaron na corte por Ponto. O rei non daba calado, tanta perda tiña del, e igual facían seu curmán Polido e os seus outros compañeiros e toda caste de xente grande e pequena. A corte estaba tristenta.

Non pasou moito tempo sen que Benard fose alá. Preguntou pola belida Sidonia e dixo que era seu prisioneiro. O rei mandou na súa procura e foi con gran cantidade de donas e de doncelas. E alá se xuntaron para ouvir a Benard, o señor de La Roche, cabaleiros e toda caste de xente. E ao que chegou á sala, Benard axeonllouse diante dela e díxolle en alto, podendo todos ouvir:

-Miña señora, mándame a vós o Cabaleiro Negro de Armas Brancas, que pola súa proeza venceume coas armas e díxome que me constituíse prisioneiro da máis belida doncela deste reino. Pregunteilles, logo, a todos cantos cabaleiros e escudeiros estaban alá cal era a máis belida e todos eles mantiveron que vós. Réndome na vosa prisión como cabaleiro voso para cumprir coma tal. E díxome tamén que vos saudase por el.

Sidonia púxose rubia, algo avergoñada por que a considerasen a máis belida:

- De certo –dixo- que llelo agradezo porque pararon pouquiño tempo en min. E doulle as grazas ao cabaleiro que vos envía, dicídeme se sabedes quen é.

- A fe que non, miña señora –díxolle el.

- Como? –dixo o rei- Non se pode saber quen é?

- De certo que non –respondeu Benard-mais afirmo que é o máis garrido cabaleiro armado que na miña vida vin e o que mellor sabe bater con lanza e mais espada, e paréceme que é un pouco máis grandeiro que Ponto e ben lle asemella, aínda que non o é, porque din que está no reino de Polonia ou de Hungría, nunha guerra que alá hai.

Moito falou do Cabaleiro Negro e de como a vindeira terza feira debía loitar contra Guieffroy de Lesignen e na outra contra Landry de La Tour e logo contra o conde de Mortaing.

O rei e as damas fixéronlle moi boa acollida ao señor de La Roche e xantaron todos na sala co rei. Sidonia bulreaba con Benard e dicíalle:

- Moito me aprace ter un prisioneiro coma o señor de La Roche. Debedes ter moito medo pola prisión que ides sofrer.

E Benard sorriu dicíndolle:

- Miña señora. Se non me facedes prisión máis dura ca esta heina aturar ben, e sabede que coido que antes de pasar un ano habedes ter unha máis grande e non hei estar eu só nela.

Despois de xantar comezaron as danzas e as carolas³⁵. Mais Sidonia non danzou apenas, e aínda as desprezaba, se non fose polo medo de que notasen o seu amúo.

Déixoos a eles e á corte e volvo á seguinte terza feira.

³⁵ Tipo de danza medieval, bailada a partir do canto.

CAPÍTULO VIII

O día foi fermoso e claro. O señor de Lesignen, que era un cabaleiro extraordinariamente bo, armouse con todas as armas e púxose de diante da fonte. E o Cabaleiro Negro saíu dos pavillóns, coa lanza no puño e o escudo ao pescozo. E des que se albiscaron, deixaron correr os cabalos e déronse grandes pancadas, tantas que estes cairon de cu e a pouco non caen eles tamén. Erguéronse, e os cabaleiros colleron outras lanzas grosas, fortes e cortantes e afastáronse e volveron con todo o pulo que puideron para bateren cos corpos e os animais. Tan fortes ferroadas se deron nos escudos oxivais que cairon todos, cabaleiros e mais cabalos. E tan violentamente que o cabalo de Guieffroy de Lesignen caíu enriba do corpo deste, ficando a cabeza do cabalo por baixo. Nin o cabaleiro nin o animal se daban movido pois Guieffroy tiña a coxa e a perna debaixo e mancáballe moito. Ponto levantouse, el e o seu cabalo, e tivo moita vergoña por ter sido derrubado. Mirou para o cabaleiro, que non se daba movido de so o animal e desceu e achegouse, axudándoo tanto que o tirou de alá. Tiña o pé escordado e non se daba sostido senón no outro, porén botou a man á espada, como home de moita afouteza e ardimento. Mais cando Ponto viu que non daba termado agás nun pé, non lle quixo bater e deixouno levar unha crocada ou dúas dicíndolle:

- Cabaleiro, non estades en condicións, sería vergoña para min atacarvos.

- Por que? –di Guieffroy- Non me teño por vencido en canto poida soster a miña espada.

E cando se guindou para mallar en Ponto, o seu pé pegou nunha pedra e caíu. Ponto axudouno a se erguer de novo.

- Meu señor, de estardes todo san había eu cargar contra vós, mais ben vexo a vosa pexa. Non vos ides render a min senón á máis belida doncela da Bretaña, que ha ter mercé de vós; saudaina polo Cabaleiro Negro. Rógovos que non vaiamos máis adiante do que temos ido, pois ben sei que se vós estivédeses san de a feito non me habiades deixar tan enteiro como me deixades, porque dende hai longo tempo coñezo as vosas proezas.

E cando Guieffroy viu a bondade do cabaleiro, prezouna máis e díxolle:

- Meu señor, hei ir onde vós queirades mandarme, e, se eu coidase que non vos despracese, habíavos preguntar o voso nome.

- Meu señor, nin vós nin outro ningún habedes sabelo por de agora.

E Guieffroy deixou de lle preguntar ou de lle falar diso.

Ponto despídese del e volve para a foresta ás agachadas polos sendeiros, como fixera da outra vez. A xente que viu a loita admirouse moito e dicía:

- Moi cortés e galano é o Cabaleiro Negro: non vistes a súa bondade? Como non quixo tocar ao cabaleiro pois que o viu tan eivado, e o levantou dúas veces?

Moito contaban del louvándoo grandemente.

Foron logo rente de Guieffroy, que non se daba movido, e díxolle el a Landry:

- Benquerido compañeiro, agardarei a terza feira para vos acompañar cabo da belida Sidonia, se é que non poñedes mellor remedio para vós ca o que eu puxen para min.

- Señor –dixo Landry- das aventuras de armas ninguén pode xulgar, pois son asombrosas de máis, nin vós tampouco desta pois debeuse á caída do voso cabalo, do que ninguén se daría librado. Con todo, eu non penso levar vergoña se son quen de loitar con tal cabaleiro como fixestes vós e Benard de la Roche.

Falaron despois de moitas cousas e collérono o mais dondamente que puideron e levárono para Montfort, onde recibiu coidados, podendo na terza feira seguinte- que o día foi fermoso e claro- cabalgar co pé entaboadado.

Ese día, de todas as partes veu moita xente ver o combate, e á hora de prima o Cabaleiro Negro de Armas Brancas saíu fóra dos pavillóns el, a súa doncela e o seu anano, e pola outra banda veu Landry de La Tour. Puxeron baixo os cóbados as lanzas, das que penduraban os gonfalóns, e a toda carreira bateron sen derrubar. Pasaron alén e volveron atrás tan rudamente que traspasaron os escudos e romperon as lanzas, atacándose de volta coas espadas de aceiro e dándose arreo, onde podían, pancadas ás cheas. Estiveron de a cabalo un bo anaco. Ponto mantense ben teso nas estribeiras e zoupa en Landry con toda a súa forza, deixándoo atordado e aboucado e vendo como abanea polo baloucazo. Cólleo entón polo helmo e turra del con toda a forza derrubándoo atordado. Porén, Landry ergueuse o máis axiña que puido, e cando Ponto o viu no chan díxose que non o ía acometer a cabalo, que íría a pé, non fose que llo volvesen en vergoña. Baixa, logo, pon o escudo de diante e a espada no puño e vai correndo enriba del. Landry dispónse a defenderse o mellor que pode, pois sabe que non está fronte a un rapaz. Ponto zóupalle un espadazo e o aceiro escorrega e bate tal golpe no escudo que lle rebanda un cuarto. E Landry, pola súa banda, vólvelle grandes pancadas onde o dá acadado e deféndese moi ben, coma un cabaleiro extraordinariamente forte, resistindo moito. Ponto malla rexamente onde pode atinxilo e maraviállase moito de como Landry dá aturado tanto. Os escudos e os helmos remataron esnaquizados e cansaron eles tanto no primeiro asalto que cumpriu que collesen folgos un pouquiño, pousando nas espadas. Falou Landry o primeiro, dicindo:

-Señor cabaleiro, non sei quen sodes, mais ben podo dicir que non agardaba atopar esta mañá tanta forza e afouteza en vós como probei. Porén, antes de me vencerdes coas armas ides precisar ser máis forte do que fostes

- Mesmamente! –dixo Ponto- Abofé que vos habedes render á belida doncela, se o meu corazón non minte. Levádelle este don da miña espada.

Ergue daquela a espada e boura, como sentindo moita vergoña por a loita durar tanto. Entón a batalla fíxose tan dura que o sangue lles regaba os pés. E, ao que Ponto deu ese baloucazo, Landry deulle outro na tempa, encrocando o helmo todo. Vira o seu escudo e colle a espada coas dúas mans e bátelle a Landry tal zoupada que ficou abouxado, o que non é de estrañar pois o combate entre eles dous xa durara moito de máis e apenas se tiñan en pé. Tanto malla que se decata de que Landry estaba canso e atordado polas pancadas que dera e recibira. Acúrrao logo máis e máis ata velo abanear un pouco. Bótase entón a el con toda a súa forza, derrubándoo e caíndo os dous. Mais Ponto queda por riba e Landry non se pode erguer. Ponto dille:

- Señor cabaleiro, rendeivos .

Landry non daba fala ningunha e aturaba con moita mágoa e moito dó ter que se render. Ponto díxolle con extraordinaria cortesía:

- Señor cabaleiro, rendeivos á belida doncela, rógovolo, e que non haxa máis loita entre vós e eu, porque xa nos temos probado abondo un ao outro.

Entón recoñeceu ben Landry de La Tour a cortesía do cabaleiro co que combatía e díxolle:

- Meu señor, rendereime a ela de grado, pois que vos aprace.

- Doume por satisfeito –dixo Ponto.

Entón érguese moi canso e moi traballado polos fortes golpes que deu e recibiu e polo longo combate que tan duro fora. Achegouse ao seu cabalo con dificultade e subiu enriba, méndose no máis espeso da foresta con tanta rapidez que o perderon de vista. E Guieffroy de Lesignen e outros foron onda Landry de La Tour e preguntáronlle como ía, e el respondeulles que ben para tanto mal como tiña, mais que atopara o seu amo.

-Ah, meus compañeiros! –dixo Guieffroy- Iremos vós e mais eu perante a moi belida e renderémonos á súa mercé.

- Señor –dixo Landry- Eu acompañareivos, pois non é razón que vaiades alá sen min.

Así bulreaban un compañeiro co outro.

Logo tiráronlle a armadura e viuse que tiña feridas en abundancia, mais non lle preocupou pois non eran feridas polas que deixase de cabalgar.

Foron daquela o terceiro día rendérense á belida Sidonia. E o rei acolleunos moi ben e con moita ledicia, como corresponde aos dous mellores cabaleiros que se puidesen atopar en terra ningunha e os de maior sona de alta cabalaría. Foron xunto de Sidonia e puxéronse a mercé dela. E esta, que era moi asisada e cortés, recibiuos con gran ledicia e fíxolles moita festa e honras, ofrecéndolles mantos de

seda forrados de pel e fermosos e ricos cintos dos que pendía cadansúa esmoleira³⁶. Agradecéronllo os cabaleiros e dixéronlle que ben lles ía estaren nesa prisión pois que non era dura de aturar.

- Señores –dixo ela- non sei quen é o cabaleiro que vos aquí envía, mais el e vós facédesme gran honra sen motivo, pois neste reino hainas abondo máis belidas e con máis xeito para quen quixese procuralas e escollelas.

- Señora –dixeron os cabaleiros- cómpre crer a opinión xeral, pois todos vos escolleron como tal.

Estiveron bulreando de moitas cousas e botaron alá dous días, un co rei e o outro con Sidonia. Despois deulles licenza.

Partiron para ir ver o combate do conde de Mortaing, que moi bo cabaleiro era. Saíron, logo, a vella e o anano, coa alxaba e as catro frechas, como xa ouvistes antes, e o ermitán con carauta levábaa polo freo dourado e sinaláballes os escudos nos que as chantar ese mes. E a vella cravou a primeira frecha no escudo de Thibault de Blois, que moita sona tiña de bo cabaleiro, a outra no escudo do conde de Dampmartin, a terceira no escudo de Henry de Monmorransin e a cuarta no escudo de Robert de Roseillon. Eran os catro cabaleiros con maior sona de gran cabalaría entre os que penduraran os escudos aquel día, pois Ponto tiña os seus espías que se informaban dos mellores cabaleiros e das armas que portaban. Por iso non podía fallar e todos dixeron que a vella escollera os mellores. E, ao que lanzou as tres frechas, retirouse para os pavillóns.

Non demorou moito en saír o Cabaleiro Negro armado con todas as súas armas, co escudo ao pescozo e a lanza no puño. E da outra banda veu o conde de Mortaing, con moi rico arnés e un eito de trompas, claríns e flautas. Ao que eles se albiscaron deixaron ir os cabalos e déronse grandes pancadas. Ponto revira o conde e case que o derruba; botan man ás espadas e lánzanse un riba do outro rudamente, mais Ponto bate tan fortes e relox golpes que tronza canto acada. O conde deféndese como pode, polo que a batalla dura longamente, mais Ponto, que era extraordinariamente grande e forte, cólleo polo helmo e turra del tan violentamente que llo arranca e deita polo chan. Mortaing fica co caperuzo de malla e Ponto bátelle un espadazo dicíndolle que se renda, e non o fire co gume. O conde atura moito, mais ao cabo convén en facelo, quixese ou non. Ponto mándalle renderse á máis belida doncela da Bretaña, e logo vaise, meténdose na foresta como tiña por costume. O conde foise entregar á belida Sidonia, como xa tiñan feito os outros, e ela e mais seu pai fíxéronlle moita honra.

Na seguinte terza feira combateu Thibault de Blois, e igualmente os outros deica o mes rematar, mais sería moito contarmos as xustas e combates que cada un fixo ese mes e os seguintes.

Moi boas xustas e grandes enfrontamentos e proezas houbo, longos de narrar e que todos quixeran referir. O resultado foi que todos foron vencidos en

³⁶ Bolsiña que se levaba pendurada do cinto e que orixinalmente se destinaba a gardar as esmolos para os pobres.

armas e enviados á prisión da belida Sidonia. Cincuenta e dous cabaleiros dos mellores que se puidesen atopar en terra ningunha pois, por conquistaren honra, a cada un que ouvía que se ían probar e escoller os mellores cabaleiros con feitos de armas entráballe o desexo de formar parte deles e loitar co Cabaleiro Negro. Tanta foi a sona del en Francia, Alemaña e os outros países que todos ían alá e penduraban os seus escudos. Viñeron moitos de Francia e doutros reinos e bisbarras, e Ponto escollía sempre os mellores e só un por bisbarra para mellor espallar a súa sona. Entre eses cincuenta e dous estivo o duque de Austria, o duque de Lorena, o duque de Bar, o conde de Monbelliart, o conde de Montford e moitos condes e duques, os nobres Guillaume des Barres e Ernoult de Henault, o conde de Saboia e moitos bos cabaleiros que calo sen nomealos todos pois sería longo de máis.

Volvo, logo, ao meu relato para abreviar.

CAPÍTULO IX

Decorrido o ano chegou Pentecoste, e todos os prisioneiros foron renderse, segundo lles fora ordenado.

Ponto mandou facer unha gran estancia cuberta de follas e de plantas rente da fonte das Maravillas, que chaman de Barenton, e enviou en procura de viandas e de toda caste de viños e todo o que cumpría. E escribiulle ao rei unha carta que dicía así:

Ao bo rei de Bretaña, o Cabaleiro Negro das Armas Brancas.

Saúde e toda a amizade e honra.

O Cabaleiro Negro rógavos humildemente que vos apraza estar nesta festa de Pentecoste na foresta de Brocelianda, na fonte das Maravillas, acompañado das máis belidas donas e doncelas do voso reino, sen esquecerdes a vosa filla, para verdes e aconsellardes a quen se dará o premio ao que mellor xustara e ao que mellor e máis fortemente combatera entre os cincuenta e dous cabaleiros de cada terza feira do ano.

Ao que o rei viu a carta e o seu contido levou unha gran alegría e dixo que o Cabaleiro Negro lle facía moita honra e que había estar alá. Mandou en procura da súa filla e díxolle as novas e encargoulle buscar as máis belidas donas e doncelas do seu reino para que fosen con ela por Pentecoste.

- Miña filla querida –dixo o rei- debedes facelo porque o Cabaleiro Negro vos fixo moita honra enviando coa súa espada á vosa prisión tantos bos cabaleiros e grandes señores, polo que tanta honra vos veu a vós e ao noso reino e tan obrigado lle estou ao Cabaleiro.

A belida Sidonia axeonllouse e dixo:

- Pois que vos aprace, hei cumprir a vosa encomenda.

Fixo logo escribir cartas ás grandes damas da Bretaña para que estivesen con ela en Ploërmel a antevíspera da festa e que levasen na súa compañía as máis belidas donas e doncelas que atopar puidesen. As damas que ouviron o mandado de Sidonia levaron unha grande alegría e enfeitáronse e acudiron á xornada.

Houbo unha gran xuntanza; foron para o día de Pentecoste e trouxeron tendas e pavillóns, montándoos por todas as partes: semellaba un gran exército. Ponto chegou antes ca o rei; enviáralles trece pares de vestiduras de gala aos seus trece compañeiros e un par ao senescal Herlant, e mandara por eles para que estivesen no día anterior e lle fixesen compañía. Non é preciso preguntar se o seu curmán Polido e os seus compañeiros estiveron moi ledos pola honra que Deus lle concedera. Foron xunto do rei e cando este soubo que era Ponto quen tantas

proezas fixera non é preciso preguntar canta ledicia tivo e canta festa e honor lle fixo; non puido deixar de o abrazar e bicar. E logo díxolle:

- Estivestes moito tempo oculto de nós. Díciase que estabades en Hungría ou en Polonia, nunha guerra que alá había, mais o meu corazón dicíame, abofé, que erades vós o que faciades tais portentos.

Ponto púxose rubio e non deu fala, pois dáballe vergoña que o rei o louvase.

Despois diso foi xunto de Sidonia, que estaba moi ben acompañada de belidas donas e doncelas. Ponto inclínase perante ela e saúdaa, e ela vólvelle o saúdo sentindo toda a alegría que o seu corazón puidese ter ou pensar. Con todo, díxolle rindo:

-Moi longamente vos tedes ocultado de nós nesta foresta, Ponto! Temo que non vos volverades salvaxe!

- Ai, señora , cos meus respectos, son doado de domar.

E vaise de cabo dela, conturbado ao ver a súa dama que hai tanto tempo non vira. Vai saudar as damas que se enramallaran con follas e con chapeus e dilles:

- Señorás, rogo a Deus que cada unha de vós teña o que o seu corazón degora, pois abofé que é boa cousa ver tan fermosa compañía.

As damas volvéronlle o saúdo, todas ledas de velo, pois amábano moi por riba dos outros cabaleiros e dicían unhas para as outras:

-É Ponto, o garrido e bo cabaleiro. Benia Deus pola grande honra que lle fixo. Queira El conservalo como o mellor cabaleiro do mundo!

Moi ben falaban del ao perto e ao lonxe.

Chegaron á fonte con grande ledicia o rei e as damas e baixaron alá. E por outra banda chegaron cabaleiros estranxeiros. O rei e as damas fixéronlles moi boa acollida. Había moito son de toda clase de instrumentos que facían ecoar e choutar a foresta enteira. E o rei e Ponto fixeron grandes honras aos duques e señores como o duque de Austria, de Lorena, de Bar e o conde de Dampmartin, de Saboia, de Montbelliart e outros grandes señores. Foron ouvir misa, que cantou o bispo de Rennes. Despois foron para a estancia, e sentaron o rei e as damas e Sidonia no alto estrado, e despois cada un segundo o seu rango.

Grande foi a festa e grande era a estancia. A unha banda estaban pendurados os escudos dos cincuenta e dous cabaleiros conquistados. Moi belido e extraordinario foi o lecer, como rapaces armados que xuntos combatían e facían diferentes cousas. Abriron o acto seis donas e seis doncelas, das máis belidas, con seis dos mellores e máis vedraños cabaleiros e seis escudeiros. Uns levaron a lanza

e o gonfalón negro con armas brancas de grosas margaritas³⁷ de Oriente, e un círculo de ouro portentosamente enriquecido con perlas e pedras preciosas. Os outros levaron a rica espada con pomo de ouro e fitas de seda traballadas con ricas pedras e finas margaritas de Oriente, e unha rica coroa de ouro con grosas margaridas³⁸ de perlas e de pedras preciosas. Daba xenio ver esas riquezas que Ponto gañara na nave do fillo do sultán; el dicíase que non as podía empregar mellor senón diante de tantos príncipes, pois todos os seus feitos resaltarían con moita honra. As damas e os cabaleiros daban voltas e ían pola estancia cantando como se nonoubesen a quen llas presentar. E logo foron diante do señor de Lesignan e presentáronlle a lanza e o gonfalón, e pousaron na súa testa o rico círculo de ouro para o mellor xustador. Despois foron cara a Landry de La Tour e presentáronlle a rica espada e pousaron na súa testa a rica coroa, quixese ou non, pois moito se desculpou dicindo que lle facían honra e que el non a merecera e había moitos que a mereceran máis, e púñase rubio e dáballo vergoña. Mais Ponto dispuxéao así, pois dicía, a boa fe, que fora el o que máis de facer lle dera en día ningún. Guieffroy tamén xustara moi ben. E comezaron os menestreis a tanxer toda caste de instrumentos e os heraldos a pregoar, de xeito que non se daría escoitado o trebón de Deus, pois todo ecoaba por bosques e veigas. Moitas viandas diversas e bos viños houbo e grandes dons se fixeron aos heraldos e menestreis.

Ponto foi atrás do rei e díxolle á orella.

- Maxestade, se vos apracera, faríamos proclamar xustas para mañá e a terza feira en Rennes a fin de que lles mostrásedes recoñecemento a estes duques e príncipes, pois sería honra vosa.

- Ah! -dixo o rei- Abofé que é bo e leal consello, rógovos que así se faga.

Entón Ponto chama un heraldo e faille pregoar que o Cabaleiro Branco da Rosa Vermella ha estar a segunda e a terza feira na vila de Rennes, con cinco compañeiros, para librar combate a tres lanzas contra todos os cabaleiros que se presenten, e que o atacante que leve o premio da segunda feira terá o cinto e a esmoleira da máis belida da festa, e o da terza un gavián mudado e correas de perlas e un capelo que a mais belida lle había dar, e o defensor que mellor xustase levaría o anel da máis belida.

No outro día partiron cediño e foron ouvir misa a San Pedro de Rennes e logo comeron un pouquiño. O rei e as damas situáronse nas estadas. Chegou logo Ponto -de branco todo el e o seu cabalo, cunha rosa vermella que simbolizaba a súa dama- e os seus cinco compañeiros que eran Benard de La Roche, o vizconde de Leon, o vizconde de Donges, Polido e o senescal Herlant, todos bos cabaleiros. As xustas foron grandes esa segunda feira e fóronas tamén na terza, con duros golpes dados. Mais por riba de todos xustaba rexamente Ponto, pois derrubaba cabaleiros e cabalos e facía portentos tais que todos temían enfrontarse a el. E puña corazón e vontade pola súa dama, perante a que estaba. Louvárono grandes e pequenos, e as damas falaban del dicindo:

³⁷ *Margarita* é unha denominación antiga da perla.

³⁸ Aquí refírese probabelmente a que as perlas e pedras preciosas formaban a figura desta flor.

-Velaí ven, derrubando todo diante súa. Tolo é quen vai contra el. A súa lanza non deixa ninguén sen eivar ou facer caír.

Sidonia, que ve as damas gabalo, non dá unha fala e gárdase de que ninguén se decate de que está máis leda ca outra, aínda que no seu corazón estea toda contenta.

Moi ben xustaron o duque de Austria, o de Lorena, o conde de Saboia, o de Montbeliart e outros. Mais sería en exceso longo de detallar todos os bos xustadores da segunda e terza feira. Moi ben os festexaron e moitas honras lles fixeron na cea da terza, nunha festa grande e leda. Déronlle o premio para o atacante da segunda feira ao conde de Montbeliart, moi bo cabaleiro, e levou o cinto e a esmoleira de Sidonia, pois foi elixida a máis belida. O premio para o atacante da terza foi concedido ao duque de Austria, que levou o gavián de ricas correas e o capelo de Sidonia. Ponto levou o premio para os defensores da segunda feira e quixo que o da terza fose concedido ao señor de La Roche, que fora o que mellor xustara non sendo el, co que ninguén se comparaba. As damas enviáronlle un anel cun groso rubín a Ponto e un prendedor riquísimo a Benart de La Roche. Heraldos e menestreis fixeron gran alegría e rebumbio; despois da cea foron as carolas, as danzas e as cancións deica a medianoite, e logo beberon e comeron confeitados.

Despois, os estranxeiros despedíronse do rei e de Sidonia e das altas damas e fóronse a terza feira pola mañá, logo da misa. Ponto acompañaos ata Chastiaugiron, onde mandara preparar o almorzo. Despois deste quería seguilos a acompañar, mais os señores non quixeron molestalo; ofreceuse moito a eles e despedíronse uns dos outros. Moito gabaron os señores a boa compañía e a cortesía de Ponto e o que el era de certo o cabaleiro máis garrido, mellor e máis agraciado do mundo, na súa opinión, e que endexamais viran seu igual. Igualmente louvaban a Sidonia, a súa beleza e cortesía, e o moi feliz que sería quen a puidese ter. Ponto volveuse co rei e coas damas. Despois de xantar, as damas e os cabaleiros da Bretaña despedíronse do rei e da súa filla. O rei foise con Sidonia, cantarolando ledo, cara a Suscinio.

Dunha vez estaban a falar entre eles Sidonia e Ponto e dixo Sidonia:

-Ai, Ponto, longamente vos ocultastes de nós. Moito me asombraba non ter outramente novas vosas.

- Señora –dixolle el- Cada semana eu servíavos un cabaleiro.

- Falades certo, benquerido amigo, enviástesme dos máis nobres cabaleiros que atopar se poden, porén teríame dado moito pracer saber quen mos enviaba e que eles viñan por causa vosa, pois todos dicían que estabades en Hungría. Estrañábame moito que non me tiverades feito saber outramente a vosa ida, polo que eu tiña o corazón desacougado.

- Ah, señora, non estaba lonxe de vós. Co meu corazón e o meu pensamento; e todo o que facía, facíao pensando no voso amor e en que medrase a vosa boa

sona, pois sabía que vos habían escoller como a dama máis belida da Bretaña. E tanto fixen que os mellores cabaleiros dos que se saiba viñéronvos ver e pórense á vosa mercé. Porén, miña señora, abofé que non fun eu quen o fixo senón vós, e agradézovos a coraxe e a afouteza que me destes, pois eu non tería sabido nin ousado emprendelo.

- Ponto –dixo ela- ben sei que esa ventura e honra vos ven de Deus e non de fóra, e é porque o amades e o temedes e El dávos a graza, a forza e o ardimento. Debédesllo agradecer moito.

-Señora –dixo el- tal eu fago, mais penso que o pulo ven de vós.

- Deixemos estas falas, Ponto, –dixo ela- pois abofé que a maior ledicia que o meu corazón pode ter é ouvir boas novas de vós entrementres vos atope leal na garda da honra do rei e mais de min.

-Señora –dixo el- diso podedes estar segura, porque mellor quixera eu estar morto ca ter pensado outramente. A fe!

Estando eles nesa conversa chegou Guenelete, un dos catorce compañeiros, que era moi envexoso, engaiolador e argalleiro. Tiña moita envexa do seu señor e doíalle que na corte non houbese ninguén superior a el. Viu que o rei ía vello e pensou que con trécolas e louvamiñas había facerse o amo. Pensou daquela en afastar o seu señor, que vía o preferido do rei, pois, de estar Ponto fóra da corte, dominaría el. Guenelete non podía estarse sen tecer traicións e cando viu o rei só polo bosque no que cazaba díxolle:

- Vovos dar un gran consello, mais xuraime lealmente, con palabra de rei, de non me descubrirdes.

- Xúrovoló –dixo o rei, que foi todo aberto e leal e fiaba nel.

- Meu tan temido señor, vós tédesme mantido e formado, e todo o ben que eu teño ven da vosa benevolencia. Débovos, daquela, amar máis ca a pai e nai e a xente toda. Por iso o meu corazón non podería sufrir o voso dano nin a vosa deshonra. E quérovos avisar dunha cousa que toca moito a esta. Mesmo se amo a Ponto máis ca a ningún outro home vivo agás vós, non quixera apoialo contra a vosa condición, tanto vos amo. Maxestade, é así que Ponto cobiza a vosa señora filla. Precaveivos, pois é cabaleiro moi garrido e sospeito que tén un amor tolo que vos puidese vir a vós e a ela en gran vergoña e deshonra.

-Ai, Guenelete, -dixo o rei- ben vexo que me amades moito e que non quixerades a miña deshonra. Estouvos obrigado cada día máis e grandemente volo agradezo.

Así lle deu as grazas o rei, coidando que lle contaba verdade.

- Ai –dixo Guenelete- non me debedes dar as grazas pois téñome por tan obrigado a vós que non hai cousa que ningún home mortal puidese facer polo seu

señor e eu non a fixese, mesmo morrer para alongar a vosa vida, se fose mester. Mais, señor, vouvos dicir de que xeito o podedes pór a proba: se el di que non é certo que a cobiza dicídlle que o xure. Ides ver sen dúbida que non o ha querer facer.

Ouvíralle Guenelete a Ponto dicir que nin pola banda de Galiza nin pola de España ningún fillo de rei debe facer xuramento para demostrar algo mentres é capaz de combater; se outramente fixer veríase en deshonra. Por iso Guenelete lle dixo ao rei tal cousa sabendo que Ponto non ía facer xuramento, e que por este camiño había el enfrontalo e afastalo da corte para mellor dominala, porque ningún envexoso dá aturado nada.

O rei estivo pensamento e morriñoso por estas novas pois amaba extraordinariamente a súa filla e tiña medo da súa deshonra. Cando volveu do bosque e estaba a baixar do seu palafrén, Ponto, que andaba por alá, foi para lle coller a espada e as luvas como tiña por costume. Mais o rei virouse cara á outra banda e fixo aceno de non lle falar. Ao que Ponto viu iso, ben soubo que estaba anoxado con el e foille dicir:

- Que é, Maxestade? Estadades asañado comigo? Por Deus, dicídlle o mal que fixen.

- Ai, Ponto, Ponto! - dixo o rei moi encarraxado- Pouca crianza fixen de vós cando tratades de me deshonrar.

- Como é, Maxestade? -dixo Ponto- Facendo o que?

- Cobizando a miña filla para a deshonrardes, a miña única filla que é toda a miña ledicia e a prolongación da miña vida.

- Maxestade -dixo Ponto- Quen vos dixo tal? Se hai alguén que ousa dicilo, estou presto neste momento a demostrar a poder do meu corpo -co debido respecto a vós- que el mente con falsía.

- Non -dixo o rei- Se queredes xurar sobre os Santos Evanxeos de Deus que non a cobizades como din, poderíavos crer.

- Maxestade, afirmar que non a amo tanto como debo á filla do meu lídimo señor non digo que non, mais de que eu quixese facer ou matinar cousa que levasese á deshonra dela ou vosa, hei responder como debe facelo un leal cabaleiro. Ai, Maxestade, sabedes que outra cousa non me podedes pedir con salvación da miña honra, porque sabedes que fillo de rei non debe facer xuramento en demostración de algo namentres poida defenderse co seu corpo, pois que tal é o costume do país do que eu son.

- Eu non sei -dixo o rei moi alporizado polas falas que ouvira.

- Maxestade –dixo Ponto- aínda antes ofrecereivos combater contra dous e mesmo contra tres, porque sinto o feito tan limpo e claro que estou certo de que Deus ha de me axudar como verdadeiro xuíz deste caso.

- Ah! –dixo o rei- Sentídesvos tan forte e tan bo cabaleiro que sabedes que ninguén ousaría combater contra vós.

- Ah! –dixo Ponto- Ofrézovos todo canto vos podo ofrecer con honra.

O rei refugouno e dixo que non se faría combate sobre este asunto. E cando Ponto viu iso ficou doído e amuado, porque ao ser fillo de rei tiña vergoña de facer o xuramento, non llo tivesen en deshonra, e por outra banda o rei non lle quería facer xustiza. Foi xunto del e pediulle licenza para partir, dicíndolle que non quería morar na súa mansión sen que o cresen ou estando baixo sospeita.

Partíu, logo, e foi xunto a Sidonia, contándolle o que o rei lle dixerá e como el ofrecera combater contra dous e mesmo tres e non quería facerlle xustiza e quería obrigalo a xurar, con deshonra para Ponto. E cando Sidonia escoita iso non é preciso preguntar se ten gran dó de corazón, tan turbada ficou. E cando deu falado, dixo:

- Ai, Deus! Quen son eses traidores e falcatrueiros que tan grandes deslealdades e argalladas teceron? Pois, a fe, que xuro sobre Deus que no noso amor non hai ruín pensamento ningún. Mais vese que a Envexa non dá finado.

- Miña señora –dixo el- a fe que dicides verdade. Quixera agora afastarme de vós con tal coita e mágoa como endexamais un cabaleiro se afastou dunha dama.

- Ai, meu benquerido amigo –dixo ela- paréceme que mellor fora facer o xuramento, pois seguramente poderíades facelo e despois desculparvos.

-Ai, miña señora –dixo el- Nunca eu ousaría verme no país no que nacín, e Deus non queira que eu sexa o primeiro fillo de rei en facer xuramento, pois seríame reprochado sempre a min e aos meus herdeiros. Señora, aínda que o corpo se afaste de vós un anaco, o corazón ha permanecer noite e día convosco. Estarei de volta de aquí a sete anos -se a Deus lle aprace se é que vivo e antes non veño. Ben quixera que de aquí a alá non casarades, se vos for posíbel.

-Ai, que prazo tan longo é! –dixo ela- Entrementres hei vivir na dor e os meus días han ser tridentos e as miñas noites duras de aturar.

Nestas falas ficou toda amaiada, esvaecida e estantía. Aos dous se lles apertou tanto o corazón que apenas se deron dito máis nada, abrazados, coas bágoas a lles caír.

Ponto pon o seu chapeu por diante dos ollos e vaise para os seus cuartos, pechando a porta atrás súa. O seu corazón berraba e dicía para si que era o máis malfadado cabaleiro que houbese, cando a dama podía recibir reproche tal por

culpa del seu motivo ningún. Por outra banda, perde toda alegría mundana pois perde o país e a visión de Sidonia sen albiscar remedio. Láíase e quéixase con moita dor e despois dun anaco en tanta coita, esfórzase en poñer boa cara e refréase.

E se el ten dó, Sidonia non ten menos. Vai ao seu roupeiro, chama por Elios, e cando ve que están soas elas dúas comeza o seu pranto, tan grande e abraiante que magoa vela, e di:

- Ai, Elios, miña benquerida amiga! Vaise o garrido, o bo, a flor da cabalaría e da cortesía, o mellor dos vivos e o máis dotado, o de mellores modos entre os de calquera condición e toda caste de xente! E é ben razón, porque ama e teme a Deus, honra os vellos e os sabios, e é humilde tanto co pequeno como co grande. É espello de toda xenerosidade e nobreza o seu doce corazón galano e bondadoso. Que ha facer o meu corazón, despois de el partir, senón esmorecer noite e día sen ningunha alegría nin acougo? Porque eu ben sei que o seu corpo non ha sufrir menos.

Entón Elios cóllea e dálle unha aperta e Sidonia cai nun pasmo. Elios chora e borriña unha pouquiña de auga sobre a súa señora e confórtaa o mellor que pode, mais de nada val, tan doída está. Logo Sidonia dille a Elios:

- Miña amiga, non vos podo ocultar o meu corazón, tanto vos quero e fío en vós. Mais esta dor venme cando penso na gran deslealdade que se nos botou enriba, miña amiga; endexamais nela pensáramos, pois máis leal amor nunca houbo. E despois penso nas palabras que se dixeron con gran dano, e en que por min Ponto perdeu o país onde tan amado era por grandes e pequenos, e en que todo o mal que ha sufrir será por min, sendo eu, logo, a causa do seu infortunio. Todas esas cousas apértanme o corazón.

Moito se doía. E despois enxugou os ollos e non demorou case en ir á sala de recepción coas súas damas e non puxo semblante ningún de preocupación. Moi asisada era e sabía ocultarse. As donas e doncelas choraban e laiábanse da mágoa de Ponto maldicindo a quen trouxera tal falsa nova. Mais Sidonia confortábaas agarimosamente.

Deixámolas agora a elas e volvemos a Ponto.

CAPÍTULO X

Ponto chama os seus chambeláns e un escudeiro encargándolles que metan en arcas o que precisa. E afástase da corte e de todos. Non hai ninguén que non chore e berre e se tire do cabelo, e todos teñen moito dó, como se visen mortos os seus amigos todos. Tanto o amaban.

Vaise, logo, da corte. Os baróns e os cabaleiros que poden montar a cabalo acompañano chorando e tentan retelo ás boas, dicíndolle que o rei ía vello e endoudecera, polo que non lle podía ter en conta cousa que dixese. Mais Ponto non os escoita e, de que o tiveron acompañado unha legua, para e rógalles que se volvan. Fíxolles volverse a todos, quixesen ou non. En se despedindo, moitos choraron e saloucaron, e volvéronse entre laios dicindo:

- Ai, Bretaña! Moito debes ti chorar cando o garrido e bo cabaleiro que te mantiña en paz e ledicia e te acochaba de todos os perigos circundantes e de todas as adversidades -cal a galiña aos pitiños- cando el, que todos os baróns e o pobo amaban, se vai.

Así o tiñan en perda e o choraban, maldicindo a quen aquelas falsidades artellara.

Ponto cabalgou deica Saint-Malo e alí mandou dispor unha nave, e no outro día ouvíu misa e despois meteuse ao mar. Con el querían ir Herlant e os seus compañeiros, agás Guenelete, mais Ponto non quixo facelos sofrer; díxolles que o rei, que os formara e os alimentara, podía facerlles moito ben e por iso quería que volvesen con el. Con gran mágoa afastáronse, tan tristes e doídos estaban. Despedíronse chorando, e des que perderon de vista a nave comezaron o seu gran dó e o seu gran pranto, non sendo Guenelete que puña rostro compunxido mais tiña gran contento, por moita cara que puxese.

Vai Ponto perdendo de vista a Bretaña e as bágoas cáenlle dos ollos dicindo baixiño:

-Abenzoada sexa Bretaña -e a belida, a boa, a máis leal e a mellor doncela que exista, e tamén as outras damas todas polo amor dela- pois endexamais houbo país tan doce.

Moi triste e magoado tivo el o corazón pola súa dama que alá ficaba. Porén, domeou a súa dor do mellor xeito que puido.

Chegou ao porto de Southampton e foi cara a Londres de a cabalo. No seu camiño, Ponto viu pasar un porco bravo e acadouno e cortouno en dúas metades. Henry, o fillo de rei, viu aquel golpe e maravillouse e rogoulle que fose con el. Preguntoulle pola súa condición e el díxolla, engadindo despois:

- Meu señor, como ouvín a sona da corte do rei de Inglaterra, e que el tiña dous fillos cabaleiros, viñen por aquí para ver o estado e a nobreza da súa corte.

- Señor –dixo Henry- sede benchegado, eu son un dos fillos do rei e rógovos que permanezades comigo.

- Alteza, acepto por Deus, pois que vos aprace

Foron daquela xuntos cara á corte falando de diversas cousas. Cando chegaron o rei estaba xa sentado a xantar. Henry ordenou que lle dispuxesen ao seu cabaleiro cuarto e mais cabalariza e talmente se fixo. O príncipe entrou na estancia co seu cabaleiro e saudaron o rei e a raíña. O rei preguntoulle como lle fora a cazata e el díxollo, logo preguntoulle en baixiño quen era aquel garrido cabaleiro e el explicoulle como o atopara e o certo golpe co que abatera o porco bravo. Moito miraron para Ponto, pois de todas as partes viñan velo como se fose un milagre. A corte ateigouse axiña, porque chegara o máis garrido cabaleiro do mundo, traído polo fillo do rei. As damas ollábano, especialmente as dúas fillas do soberano, e dicían :

- Velaquí un cabaleiro extraordinariamente garrido.

- Talmente –dixo a outra- porque se é garrido, aínda é máis delicado e falangueiro.

Fixérono sentar entre as damas. Despois de xantar, o rei saíu da estancia e viu o porco bravo, que era o mais grande que ata entón se tivese visto e estaba en dúas metades.

- Ei! –díxolles Henry ao rei e á raíña- Velaí o que o meu cabaleiro fixo dun só golpe coa súa espada!

Ponto virouse cara á outra banda avergoñado de que o louvasen por ese golpe.

O rei e a raíña preguntáronlle de onde era e el díxolles:

- Do reino de Francia.

- E como vos chaman? –preguntoulle o rei.

- Maxestade, chámanme o Privado de Camiño Dereito.

Pediulle novas de Francia e de toda caste de cousas, e o rei atopou respostas tan sabias que moito se asombrou. E logo díxolles á raíña e aos cabaleiros que endexamais tiña conversado cun cabaleiro tan sabio e de tan boas falas como aquel.

- De certo –dixo o rei- o meu corazón dime que é máis nobre e máis importante do que el conta

Botou alá dentro un bo anaco, e canto máis o viron máis o amaron e prezaron. Moito lle doía ao príncipe Jehan, o fillo máis vello do rei, non o ter atopado antes ca seu irmán Henry.

Sabía ben de todos os leceres, como bosques, ríos e animais de caza, e sempre facía que non entendía da materia e non se louvaba de cousa que fixese, tirando daqueles- fosen bestas ou paxaros- máis pracer ca ninguén, sen medo. Moito lles gustaba a todos o seu xeito e o seu porte; amaba grandemente a Igrexa e ouvía misa decote e dáballes aos pobres; o seu gran xuramento era : “Abofé!” , “Évos así!”.

Un serán, o fillo do conde de Gloucester -moi bo e forte cabaleiro aínda que un pouco gabancioso- estaba a lanzar a pedra co fillo do rei e varios outros. Adiantara ao príncipe Henry catro dedos e presumía diante das damas con moita fachenda. Henry estaba moi doído, mesmo se puña boa cara. Daquela foise rente de Ponto e díxolle:

-Privado, meu amigo , faceime o favor, ide tomar o desquite por min, porque Raoulant de Gloucester presume diante das damas de que me deixou moi atrás.

- Señor –dixo o Privado- pois que vos aprace hei ir, mais niso son ben pouca cousa.

Á petición do seu amo, colleu a pedra e situouse dous dedos por diante. O outro esforzouse tanto que chegou a tocalo.

- Ah! –dixo o príncipe Henry- Pola fe que lle debedes á muller que mais amades do mundo, lanzádea tanto como poidades!

Cando se ouviu conxurar dese xeito, Ponto lembrouse da súa amiga e dixo:

- Señor, moi fortemente me conxurastes, pois que lle debo moita fe á miña señora nai.

- Ah! –dixo Genevre, a filla máis vella do rei- Aínda non medrastes abondo como para buscardes por vós mesmo.

-Señora –dixo el- son tan parvo e tan zoupón que ningunha se dignaría a amarme.

-Sabe Deus! –dixo Genevre.

E logo dixo ela no seu corazón:

-Prouguera a Deus que me amase tanto como eu quixese amalo a el!

Colleu o Privado a pedra e lanzouna ben sete pés alén. E cando o rei e as damas viron o golpe ese, persignáronse polo portento. O fillo do conde ficou abraiado e dixo:

- Estou vencido.

Daquela díxolle o príncipe Henry ao Privado:

- Por que tardastes tanto en facerdes este golpe?

- Ai, señor! –dixo el- De non ser porque me conxurastes dese xeito, endexamais me tería eu mesturado, porque lle causei descontento –o que a min me desagrada- só por obedecervos e contentarvos, e vós sabedes que a min non me presta causarlle amúo a ninguén.

Niso viu o seu amo a súa gran cortesía .

Genevre foi cabo do seu irmán e díxolle:

- Benquerido irmán, vide xogar e vos espaxeirar nos meus cuartos e traéi convosco o voso cabaleiro, rógovolo.

- Miña irmá –dixo el- de grado acepto.

Foron, logo, xogar e espaxeirarse nos cuartos e fixeron traer viño e confeitados. E despois puxéronse a danzar e a cantar, mais apenas daban feito danzar o Privado, pois dicía que non sabía. Porén, cando se puxo a danzar un pouco, danzou mellor ca ninguén. Tampouco non o daban feito cantar, e por rogo das fillas do rei cantou unha canción, sendo o mellor. Despois de teren cantado, o fillo do rei e a súa irmá puxéronse a tocar a harpa, e despois de tocaren unha peza, rogáronlle ao Privado que tocasse o mesmo instrumento, mais non quería facelo. Ao cabo tocou portentosamente ben un belido lai³⁹ novo. E Genevre díxolle ao Privado:

- Moito me aleda que saibades este lai, abofé, pois temos un extraordinario desexo de o aprender, que é o lai composto polo bo cabaleiro Ponto para a súa amiga, segundo nos contaron, e ben me decato de por que o fixo.

- Señora –dixo el- non sei quen o fixo.

Tivo unha pouca vergoña e púxose rubio cando pensou naquela para quen o fixera.

Genevre e a súa irmá mandaron poñelo por escrito e logo foron xunto do rei e da raíña e dixéronlle que o Privado sabía o lai que Ponto fixera na Pequena Bretaña. Cumpriu que o interpretase á harpa para o rei e a raíña, que o consideraron portentosamente belido.

³⁹ Composición poética medieval, de reminiscencias célticas, que con frecuencia bebe na materia de Bretaña. Entre os máis coñecidos están os lais de Marie de France, no século XII-XIII. No século XIV o lai difúndese extraordinariamente como xénero musical no que destacaron principalmente Guillaume de Machaut e Eustache Deschamps.

- De certo –dixo o rei- benqueridas fillas, aprendeino porque é fermoso e o cabaleiro interprétao ben.

De todos os leceres e xogos sabía maravillas.

Unha vez Genevre interpelouno dicíndolle:

- Privado: Hai neste reino algunha dona ou doncela que sexa do voso agrado? Dicidemo, porque abofé que eu heivos axudar de corazón, prométovolo.

-Señora, agradézovolo –dixo el- A vosa axuda sempre me é precisa. Tocante a aquilo, estímoas todas, como se debe facer coas boas damas.

-Ai, Privado, Privado! –dixo ela- Seica todas son iguais? Non hai ningunhas que avantaxen ás outras?

- Miña señora –dixo el- todas son tan boas que non se lles daría desexado ben e honra abondo. E canto a min, o amor dun cabaleiro pobre é pouca cousa.

- Ah! –dixo ela- Non é pobre quen ten a garrideza, a bondade, os bos costumes e o porte distinguido que vós tedes, porque abofé que non sei de ningunha alta dama deste país que non se tivese por honrada de ser amada por tal cabaleiro como eu espero que sexades.

- Señora-dixo el- estou ben lonxe de ser tal como vós dicides, mais gústavos rir e facer bulra dun cabaleiro pobre como eu son.

- Ai! –dixo ela- Non creades iso. Abofé , dígoo como o penso.

Sempre o cabaleiro tomaba as falas dela por brincadeira e non afirmaba nada que Genevre puidese entender como que tiña intención amorosa, o que lle desagradaba moito, pois se ela atopase atracción descubriríase máis largamente. Ben o comprobaba con frecuencia o Privado en moitas belidas donas e doncelas e grandes señoras que lle dirixían palabras e olladas reveladoras de amor se el quixese. A todas lles puña boa cara sen lles dar sinal de amor e por iso algunhas sufrían moito, especialmente as fillas do rei. Con prudencia contíñase, agradando a toda caste de xente. Despois pensaba na súa dama e saloucaba e compuña lais con versos que remataban en laios de dor e en promesas de servila decote lealmente sen mudar. E facendo estas cousas atopaba moito conforto e alivio para os seus afogantes pensamentos.

Correron daquela rumores de guerra entre o rei de Inglaterra e o rei de Irlanda. Estaban en tregua, que rompeu ao pasaren tres días da festa de San Miguel. O rei de Irlanda avantara xa a cabalo cun gran exército e as novas chegaran á corte. O rei enviou escritos oficiais e cartas e efectuou a súa intimidación e a súa orde, e nela dispuxo enviar alá os seus dous fillos. O Privado preguntoulle ao seu amo:

-Alteza: ten razóns o rei para guerrear?

E Henry dixo que seu pai tiña boas razóns:

- Collo a arma por el e asumo o perigo.

- Alteza –dixo o Privado- irei daquela convosco, pois sen boas razóns para a guerra non collería eu as armas por cousa ningunha, porque debemos preferir as almas aos corpos, que son mortais e de día en día camiñan á súa fin; en troque a alma, que non pode morrer, cómpre que teña o seu galardón polo ben ou polo mal feito.

O seu amo escoitouno e prezouno moito máis polas súas palabras. Porén, estaba convencido de ter o dereito da súa parte.

Organizouse o exército, partiron e foron contra o rei de Irlanda, que dominaba a campía e xa tomara un castelo por asalto. Cando este soubo polos seus espías que os dous fillos do rei ían á batalla avanzou contra eles, pois era arrizado e bo cabaleiro.

Que vos hei contar?

O rei de Irlanda tiña seis corpos e moito pobo. A nosa xente só formaba catro corpos: o primeiro mandado polo conde de Southampton, mariscal de Inglaterra; o segundo polo príncipe Henry; o terceiro, no que había máis baróns, polo príncipe Jehan, o outro fillo do rei; e o cuarto polo rei de Cornualles, bo cabaleiro e sobriño do rei, co que ían os galeses. O rei de Irlanda levaba maior cantidade de homes de a pé, mais os ingleses levabána maior de a cabalo. Ao se xuntaren houbo moito balbordo e berros, e moitos cabaleiros derrubados que logo non se puideron erguer en por eles. Moito tivo que sofrer o conde, e cando o Privado, que ía no segundo corpo, viu recuar os seus, díxolle ao seu amo:

-Alteza, é tempo de bulirmos, mirai a nosa xente perder terreo.

-Tedes razón –dixo Henry.

Entón deixáronse ir, pegaron na batalla e derrubaron os cabaleiros que viñan contra eles. E logo botaron man ás espadas e comezou o combate bravo e crú. Axiña fixeron recuar os irlandeses, tanto que a outra tropa ocupou aquela parte. Alá estaba o rei de Irlanda coa mellor xente que tiña, e houbo gran rebumbio e gran son de trompetas e de flautas.

Non tardaron moito as tropas todas en se xuntaren; moi boas xustas houbo mais serían longas de contar unha a unha. O Privado, que tiña gran talento de facer as cousas ben, derrubou varios dunha lanzada e botou man da espada. Comezou, pois, a bater a torto e a dereito e a arredar as ringleiras diante súa abríndose camiño. Os que nunca antes o tiñan visto coñecían nese momento, e con tais proezas que moitos deixaban a cousa para mirar. Coa mesma, o rei díxose que se ese cabaleiro vivía longamente había destronalo a el, polo que fincou as esporas e apuntou cunha grosa lanza. Bate de través e fai revirar o Privado na espora, con todo sen caír malia estar moi pertiño, e cando se endereitou de novo, díxose para o

seu corazón que pouco se prezaría se non se daba cobrado. Ben recoñeceu que aquel era o rei pois xa lle vira facer outros prodixios ese día, e mais viuno moi ricamente adobiado de perlas e pedras preciosas. Entón o Privado adiántase e bátelle no helmo un baloucazo que o atordoa e o fai abanear no cabalo. Non quixo petar máis, non o matase, e dixo para si que endexamais, se Deus quixer, había matar un tan bo cabaleiro. Daquela cólleo polo ombreiro e turra del, facéndoo saír dos arzóns, e pono diante súa, levándoo coma o lobo a súa presa. Os irlandeses tentaron rescatalo, mais el malla de arredor tan reloxos golpes que ninguén ousaba achegarse senón como un braco ladrándolle a un porco bravo. Ao cabo, levouno fóra da batalla e púxo baixo vixía, esixíndolle a súa palabra de que non escaparía. Cando os irlandeses viron que capturaran o seu rei, perderon os azos e comezaron a fuxir como puideron aos bosques e montes. Moitos foron presos e mortos e derrubados na persecución. Polo serán, cadaquén retirouse agrupándose baixo a súa bandeira e estandarte, acampando no terreo da batalla en sinal de vitoria. Moi ledo se puxo o príncipe Henry de que o seu cabaleiro collera o rei e moito se falou da súa afouteza cabaleira. Todos dicían: “Foi el quen venceu”. No outro día foron diante do castelo que o rei de Irlanda tomara e rendeuse, igual que outras vilas e castelos. Comezu o inverno e cadaquén volveu para a súa terra.

Moi grande foi a ledicia polas novas que chegaron á corte segundo as que o Privado derrotara os irlandeses e capturara o rei no medio da súa xente. Moito se gabou a súa conduta cabaleirosa. Cando chegou, o rei e a raíña foron cara a el e díxéronlle:

- Benchegado sexais, bo cabaleiro, flor da cabalaría!

O Privado tivo gran vergoña pola honra que lle facían, e díxolles ao rei e á raíña que o abafaban, e que de telo sabido non tería vido endexamais pois non lles acaía facérenlle a el tal honra nin a merecera, e que lle semellaba que facían bulra.

- Ah, benquerido amigo! –dixo o rei- Abofé que pensabamos obrar ben, mais pois que vos desagrada, non o volveremos facer.

Deste xeito se desculpou o rei

Preguntáronlle ao soberano que había facer co rei de Irlanda e respondeu que o que quixese o Privado, pois xamais había ser pechado en torre ou prisión se non fose por orde deste. O Privado respondeu que se fixese a vontade do rei, mais que se lle apracía, ao que chegase o librasen da prisión e o levasen á sala.

O soberano dixo que era bo e leal consello e talmente se fixo. Henry levou á estancia o rei, que era un garrido cabaleiro de trinta anos ricamente adobiado, con cota de púrpura e manto de martuxa ata os pés. Moito miraron todos para el. O rei e a raíña fixéronlle moi boa acollida en honor do Privado e sentárono entre as súas dúas fillas. O rei de Irlanda era moi garrido e moi sinxelo; o Privado foi cabo del e díxolle:

-Alegraivos, pois tedes boa prisión ao estardes entre dúas damas tan belidas.

- De certo –dixo o rei- en canto Deus me dea tan boa prisión non hei perder a arela.

Despois de xantar, o Privado púxose de parola coa filla máis nova do rei e díxolle:

-Señora: que dicides do rei de Irlanda? Se pensase que vos agrada, eu trataría do casamento de vós e el, aínda que non me acai a min por ser home pobre e voz pequena entre grandes señores.

-Ai, Privado, benquerido amigo, pensastes facer iso?

-Pensei, señora, se tal fose o voso pracer.

- Por Deus que ben me agradaría –dixo ela- se ao rei meu pai e aos meus irmáns lles agradase, se é que non podo ter outro que non é nin rei nin duque mais si o mellor do mundo.

-Señora -dixo o Privado- difícil cousa é coñecermos cal é o mellor cando existen tantos bos.

Pensaba que ela estaba a referirse a el, e así era. Daquela non insistiu e mudou de conversa. Despois, foron desfrutar aos xardíns e xogar, uns ao xadrez, outros a diferentes xogos de taboleiros e outros leceres. E despois de cear cantaron e danzaron.

No outro día, o rei reuníu o seu gran consello. Estivo o rei de Escocia, que casara coa irmá do rei de Inglaterra e este coa súa, e o rei de Cornualles e os príncipes e baróns para determinaren o que había facer co rei de Irlanda. Falouse disto de diferentes maneiras que serían longas de contar. En cabo, o rei preguntoulle ao Privado dicindo:

- Privado, dicídeme o voso pensamento, pois é razón que sexa considerado ao estar o rei de Irlanda no noso poder por causa vosa.

Ponto desculpouse moito de dicilo, mais ao final manifestouno:

-Maxestade –dixo- pois que cómpre dicilo, perdoádeme se falo rudamente, como home simple e pouco sabio, mais paréceme que a querela que ouvín debater é cousa que só toca a vontade dos corazóns de grandes señores e non é conforme á santa lei e o mandamento de Deus que di: *“Ama o teu próximo como a ti mesmo”*. Tamén cando naceu Deus o anxo foi rente dos pastoriños e anuncioulles a Súa natividade e despois subíu ao ceo: *“Gloria in excelsis Deo et in terra pax hominibus bone voluntate”* é dicir *“Gloria a Deus pai e paz para os homes de boa vontade”*. E sempre que Deus chegaba dalgún lugar dicíalle aos seus apóstolos que a paz fose entre eles. Se Deus vos concedeu grandes reinos e grandes señoríos non é para o forte lle facer a guerra ao feble, pois faise a guerra contra o pobre pobo chan do país e esmágano. Vós debédelo amparar e alimentar en paz, e mais é morto e destruído e sofre tantas coitas que dá mágoa a todo verdadeiro cristián ouvilo.

Direivos, logo, que penso que debe haber boa paz entre vós e que lle debedes conceder ao rei de Irlanda a vosa filla máis nova co territorio que vos disputades e todo o que vós queirades darlle alén diso.

E todos dixeron:

- Deus abenzoe a quen isto pensou e dixo, pois velaí un consello ben bo.

Foi este consello adoptado, e o rei de Escocia dixo:

-Meu benquerido amigo, pois que do voso corazón saíron tan fermosas e doces falas, e que a todos agradan, polo que vexo, completái este asunto e ídelle falar ao rei, voso prisioneiro, e comunicainos o resultado. Encargámosvos de todo.

O Privado dixo que iría de grado pois que tal querían.

Foi daquela falar co rei de Irlanda e amosoulle a suxeición e o perigo nos que se atopaban el e o seu reino, e logo amosoulle como Deus ama os que desexan a paz aos seus próximos e veciños, e como moita xente se viu perdida polo seu corazón finchado e pola súa cobiza. E despois tocou a posibilidade de que levase a segunda filla do rei e lle fose dado o territorio en disputa e o seu rescate.

- Ah! –dixo o rei- Se o puiderades facer, eu estaría vos máis agradecido ca a nada no mundo despois de Deus.

-E querédelo, se é que o dou acordado con eles? –preguntou o Privado.

- Quero de todo corazón –dixo o rei- pois non desexo nada tanto coma iso.

Coa mesma vaise e diríxese ao consello que estaba agardando a resposta.

Preguntáronlle o que atopara e dixo que o rei llelo agradecía moito e que lle agradaba de todo corazón e que desexaba a amizade e a paz con eles.

Cumpriuse a cousa, fixéronos prometerse perante o bispo de Canterbury e logo celebraron as nupcias de alí a un mes. Houbo gran festa, pois o rei de Irlanda foi con cen cabaleiros revestidos coas cores del e deulle ao Privado catro destreiros e catro corceis e dez mil besantes⁴⁰ de ouro, e a oito panos de ouro, de púrpura e de seda, fermosas plumas, pel de esquío, de armiño e de martuxa. Moito lle tiveron a ben ao rei de Irlanda os presentes que fixo. E despois o rei conduciu a súa muller para o seu reino, onde foi moi amada e honrada.

No sétimo ano que o Privado levaba no país, aconteceu que Corbachán –fillo do sultán, que saqueara moitas illas e reinos da cristiandade e fixera seus tributarios moitos países- chegou a Inglaterra como os seus dous irmáns tiñan chegado un á Galiza e outro á Pequena Bretaña. Foi moi grande o balbordo, pois tiña ben novecentos navíos, quer grandes quer pequenos. Tomou terra e conminou

⁴⁰ O besante era orixinalmente unha moeda de ouro do Imperio Bizantino. Na Idade Media circularon pola Europa Occidental distintas moedas de ouro ás que se lles deu esa denominación.

o rei a ir para o desterro ou renegar da cruz e renderlle tributo. Todo o país tremeu pola gran cantidade de xente que eles eran.

O rei tomou a decisión de mandar enviados a todas as partes e así mandou en procura do seu irmán de Escocia, do seu fillo de Irlanda, do seu sobriño de Cornualles e do conde de Gales e de todos os baróns. Moi grande foi o exército cando estiveron reunidos. Enviou os seus dous fillos e o Privado, e chegaron a catro leguas inglesas dos sarracenos e dispuxeron as súas tropas: o rei de Escocia mandou a primeira, a dos seus escoceses, o rei de Irlanda a segunda, o rei de Cornualles a terceira, o conde de Gales a cuarta, o príncipe Jehan, fillo máis vello do rei, a quinta, e o príncipe Henry e o Privado a sexta. Foron seis corpos portentosamente grandes, e en número de máis de trinta mil homes, e a maiores os de a pé, besteiros e arqueiros.

Corbachán, o rei, que soubo a chegada deles, fixo doce corpos, e tiña máis de corenta mil, e a maiores os de a pé. Eran moi fortes e bravos, como aqueles que endexamais foran derrotados nos doce anos que levaban arredados do sultán de Babilonia. Cabalgou a nosa xente en reas apertadas, e cando viron a hoste dos sarracenos que ocupaban tanto territorio ficaron asombrados, mais tiñan todos eles ouvido a misa que o arcebispo cantara e confesaran e recibiran o *Corpus Domini*, polo que estaban totalmente seguros. O Privado foi polas tropas e díxolles.

-Benqueridos señores, non vos asombredes polo seu gran número, pois esta disputa é a de Xesucristo, que alimentou cinco mil homes con cinco pans e dous peixes. Tamén pode el darnos a vitoria un contra cen. Que cadaquén teña coraxe e faredes achas deles, porque a quen ben ataca e defende baléiranlle a entrada e ábrenlle o camiño. Vaiámoslles enriba, por Deus, que non teñen lei nin Deus que os poida axudar! Vaíamos afoutadamente e en boa orde e habédelos ver axiña derrotados!

Todos puxeron o corazón nas palabras do Privado e responderon que -pois que Deus quixera estar nas persoas deles- non tiñan coidado de seren derrotados. Moito e gran son houbo, e gran rebumbio de tropas, flautas e claríns, que non se daría ouvido a Deus atroar; moitos derrubados e caídos que non se puideron erguer de novo. E a batalla durou deica a hora de terza, cando todas as tropas dunha banda e mais da outra se xuntaron. Teriades ouvido tal estarabouza de ferros e espadas! O Privado facíase abrir camiño por onde ía, canto el atinxía era morto ou macelado. Ferraguí, un dos sarracenos, matara o príncipe Jehan, o fillo do rei polo que houbo gran mágoa. O combate foi moi cruel. E Corbachán, o rei pagán, que facía portentosos feitos, viu como o príncipe Henry, moi ricamente armado, facía extraordinarias proezas. Colleu entón unha azagaia corta e grosa, de ferro afiado, e foi á carreira nun cabalo mourán, baténdolle no costado tan forte que furou a boa coiraza de aceiro e chantou a azagaia no corpo ben medio pé, o que foi gran mágoa. O Privado procuraba as reas e facíaas fuxir diante súa coas fortes pancadas que daba. Ao pasar, ve o seu amo caído, coa lanza no corpo. Non é preciso preguntar se tivo gran dó; malla a torto e a dereito facéndose un gran sitio coa axuda do rei de Irlanda, que se mantiña decote rente a el. Baixa do cabalo e ergue o seu amo e pregúntalle como está e el dille que ben, mais que o vingue polo que lle fixeron.

- Quen foi?

- Corbachán, o rei desa hoste.

- Non dubidedes que hei morrer ou vingarvos.

Colleron o príncipe, montárono no cabalo e levárono fóra do amoreamento. E logo o Privado reuniu ben cen lanzas ou máis e albiscou o gonfalón do rei Corbachán; foi cara a el e rompeu o agrupamento des que o viu, facendo portentos co seu corpo. Corbachán ía ricamente armado e tiña unha rica coroa de ouro enriba do seu helmo e o Privado díxolle:

-Ah, noxento! Non ides dar un paso máis, vós que feristes o meu amo!

Bótase contra el e báixalle un baloucazo tan forte que o atordoia todo, facéndoo caír enriba do arzón da súa sela. E o Privado volve zoupar so as barazas do helmo e trónzaas e rómpeas tan rudamente que lle corta a cabeza por baixo. Colle daquela a testa e lévalla ao seu amo fóra da batalla. Cando este a viu, dixo:

- Benia Deus! Vou morrer máis ledó!

E moito llo agradece ao Privado, que lle responde:

-Señor, non pensedes en finir. Ides ver de aquí a pouquiño os seus sarracenos todos desfeitos cando saiban que o seu rei morreu.

E dixo verdade, pois des que o souberon ninguén seguíu a se defender, todos abraíados polo dó e por se veren sen xefe. Comezou, logo, a súa desfeita. O Privado fendeu as greas e comezou a facer proezas, a encostar os seus compañeiros e a derrubar sarracenos e cabalos, facendo portentosos feitos de armas, tanto que todos o recoñecían polas grandes pancadas que daba. E fuxiron todos diante del coma ovellas diante do lobo. Esfrangullábanse as reas, desbandábanse todos e fuxían pola campía como animais entolecidos. Os ingleses, escoceses e irlandeses comezaron a rexurdir e a acurralos e matalos, acudindo de todas as partes. Tanta mortalidade houbo que as terras estaban todas sementadas de cadáveres. Os besteiros e arqueiros acorrían a pé, e des que algún inimigo caía rematábano axiña. Os sarracenos non sabían onde se acochar nin salvar, houbo moitos que fuxiron cara aos navíos, mais o Privado e os ingleses seguíanos tan perto que non se daban agachado nin fuxido e os botaban ao mar facéndoos afogar diante súa. Gran cantidade de mortos tiveron: eles invocaban a Mahoma mais todos resultaban afogados.

O Privado falaba ben latín e foi a unha nave e entrou e preguntoulles onde estaba a nave do rei pagán, na que gardaba o seu tesouro. Un dos sarracenos amosoulla:

-Avante! -dixo o Privado- Ven avante nesta barca e lévame alá ou has morrer!

O outro respondeulle que o levaría. Colleron un remo e puxéronse a tres na barquiña, chegaron á nave e subiu. Era extraordinariamente grande e estaba tan fermosamente pintada e tan nobremente decorada que daba xenio vela. Houbo algúns da nave que tentaron defendela, mais o Privado botou man á espada e matounos e afogounos a todos, tanto que non ficaron senón el e os tres sarracenos que o levaran. Eles dixéronlle que querían facerse cristiáns pois que Mahoma deixara morrer os seus; fixéronse daquela cristiáns e bautizáronse. O Privado deulles moitos bens e riquezas. Un dos sarracenos dixo:

- Velaí esas huchas e arcas e cofres, todos cheos de ouro e de prata. O finado do noso amo pillounos e roubounos nas illas e reinos da cristiandade que estaban perto do mar. Ninguén daría imaxinado os tesouros que aquí hai.

Todos os baróns e señores colleron as naves, porque había ben novecentas e a maré baixara. Moito e gran gaño fixeron que a cadaquén enriqueceu aquel gran día. O Privado chamou por xente da súa maior fianza e entregoulle a nave ordenándolle de a levar a Londres, a un abeiro que tiña no porto, pois pensou en lles pagar aos seus homes de armas para que fosen ao seu reino que os sarracenos tiñan en servidume. Porén, fixo grandes dons e todos estaban asombrados coa súa largueza.

Pasou a noite da terza feira, e na cuarta cachearon os campos en procura de cristiáns. Atoparon o conde de Gales e os dous fillos do rei de Inglaterra, o barón de Stafford, o conde de Gloucester, tres baróns máis, sete cabaleiros e outros dous mil cristiáns. Uns foron levados ao seu país e os outros enterrados nunha abadía branca.

O rei e a raíña e a corte toda tiveron moita ledicia pola gran vitoria. E dicían a unha voz que o bo cabaleiro Privado fora quen vencera, e que de non ser por el todos estarían derrotados, mais a súa afouteza cabaleira salváraos e derrotara os inimigos. El levou toda a gabanza, porén estaba moi doído polos fillos do rei, polos que choraba e tiña moita perda. O Privado, cando viu o rei, bagoú de coita polo seu amo, e o rei confortouno e díxolle que non podían ter morrido en máis nobre servizo que o de Deus e na defensa do seu país contra os sarracenos e dos infieis. Moito se empregou o rei aínda que tiña tanto dó no corazón.

Non demorou en reunir o seu consello, no que estivo o rei de Escocia, seu irmán, o seu sobriño o rei de Cornualles e mais os seus baróns. E o rei díxolles :

- Benqueridos señores, ben vedes as maravillas que teñen acontecido neste reino e como perdín os meus dous fillos, e como estou vello e a raíña non é nova. Cómpre decidir quen ha gobernar o reino na miña vellez e quen o ha levar despois de min.

Ergueuse o rei de Escocia e dixo:

- Eu teño a vosa irmá por esposa e vós tedes a miña. Considérome logo o voso irmán, e propoño que deades a vosa filla ao Privado, pois habedes ser temido e respectado, e o voso reino ben gobernado.

Todos responderon a unha voz que falara ben. O rei concordou de grado e encargaron ao rei de Escocia de lle falar ao Privado. Foi el falar e díxolle:

- Privado, debes dar grazas a Deus pois sodes garrido e bo, e amado por toda a xente. O rei e todo o seu reino escolleuvos para terdes a súa filla máis vella e serdes rei despois da súa morte, e en el vivindo gobernardes con el o reino.

- Maxestade –dixo o Privado- agradézollo moito ao rei e aos que tal honra me queren, mais é un consello pouco acaído, pois non lle cadra a filla de tan gran rei e tal herdeira a un home pobre e de baixa liñaxe como eu son. Nunca Deus permita que por iso se abaixe a nobre liña real.

- O que dicides? –respondeu o rei- Seica non vimos todos dun pai e dunha nai? E, alén diso, hai tanto ben e tanta honra en vós que merecedes a máis grande orixe.

Moito falaron os dous deste asunto, mais o rei non deu atopado camiño para que consentise. Tan boas escusas atopaba que daba xenio ouvílo. E cando viu que non daba feito nada, volveuse xunto do rei e díxolle o que atopara, e que llo agradecía e lle puña boas desculpas.

-De certo que está casado –dixo o rei- ou comprometido cunha muller, ou ama con amor ou ten algunha promesa ou xuramento feito e por iso quer gardar a lealdade.

- En verdade coidamos que así é, estea casado ou prometido –dixeron todos.

A filla do rei doeuse moito de non o poder ter, e dicía para ela:

- Ai, coitada, Deus non me concedeu a graza de o poder ter! Vexo de certo que ten o seu corazón nalgures ou gárdalle lealdade a algunha ou por ventura está casado.

Moito se laiaba e se doía pois por riba de todos no mundo ela o amaba.

CAPÍTULO XI

Aínda continuaba o prazo que Ponto lle marcara a Sidonia, mais ela sufría día e noite unha morea de afogantes pensamentos, que aturaba con moito siso, de xeito que ninguén se decatara non sendo Elíos, coa que desabafaba dicindo:

- Ai, coitada! Por min foise deste reino o máis garrido e o mellor cabaleiro do mundo.

E outros máis laios daba.

Guelete acadou o seu degoro completo e fixose amo total do rei de Bretaña, tan solerte e enganador era. Botou o senescal Herlant do seu cargo, contra o desexo do rei, e tanto argallou que meteu a corte nun puño. Sidonia foi pedida en casamento por varios reis e duques, mais non quixo ouvir falar de tomar esposo. Entre eles, o rei de Borgoña -a través do seu curmán o conde de Montbeliard- sentira dicir que Sidonia era a máis belida e a máis sabia da que se soubese. E tan namorado estaba dela que non daba agardado. Preguntou, entón, por quen se gobernaba o rei, aquel en que máis fiaba, e dixerónlle que era un cabaleiro chamado Guelete. Mandou falar con el e envioulle valiosos presentes, prometéndolle moitos máis ata que, coa cobiza, Guelete acabou por lle falar ao rei dicíndolle:

- Maxestade, casái a vosa filla en canto que tedes saúde e unide a vós algún bo rei e habedes obrar asisadamente. Velaí tedes o rei de Borgoña que a manda pedir, é un rei moi nobre e rico, polo que sería unha tolemia rexeitalo.

Tanto fixo, que o rei lle falou a Sidonia dicíndolle:

- Benquerida filla, eu vou vello e andado e non teño máis fillos ca ti. Moitos reis e grandes señores piden de casar contigo e eu teño sempre ouvido que *de quen rexeita a razón, acaba a razón fuxindo e vaille mal porque quixo*. Deus non queira que tal aconteza! Benquerida filla, o rei de Borgoña, sobriño do rei de Francia, rei moi rico e poderoso, pídevos en casamento. Paréceme que non debe ser rexeitado. Canto a min, se vos agrada, estou de acordo.

-Meu señor -responde Sidonia- non preciso aínda de ser casada.

- Moito tedes xa porfiado sen que eu saiba por que, mais nunca vos hei eu amar se non vos conformades neste asunto.

Sidonia asombrouse moito da forza que facía seu pai:

- Meu señor, ben sabedes que non hai cousa que me ordenedes que eu non faga. Benquerido señor, en segredo vos digo que teño en min un mal que non me atrevo a vos contar; hei sandar del, mais non ha ser antes do verán ou arredor de Pentecoste cando estea curada: nese momento hei facer a vosa vontade.

- De certo que iso me é dabondo -dixo o rei- Concédovos o prazo.

Cumprírase para entón o sétimo ano do prazo que Ponto puxera cando se separou dela. O rei tívose por satisfeito e díxolle a Guenelete o que acordara, e este mandou enviados ao rei de Borgoña, sendo o casamento fixado para se celebrar a terza feira de Pentecoste.

Sidonia tivo grande coita e mandou en varias ocasións enviados para saber se daban con novas certas de Ponto. Non podía saber nada porque el fixérase chamar doutro xeito. E con moita dor estivo noite e día.

Consonte o tempo se achegaba, ela ía esmorecendo. Mandou en procura do senescal Herlant e díxolle:

- Ai, Herlant, meu benquerido amigo, teño grande dor ao ver o rei meu pai tan entolecido por Guenelete, que lle fai facer cousas asombrosas, como a de vos ter posto fóra do voso cargo, e tamén con artes fixo partir o mellor cabaleiro que hoxe porta armas, segundo din, é dicir Ponto, que vós educastes e alimentastes tres anos e que tanto vos amaba. Outros feitos ruíns mandou facer, como engaiolador que é. Mesmo fai que me entreguen a min ao rei de Borgoña contra a miña vontade, cando del me dixeron moitos ruíns defectos: que é vello e seboso, mao coma o demo e bebedor. Mais non podo rexeitar o que meu pai dispuxo. O prazo remata terza feira de Pentecoste e ben sei eu que se Ponto o soubese había pór remedio. Rógovos, logo, a vosa axuda, pois non existe home no mundo ao que eu me descubrise non sendo vós.

- Miña señora –dixo Herlant- Nunca Deus permita que teñades marido contra a vosa vontade nin con tais defectos! Vouvos dicir: meu fillo Olivier é un dos cabaleiros que Ponto máis amaba, polo que eu sei. El ha pasar a Inglaterra e ha preguntar en Escocia e Irlanda e por toda parte se está vivo, e ha sabelo de certo.

-Ah! –dixo Sidonia- Abofé que dicides ben!

Falou, daquela, Herlant co seu fillo, e de grado foi este alá por encomenda súa e de Sidonia, que lle forneceron riqueza abondo.

Atravesou Olivier o mar e chegou ao porto de Southampton, preguntou e atopou que había sete anos pasara ao país o mellor e máis garrido cabaleiro, mais facíase chamar o Privado de Camiño Dereito. Pensou que se trataba de Ponto, polos sinais que daban del, e que se agachara e mudara de nome por algunha causa. Púxose en camiño co seu criado e foi por un bosque onde atopou ladróns que, ao non saber el ben a lingua do país e ao velo ricamente vestido, se lle botaron enriba e o prenderon, tirándolle canto levaba e feríndoo. Mais el escapou e meteuse na foresta salvando a vida. Moita fame, laceira e mágoa pasou pois non daba atopado conforto para as súas coitas, e o que máis lle mancaba – máis ca a miseria na que se vía- era perder a súa procura.

Atravesou a foresta e foi pedindo pan polas portas deica chegar á corte do rei no serán do mesmo día en que o rei de Escocia falara con Ponto do casamento coa súa sobriña Genevre. Ponto estaba no patio a ollar os xogos e leceres que os mozos facían de diversas maneiras. Olivier, o fillo de Herlant, chegou alá todo

espido e esbullado e albiscou a Ponto e o recoñeceu. Foi cabo del axiña, axeonllouse e díxolle:

-Meu señor Ponto, Deus vos conceda boa vida e vos faga medrar a honra na que estades!

Ponto asombrouse e dixo:

-Amigo: a quen lle estades a falar?

- Señor, fálovos a vós, ben vos coñezo: sodes Ponto, fillo de rei de Galiza, que esquecestes o país da Pequena Bretaña. Con todo, se estou nu e pobre, é por ter vido na vosa procura, e non me debíades descoñecer malia a miña pobreza, pois son Olivier, fillo de Herlant.

Ao que o escoitou, ollouno e recoñeceu e desprendeuse do seu manto e púxollo a el por riba, envolvéndoo, e abrazouno e bicouno chorando, sen poder dar fala. Cólleo, lévao para os seus cuartos e déixao caír riba dun leito e dálle unha aperta, bícao e abrázao. Cando deu falado, díxolle:

- Ah, meu querido irmán e amigo, como lles vai alá? Quen vos puxo nese estado?

Moito choraron. Ponto fíxoo calzar e vestir co mellor pano que tiña, e des que estivo adobiado, Olivier facía un moi garrido cabaleiro á vista. Entón contoulle como lle roubaran e houbera morrer, e como viñera pedindo pan polas portas. Logo contoulle como Guenelete metera a corte nun puño e o rei non o cría máis ca a el, e como fixera tirar o seu pai do cargo da Bretaña. Despois contoulle de Sidonia, como non quixera consentir en casamento ningún e a coita que sofrira, e como ao cabo só dera adiado ata a terza feira de Pentecoste o seu casamento co rei de Borgoña, home moi mal dotado. Mais faino Guenelete, que recibe grandes presentes dese rei.

- Sidonia pídevos que teñades a ben pór remedio, polo amor que hai entre vós os dous.

E cando el escoitou a lealdade da súa dama caíronlle dos ollos grosas bágoas e dixo que, se a Deus apracese, habíase pór remedio.

Correron novas pola corte de que un home da Pequena Bretaña viñera e recoñecera a Ponto, que se facía chamar o Privado. Cando o rei e a corte o souberon, maravilláronse. E díxolle o rei á raíña e ao rei de Escocia:

-Non houbo día no que eu non pensase del, polos seus nobres feitos e ditos, que era de máis alta condición do que dicía.

-Ah! -dixo a raíña- xa non me estraña que non quixese ter a nosa filla, pois teño ouvido dicir que amaba a nosa curmá⁴¹ Sidonia de Bretaña sen ruindade.

-De certo que pode ser talmente cando non quere casar neste país –dixo o rei.

Cando chegou a cea, Ponto entrou na sala co seu cabaleiro rente del adobiado con ricos panos de seda forrados de martuxa. Era garrido cabaleiro á vista. O rei foi cara a Ponto e díxolle:

-Ai, Ponto: por que nos tedes feito tanta ruindade dicindo que erades fillo dun cabaleiro pobre cando sodes fillo de rei? Moito nos enganastes e moito mal fixemos ao non vos honrar como debiamos, mais vosa é a maior culpa, porque abofé que o fixemos por ignorancia.

Cando Ponto viu a gran cortesía e as grandes desculpas do rei, díxolle:

-Aínda que sexa fillo de rei pouca cousa é, pois home desherdado non se debe gabar. Pouquiña cousa é ser pobre, os seus feitos son pequenos e por iso non debe botar por ela.

- Ah! –dixo o rei- Cos meus respectos: o que ten a nobreza coa garridez e a bondade, e as boas maneiras coa grande afouteza que en vós hai, val máis ca reino ningún, pois vós estades labrado para conquistardes o voso e moito máis.

Ponto sentíu vergoña e mudou de conversa cara a outro asunto. O rei fíxoo sentar entre a raíña e a filla, quixese ou non, mais custoulle moito traballo.

Logo de cear foron a un xardín xogar a diferentes leceres. Ponto chamou o rei, e mais o de Escocia, o de Irlanda e o de Cornualles, e algúns baróns. Sentaron baixo unha enramada e despois faloulles:

- Maxestade -dixolle ao rei- e todos vós, meus outros señores e amigos, quérovos presentar unha petición tocante a un asunto meu.

Entón comezou a contar como o sultán – mantendo o primoxénito- enviara os seus tres fillos máis novos contra a cristiandade para conquistaren países e tesouros e faceren proezas, e como lles dixeran que o que máis conquistase e máis valente fose había ser o mellor recibido. Como un dos tres fillos desembarcara en Galiza e con engano entrara na cidade da Coruña, e a dor e o infortunio que fixera, e como seu pai fora morto. Despois contou como un asisado crego os agachara nunha vella cova dous días e como o ancián tiña moito medo e os catorce rapaces fillos de grandes señores –igual ca o lobo sai do bosque coa fame- saíron tamén e foron presos- E como o cabaleiro os salvou e chegaron á Pequena Bretaña e a súa nave se esfachou contra uns penedos e como foran salvados, e o resto todo. E

⁴¹ Os reis dos distintos países empregaban entre eles o tratamento de “curmán” aínda que non existisen vencellos familiares. Este costume aínda perdura.

entrementes o ía contando, a algúns deles caíanlles as bágoas dos ollos ao veren o perigo e a dor dos que escapara.

Ao que rematou de contar todo, díxolles que quería ir a aquela terra para vencer os infieis:

- Porque –dixo- grazas a Deus eu estiven en compañía dos que esmagaron o arruallo de dous deles. Non resta senón o terceiro, que domina o reino que eu debo ter, e teño ouvido que o país é gobernado sabiamente e houbo poucos mortos porque lle rende tributo, pagando cada cabeza un besante de ouro; e visto o gran proveito que deles tira, déixaos vivir na lei que cadaquén queira seguir.

- Señor–díxolle o rei de Inglaterra- eu ofrézovos de corazón o meu corpo, inda que sexa velleiro, e mais a miña xente e o meu tesouro.

- Señor –dixo el- moitas grazas.

O rei de Escocia e os outros reis e baróns ofrecéronlle corpos, bens e xente. Non houbo quen non ofrecese moito. Ponto agradécellelo ao rei e a todos os outros reis e señores moi humildemente e dilles que Deus coa súa Graza lles volva a honra que lle fan.

- Maxestade –dille ao rei- non vou levar alá reis nin outros grandes señores senón só guerreiros e xente a soldada, arredor de doce mil, aos que hei pagar, pois pola misericordia de Deus teño moita riqueza.

Falaba verdade, pois que na última batalla atopara na nave do rei tan gran tesouro que abraiaba ouvílo e apenas se daba contado. Ofrecéronlle un eito de ouro e de cousas, mais el non quixo aceptar nada, senón que colleu de cada rei a mellor xente, tanta que reuniu ben doce mil homes armados e bos navíos ben aparelados e pagoulles ben a contento deles, polo que estaban ledos de ir con el. Levou o conde de Gloucester, o de Richemont e o de Derby á cabeza dos ingleses, e de Escocia o señor de Douglas; de cada país levou un conde ou barón para gobernar a xente da súa terra.

De que estiveron nos barcos e navíos, ben aparelados e gornecidos de todo o que precisaban, e pediron licenza dos seus señores e dos seus amigos, izaron as velas ao vento e partiron moi alegres do porto de Southampton. Ponto pediu licenza do rei, da raíña e de Genevre, a súa filla. Choraron moito e tiveron moita perda, polo que Ponto lles prometeu de volver para velos canto antes puidese, acadada a súa angueira. E agradeceulles moito a grande honra e a boa compañía que lle fixeran. O rei de Escocia, o de Irlanda e o de Cornualles foron con el, quixese ou non, ata as embarcacións e despediuse deles con moita mágoa. O rei de Irlanda díxolle:

- Meu moi benquerido señor e amigo, ben vexo que non me amades nada - vós que tanto ben me fixestes que endexamais eu nin o meu reino o daremos pagado- pois que non queredes que eu vaia convosco para vos servir.

- Maxestade –dixo Ponto- non rexeito o voso servizo –que ben vos agradezo- segundo o que atope no meu país no asunto ao que vou. Mais non vos hei levar nin a vós nin aos outros nobres baróns en canto non saiba de maneira certa a situación en que aquel está.

Logo bicáronse e despedíronse uns dos outros.

Así partiu Ponto e o seu exército das terras inglesas e a xente dese país moita perda tivo del. Singrou día e noite ata chegar perto de Vannes, e alá ordenou os seus navíos en alta mar e dixo que só quería que aparecesen corenta naves como se fosen tratantes de sal que viñan á baía. Preparou moi ben o asunto e colleron unhas poucas embarcacións nas que ían algo máis de tres centos guerreiros. Fíxoos desembarcar entre Auray e Vannes pola noite e mandoulles que non se movesen en canto non tivesen novas del para avantaren segundo lles diría. Foi a segunda feira de Pentecoste, véspera do previsto casamento de Sidonia e o rei de Borgoña. Na terza feira cediño montou a cabalo, el só cun criado, e na cabalgada atopou un peregrino que ía pedindo pan e levaba a roupa chea de remendos e un chapeu vello con cruciñas. Baixou e díxolle ao peregrino:

- Amigo, imos trocar as nosas cousas todas, vós ides levar a miña roupa e eu a vosa e o voso chapeu.

- Ai, señor –díxolle o peregrino- estades a facer bulra de min.

- Abofé que non fago tal –dixo Ponto.

Entón díspese, descálzase e fai vestir o peregrino con todo canto el levaba, collendo a roupa e o calzado do pobre e mais o seu bordón. O seu criado dille:

- Que facedes? Toleastes, que trocades os vosos vestidos por roupa tal?

- Cala –dille Ponto- Non sabes por que o fago. Estáte aquí cos dous cabalos, á saída desta vila e non te movas en canto eu non veña rente de ti.

Vaise, daquela, co seu bordón e bótase ao camiño por onde debía entrar o rei de Borgoña. Non pasou moito tempo sen ver os recoveiros⁴² e os oficiais do rei. E un pouco despois viu chegar aquel nun negro palafrén; viña falando con Guenelete e o rei levaba a man pousada no ombreiro deste. Ao pasaren, Ponto díxolles:

- Velaí dous ben mantidos.

Porque ámbolos dous tiñan un bo bandullo e estaban gordos e ben mantidos.

⁴² Persoas que conducen as *récovas* ou *récuas*, de animais de carga.

- Santa María me valla! -díxolle a Guenelete, que levaba un pucho de pano- O voso bandullo comeu moita sopa graxa na corte e moito gorentoso petisco de cociña. Tedes pinta de engaiolador da corte.

Guenelete ponse rubio e dóelle. Vira o seu cabalo e di:

- O que, loubán? Seica me ides abafallar?

Disponse a lle dar unha vergallada coa xostra e Ponto revira o bordón dicíndolle que como o toque rápalle el a barba sen precisar navalla.

Dille o rei a Guenelete:

-Deixái o loubán ese. Sería deshonra medirse con el.

E seguiron o camiño.

Ponto, que non lles quería nada ben, facía o tolo e mofábase deles. Foi atrás súa e chegou á corte, e cando viu que entraban dentro meteuse na riola, e o porteiro quíxoo refugar e colleuno polos ombreiros para botalo fóra. Ponto apuxouno e fíxoo caír, e pasou dicindo que era un dos trece pobres.

- Vai logo, bandallo! -díxolle o porteiro- Un mal te leve!

Naquel tempo, nos casamentos dos grandes señores adoitábase poñer trece pobres a xantar diante da mesa da noiva en honra de Deus e dos trece apóstolos⁴³, e, despois de xantar, esta dáballes de beber a cada un deles por Deus nunha copa. Foise, logo, Ponto, sentar como un dos pobres. Grandioso foi o casamento e moi diversos manxares houbo. Grande foi a festa. Ponto case que non xantou, fitou a súa dama e viuna agoniada e esbagoante, pois Guenelete dixerá que Ponto morrera en Irlanda e ela coidábalos así. Cando tiraron as mesas, levaron a noiva aos seus cuartos para coller outros panos e adobíalos cos que ir ás estadas ver as xustas e torneos. Indo para os cuartos había un corredor onde estaban os trece pobres, e alí estaban dúas damas, unha termando dunha gran xerra de prata chea de viño e a outra dunha copa. Sidonia colle a copa e dálle de beber a cada pobre. Ponto bebeu o derradeiro e deixou caír da boca un anel de diamante que ela lle dera tempo atrás. Despois de beber, Ponto díxolle en baixiño:

- Señora, bebei este pouco de viño polo amor de Ponto.

E ao que ela sentiu o nome do seu amigo sobresaltouse toda e bebeu. Ao facelo recoñeceu o anel e, varada de a feito pola ledicia, chamou por Elí, a súa

⁴³ Moitas veces, en distintas representacións e relacións medievais incluíase algún outro santo católico no grupo dos apóstolos. Os doce ou trece pobres foron na Idade Media acollidos e agarrados -permanentemente ou en ceremonias puntuais- por ordes relixiosas e reis, simbolizando os apóstolos. Aínda hoxe subsiste a cerimonia na que o Papa lava os pés de doce persoas pobres ou marxinadas ou de presbíteros que os representan. Nótese, no grupo dos catorce rapaces galegos, o eco destoutro grupo de trece pobres ou apóstolos e mais Cristo, que aparece en *Ponto* como leitmotiv.

doncela, dicíndolle en segredo que levase ese home tan pobre ao seu roupeiro. Elíos levouno, e os outros pobres coidaron que lle quería dar algunha cousa ou un gran donativo por Deus, pois sabían que era moi caridosa. Cando Sidonia entrou no seu roupeiro, ficaron só Elíos, o pobre e mais ela. Ponto estaba tan desfigurado que ninguén o daba apenas recoñecido. En primeiro lugar falou Sidonia, que lle dixo:

- Benquerido amigo; quen vos deu o anel que atopei na copa? Por Deus, non mo agachedes!

- Non sabedes vós a quen llo destes?

- Sei, si –respondeu ela- Está vivo?

- De certo que está vivo, é ben verdade.

Sidonia xunta as mans e di:

- Meu Deus, moitas grazas vos dou!

- Como, señora? Coidabades que estaba morto?

- Coidaba –dixo ela- pois Guenelete e mais outros afirmábano.

- E se o virades: que diríades?

- O que eu diría? –pregunta ela- Endexamais había ter o meu corazón tanta alegría como nese momento.

Ao que Ponto ouviu iso non disimulou máis o seu falar e fregou un pouco o seu rostro que enfarruscara. Daquela Sidonia recoñeceuno axiña:

-Ah! –dixo ela- Sodes Ponto, a cousa do mundo que eu máis amo logo de Deus e meu pai!

Tivo entón grandísima ledicia e abrazouno.

E el dixo para póla a proba:

- Ah, miña señora! Moita ledicia teño por estardes casada, e tan ricamente.

- Ah, meu benquerido amigo, non faledes endexamais diso porque non hei ter outro ca vós, se vos aprace terme, pois xurévolo coa boca e mais co corazón. Nada conta o acontecido despois, porque prevalece o primeiro xuramento.

- Ah, señora non pensedes tal cousa endexamais, casardes cun home pobre que anda a pedir pan por portas e deixardes un rico rei. Nunca tal vos aconsellaría eu, séndovos leal.

- De certo, meu benquerido, fiel e leal amigo –dixo Sidonia- que nunca hei ter outro senón vós, pois estaría eu mil veces máis contenta sufrindo na vosa compañía a pobreza e a coita que vós sufrides ca en tendo todas as riquezas co rei máis poderoso que exista. E se vós tedes laceira ou pobreza, Deus fíxoo para vos poñer a proba e havos volver ao dobre honra e riqueza se tedes fianza nel.

Cando Ponto ouvíu a gran firmeza e lealdade da súa amiga caíronlle as bágoas dos ollos. E despois sorriu e dixo:

- Miña señora, endexamais houbo ningunha máis firme e leal ca vós. Non vos vou agachar máis nada: sabeí que teño sete veces máis ouro, prata, pedras preciosas e margaritas ca o rei voso pai. E tamén teño doce mil guerreiros, pagos por medio ano, para ir conquistar o reino que foi de meu pai. Non perdades, pois, os azos. Vouvos dicir o que ides facer: agora ides ir ás estadas ver as xustas; facéi que vos leven co meu curmán Polido e que el e aqueles meus compañeiros que sabe que me queren se manteñan ao voso carón, eu hei irvos ver. Non podo ficar aquí máis tempo convosco.

Abrazouna e non ousou aínda bicala nin llo pedir.

Vaise daquela coxeando e facendo o esmoleiro e chegou rente do seu criado que o estaba a agardar e montou a cabalo, indo ao mato do bosque onde deixara os seus compañeiros. Cando o viron, non o recoñeceron e houbo algúns que o tomaban por espía, mais el botouse a rir e díxolles “Son Ponto!” e daquela recoñecérono, entre moitas risadas.

-Señor –dixo o conde de Sucester, por pouquiño non vos facemos unha ruindade. Como é que estades tan desfigurado e descoñecido?

-Señores –dixo el- teño as miñas razóns, pois non quería que me recoñecesen.

Entón ordenoulles que se armasen encobertamente para xustaren e loitaren en torneo e viñesen en grupos de vinte ou trinta ás estadas e que ninguén dese un golpe sen ser por orde súa. Ponto equipouse, con corenta dos máis nobres e mellores cabaleiros da súa compañía, todos co paramento⁴⁴ del, e contoulles o asunto e foron xustar á liza. Moi maravillados estaban os bretóns e os borgoñóns de quen podía ser aquela xente tan nobremente adobiada e que tan ben xustaba. Porque Sidonia fora alá ás estadas coas damas. Conducíraa Polido, e Guenelete estaba encarraxado pois aquel quitárala e guiáraa polas rédeas dicindo que ía levala pois ela llo ordenara. Tamén lle dixera que había ver o seu curmán Ponto. Ninguén daría expresado o moi ledo que estaba Polido, que llelo contou a todos os seus compañeiros agás Guenelete e se puxeron moi contentes. Non é preciso preguntar se Sidonia tiña toda a alegría do mundo no seu corazón. Viu chegar a Ponto, que era o máis grande e máis bemposto de todos. E xustou de liza en liza derrubando cabaleiros e cabalos, rompendo lanzas e facendo portentos. Sidonia debrúzase cara a Polido e dille en baixinho:

⁴⁴ O paramento era o roupón que se levaba por riba da armadura e que, a xeito de uniforme, reproducía as armas e as cores do señor.

- Mirai ese cabaleiro armado de púrpura azulenta cunha dama branca que ten un león encadeado e enriba do león unha lenda en letras de ouro que di “Deus axuda”. Vai con corenta cabaleiros co mesmo paramento –só que eles sen lenda- Pois de certo que é Ponto, voso curmán, e os outros, seus compañeiros.

-Ah, señora, ben o recoñezo no cabalgar e nas proezas que fai!

Tan ledto estaba que máis non se podía, e amosouno aos seus compañeiros que se mantiñan arredor de Sidonia como lles ordenaran.

O rei de Borgoña, moi ricamente armado, entrou no campo montado nun gran destreiro de España, e con ben trinta cabaleiros co seu paramento, todos coas lanzas en riste. Axiña comezaron a picar esporas e a xustaren nas lizas. Cando Ponto os viu, comezou a derrubar cabaleiros e cabalos, tantos que todos estaban abraizados. O rei de Bretaña, que estaba nas estadas coas damas e os cabaleiros vedraños, preguntou:

- Quen é aquel cabaleiro que ten no escudo a súa dama cun león encadeado e letras de ouro e leva tantos compañeiros co seu paramento?

Todos responderon:

- Non sei, mais non hai home que el acade e non derrube. Ollade como derruba cabaleiros e cabalos e as proezas que fai. É un adversario cernello.

- De certo –dixeron as damas- é un bo cabaleiro.

E dixo a señora de Dol:

- Na miña vida vin cabaleiro máis bemposto a cabalo nin que máis semellase a Ponto, que Deus teña consigo!

O rei díxolle a Sidonia:

- Miña filla querida, non quixera que batese co voso marido, pois tería eu medo de que o macelase, tan asombrosos son os seus golpes.

- Maxestade, ben faría en se gardar del, pois ese cabaleiro é duro de máis.

Moi boas falas tiveron para Ponto e a súa afouteza cabaleirosa mais devecían por saber quen era.

Non pasou moito tempo sen Ponto atopar por acaso o rei de Borgoña. Viuno moi ricamente e nobremente aparelado e pensou que fose el ou algún señor borgoñón. Finca daquela o esporón irtiamente e mállalle no cerne do escudo, con lanza grosa e tesa. Atínxeo ben, pois ten forza e ardidez, e maiormente ao facer feitos de armas diante da súa amiga que non vía dende longo tempo atrás. Tan forte foi a pancada que derrubou o rei na grupa do destreiro e perdeu as rédeas do freo dourado, e o cabalo, novo e forte, lévao deitado na grupa e vaise esfragar

contra unha fochanca; quere saír fóra e cai tan asombrosamente que o rei tomba por baixo del. Morreron cabalo e mais rei, que apenas puido ter confesión. Moita dor e carraxe tiveron os borgoñóns polo seu soberano e todos saloucan pola morte do noivo. Ponto ouviuno, sen lle importar gran cousa, igual que a Sidonia. Daquela, desceu el e os seus compañeiros e subiu ás estadas tirando o seu helmo. Ao que o tirou, todos o recoñeceron, cabaleiros e damas. Foi cabo de Sidonia e tomouna pola man dicíndolle:

-Señora, ides ser a miña prisioneira, mais habedes ter unha boa prisión.

Ela púxose rubia e tivo tanta ledicia como ningún corazón pode superar..

- Se debo ser a vosa prisioneira, terei que o aturar.

O rei de Bretaña descera das estadas e estaba moi contristado pola morte do de Borgoña, mais cando lle contaron que era Ponto o que facía as portentosas proezas e que tomara a súa filla, púxose moi ledo e dixo:

- Deus dispuxo que a teña e non a podemos dar a mellor cabaleiro, pois en verdade hai nel tanto valor que é digno de ter a filla do rei de Francia. Mais de certo que eu coidaba que morrera, como me fixeran sabedor.

Foi entón rente de Ponto, cos brazos abertos e díxolle que fose benchegado. Ponto abaixouse perante el e desexoulle que Deus o conservase moitos anos como seu soberano señor. Grandes congratulacións intercambiaron. Non preguntedes se a xente e os baróns lle fixeron moitos parabéns, tanto eles, as damas, seu curmán Polido e os seus compañeiros. Todos lle querían ben, non sendo Guenelete, que estaba contente de boca a fóra e non de corazón. A cidade e o pobo todo déronlle as grazas a Deus dicindo que El os visitara “porque imos ter un rei que nos ha gardar de todo mal, veciño ou recuado”. Grande foi a ledicia por esta aventura.

Ponto retivo os condes de Sucesster, de Gloucester e de Richemont e varios baróns e cabaleiros de Inglaterra, e os outros enviounos ás naves e barcos. O rei e Sidonia fíxéronlles moita festa aos señores, especialmente ao conde de Gloucester, que moi bo cabaleiro era. O rei de Bretaña preguntoulle polo de Inglaterra, que era seu curmán⁴⁵. E o conde relatoulles as aventuras que lle tiñan acontecido a ese rei e como por medio de Ponto vencera ao de Irlanda e toda a maneira, e como o colleu entre os seus e o levou, quixese ou non, e como non pediu rescate senón que fixo a paz entre eles dous. E contoulles como o fillo do sultán foi cun gran número e como Ponto os desfixo e matou, e como gañou os tesouros daquel, que son tan inmensos que asombra ouvílo porque levaba ben doce anos facendo pillaxe sobre toda a cristiandade. Despois faloulles de que se facía chamar o Privado de Camiño Dereito e dicíase fillo dun cabaleiro pobre. Cando o rei escoitou que se nomeaba así, dixo que era porque el lle reprochara que cobizaba a súa filla e lle negara o camiño dereito que pretendía combatendo a dous ou tres. Moitos entenderon deste xeito os nomes eses.

⁴⁵ V. nota 38.

Despois relatoulle o conde como o rei e os seus amigos todos e o consello lle ofreceran Genevre, a súa filla primoxénita, para ser rei de Inglaterra tras a súa morte e no presente ser gobernador do reino, e como el se escusou e non quixo selo, e como un cabaleiro espido, o fillo de Herlant, o recoñeceu e como o rei e a corte tiveron vergoña porque non lle fixeran máis honra sendo fillo de rei. Moito ben lle facía o relato ao rei de Bretaña, e aínda máis á súa filla e aos baróns que alá estaban, pois era moi nobre e belida cousa de escoitar. E des que o conde rematou, os baróns de Bretaña chamaron o rei a parte e dixéronlle:

- Maxestade, que o que pensades vós? Facéi que falen axiña a Ponto de tomar a vosa filla, porque temos moito medo de que escolla a de Inglaterra, pois é, moi por riba, mellor casamento ca este. E mesmo ten un gran tesouro, polo que pode temer menos aos señores.

- Meus señores – respondeulles o rei- rógovos que todos pensedes niso, pois eu deséxoo máis ca ninguén porque sería o ben máis grande que endexamais nos ten acontecido.

Daquela foron xuntos os baróns falarlle e puxeron de voceiro o vizconde de Leon. Faláronlle moi docemente de como el fora primeiro salvado no país de Bretaña e como o rei o amaba e, por envexa, fora malquisto del por causa de mentiras; dixéronlle que o rei ía vello e cría doadamente todo, que non hai ninguén que non teña algunha eiva, e que o rei, por vontade do seu país, ofrecíalle a súa filla e ser rei despois del. E Ponto, que outra cousa non quere e degora, respóndelles que llelo agradece inmensamente ao rei e ao seu país, e que el é o primeiro señor que tanto ben e honra lle teña feito e que endexamais deixará de o servir, e que mesmo se tivese a posibilidade de casar coa dama máis importante do mundo non o había aceptar e rexeitar o rei e os baróns e o seu país, tan obrigado lles está e tanto os ama por riba da outra xente. Os baróns tiveron gran ledicia pola resposta e fóronlla comunicar ao rei, a quen moito agradou. Mandaron vir o bispo, que fixo a cerimonia do prometimento. Non hai que preguntar se Ponto e Sidonia tiveron moita ledicia; aínda tiñan cen mil veces máis da que amosaban os seus semblantes. Moita foi a alegría de grandes e de pequenos na Bretaña por esta unión.

Ponto, que era asisado, non quería levarse mal con ninguén, polo que foi cabo de Guy de Borgoña, irmán do rei, de Ysembart de Challons e do conde de Montbeliart, que viñeran co soberano, e desculpouse con eles e díxolles que estaba moi doído polo acontecido coa morte daquel, e que, abofé, cando xustara non sabía quen era. Eles respondéronlle que o crían de a feito e que eran aconteceres de armas e por iso ninguén se debía maravillar, que verdadeiramente el non podía facer máis. Ponto ofreceuse moito a eles e mandou facer no outro día un gran servizo fúnebre e deu tres esterlinas a todo aquel que as quixese. Endexamais tanta caridade se viu dar. Foi por todo iso moi gabado, e os amigos do rei prezárono e agradecéronllo moito.

O corpo foi embalsamado e levado ao seu país nunha carroza moi adobiada, tirada por fermosos cabalos, para ser enterrado alá. E Ponto fixo acompañalo con grosas fachas tres leguas ben cumpridas e fíxolle tanta honra puido, aínda que non estivese atristado pola morte. Os señores de Borgoña fixérono volver con gran

coita, despedíronse del louvándoo e pregoándoo moito e dicindo que non había cabaleiro tan dereito coma el tocante ao valor, largueza, cortesía e amor a Deus e á Igrexa, e que fixera o seu deber magnificamente.

Volveu Ponto a Vannes e foi rente a Sidonia e falaron entre eles moi doces palabras e despois púxose de brincadeira dicíndolle se ela non lle quería mal á súa lanza e mais á pedra que a librara de marido, e ela púxose rubia e díxolle:

- Meu señor, é perigoso medirse en armas convosco. Xustades moi mal, cando os reis morren, mais estouvos agradecida polo que fixestes por el, pois que todos os seus amigos volo agradecerán.

Ponse daquela Ponto:

-As cousas que teñen que acontecer, cómpre que acontezan. Vós non debiades ser súa e por iso non habedes herdar viuvez, porque non puxestes pé no leito.

Así estiveron de brincadeira un co outro e falaron de diferentes cousas.

E despois foi ver o rei e os baróns e díxolle a aquel:

- Maxestade, ben ouvistes que teño un exército para conquistar, coa axuda de Deus, o meu reino que os sarracenos teñen aferrollado. Ben quixera levar, se vos apracera, xente do voso reino, aqueles que quixeren recibir diñeiro, e heilles pagar moi ben. e por adiantado de hoxe ao día de Santos

- Ah, meu benquerido fillo –díxolle o rei- non tedes nada que pedir, levái a miña xente para reconquistardes a vosa herdanza e colléi os meus bens e todo canto eu teño. E se vos apracese, eu estaría moi contente de me deixardes ir na vosa compañía, porque vou vello e non había ser moita perda de min, e non podería morrer en mellor e máis proveitoso servizo para a miña alma ca no servizo de Deus.

Ponto agradeceullo moito e díxolle que desta vez non iría, senón que ficaría gardando o seu país. E canto á riqueza, non tomaría nada del pois Deus concedéralle largamente para este asunto e mais para outros, porén non refuga os seus homes, porque son aqueles nos que máis fía e os que máis ama de todos os do mundo ante unha gran necesidade. Os baróns e cabaleiros da Bretaña póñense moi ledos por esta expedición e todos se propoñen para ir con el, e Ponto agradécelle moito; dilles que todos estean aparelados de alí a quince días en Vannes e ordena procurar por todos os países naves, barcos e víveres para estaren ese día. Todos os baróns equípanse e provense de barcos e de guerreiros, os mellores cos que endexamais se deron gornecido. Ponto pregunta por baróns de Anjou, do Maine, de Poitou e das outras terras veciñas, e di que quere escribirlles. Pregunta maiormente por Guieffroy de Lesignen e por Landry de La Tour e dinlle que ámbolos dous chegaran hai pouco de alén mar, do reino de Xermania onde estiveran ben dous anos en loita cos infieis.

- Ah! –di Ponto- moi bos cabaleiros e homes asisados son. Ben cuberto vai quen na súa compañía os leva.

Daquela enviáronlles cartas a eles e a moitos outros de terras veciñas – Normandía, Anjou, Maine, Turena e Poitou- a aqueles que Ponto pensaba que tiñan desexo de aventura para conquistaren honra, dicíndolles que se reunisen con el no día décimo oitavo na torre de Orbandelle, perto de Talmont; alá habían atopar navíos e diñeiro dabondo. Os mensaxeiros partiron, e cando aqueles escoitaron as novas de Ponto e o feito de que os infieis tiñan dominado o seu reino, estiveron moi ledos de iren alá e todos se equiparon para estaren no día. Ponto enviou por todas as terras –pola Normandía, a Bretaña e o Poitou- ouro e diñeiro en procura de barcos que fosen uns a Vannes e outros a Les Sables d’Olonne, no Poitou.

Logo, Ponto mandou buscar a súa gran nave e fixo chegar unha parte das súas riquezas a Vannes. A véspera do seu casamento envioulle a Sidonia un presente con coroas, círculos, cintos, chapeus, esmoleiras, ouro, perlas, púrpura, pedras preciosas e margaritas que maravillaba ver de tanto que valían, pois foron estimados en máis de mil besantes de ouro. O rei viunos e díxolle á súa filla:

- Non estades casada cun pobre home desherdado. Deus déuvolo garrido, bo, rico e sabio, debédesllo agradecer moito a El.

Despois deulle ao rei moi boas alfaias con pedras preciosas, perlas, copas de ouro, e a cada un dos baróns gran cantidade de ouro ou de bens, segundo o que lle conviñese. Moi louvado foi Ponto polos seus grandes dons e largueza.

O día do seu casamento estiveron os señores de Inglaterra, de Escocia e de Irlanda moi nobremente adobiados, e mais os de Bretaña, que moita honra lle facían. Grande foi a festa e grande a ledicia dos incontabeis menestreis e heraldos, aos que Ponto fixo inmensos presentes. E moitos raros manxares houbo. Na sobremesa fixéronse maravillosas e elevadas promesas. Ponto fixo unha que deu a falar, pois dixo así:

-Porque a xente podería dicir que a filla do rei colleu un home sen terra, prometo que endexamais hei deitarme no seu leito deica eu ser señor da terra e reino que foi de meu pai e estea coroado. E prometo a Deus que nunca a tiña eu bicado nin pedido mal ningún cando partín deste país nin matinara en llo facer, respectándoa tanto como á miña mesma nai .

Dixo e fixo estas cousas polas falas ás que o rei dera creto, por culpa das que marchara do país de Bretaña. Sidonia, cando soubo que fixera esa promesa púxose moi contenta, mesmo se mellor quería a súa compañía. Moito falou diso a xente, uns dicían “É home moi asisado e cabaleiro de verdade” e outros dicían que eles non se terían afastado a noite na que a dama agardaba ter recreo con el. Daquela o rei dixo: “Fun moi precipitado ao crer tan lixeiramente como fixen.”

A festa foi moi grande, mais o rei non quixo que houbese xustas, dado o acontecido co rei de Borgoña, por medo de que non sucedese algún infortunio.

Bailouse e cantouse e houbo moitos xogos e leceres extraordinarios. Polo serán Ponto foi aos cuartos de Sidonia e díxolle:

- Ai, miña amiga, meu amor e miña ledicia toda, meu corazón enteiro e meu arrimo, fun ben precipitado coa promesa que fixen, mais abofé que o fixen por a vosa honra salvar das falas da xente, que axiña se din e moi difíciles son de apagar. E de certo, miña amiga, que eu hei sofrer máis coita ca ninguén polo desexo que teño de me atopar nos vosos brazos. Mais, se Deus quer, hei estar neles axiña, pois é o máis grande degoro do meu corazón.

- Meu benquerido señor e amigo, sabéi que o voso pracer é o meu e que nada debemos desexar tanto como a honra e a boa sona. Fixestes ben para varrerdes os receos dos maledicentes.

Moito falaron entre eles e logo bicáronse e abrazáronse. Moitas apertas houbo na quincena toda. Entón chegou o momento do desfile e calculouse que había catro mil cincocentos bretóns armados e mil douscentos normandos. Fermosa cousa foi velos xuntarse diante do navío de Inglaterra. Ponto despediuse do rei e de Sidonia. E Guenelete engaiolounos arteiramente ata ficar con eles coma o seu garda. Ponto entregoulle unha parte do seu tesouro para gardala e gobernala. No momento da partida, Sidonia e as súas damas choraron a fío. Ponto bicouna e entregoulle a maior parte das súas riquezas para que a gardase.

Daquela partiu e foi por terra pasando por Nantes e dirixíndose á torre de Orbendelle en Les Sables. Alá había moito navío. Chegaron Guieffroy de Lesignen e Landry de La Tour, que eran compañeiros e traían moita xente, e Ponto recibiuos con moita ledicia, como os dous cabaleiros estranxeiros que máis amaba, e deulles ricos presentes.

Logo chegaron Guillaume des Roches, bo cabaleiro, Peain de Rocheford, o señor de Chemillé, Pierre de Doué, Girart de Chastiaugontier, Jehan Maulevrier cos hurpeses, e os manseses Beaumont, Laval, Siglé, Doucelles e outros. De Turena viñan Beausay, La Haye e outros, de Poitou o vizconde de Thouars, o irmán do conde de La Marche, Mauleon, Chasteaumur, La Garnache e outros máis. Ponto fíxolles grandes presentes e todos se asombraban da súa largueza e dicían que só el merecía ser servido porque “é digno de gobernar e conquistar o mundo todo pola súa cortesía, a súa boa acollida e a súa largueza”.

A cada un fíxolle fornecer, segundo a xente que trouxera, naves e barcos, e despois subiron a eles e partiron moi ledos.

Non tardaron en chegar o resto dos navíos. Moi fermosa cousa foi ver as naves coas velas izadas semellando unha gran foresta.

Tiveron o vento a favor e pasaron a illa de Oleron, e cando estiveron a tres leguas da Coruña, mandou Ponto botar a áncora e deterse, e díxolles aos capitáns:

-Cómpre entrar na bisbarra pola noite, pois que hai luar, e habemos desembarcar a unha legua ou dúas da Coruña e logo facermos retirar os navíos, porque non quero, por diversos motivos, que coñezan a nosa forza.

Daquela ordenou que partisen ao solpor, e talmente se fixo: desa hora arribaron a aquela beira, a unha legua da vila. Baixaron á terra e logo botaron os barcos ao mar moito antes de que puidesen ser albiscados e metéronse nun val cabo dun bosque e mantivéronse o máis silandeiros que puideron. Montou Ponto a cabalo e foi á estrema do bosque para ver se atopaba alguén e coñecer o estado do país. Chegou logo rente dunha capeliña moi devota. Alá foran, erguéndose antes de riscar o día, o conde de Asturias, tío de Ponto, e Patricio, o cabaleiro que o salvara a el e aos trece rapaces embarcándoos no navío. Estes dous cabaleiros, que se querían como irmáns, salvaran o pobo de morrer facéndolle pagar tributo na espera da graza de Deus e da liberación do país. Erguéranse antes do mencer para iren en peregrinaxe a esa capela sen seren albiscados polos pagáns. Cando Ponto a viu, foi pola banda dela, baixou e entrou. Era o riscar do día; viu dous homes de xeonllos e aledouse moito ao pensar que se estaban nela serían cristiáns. Ao sentíreno vir, os dous cabaleiros tiveron moito medo coidando ser espiados polos infieis e sobresaltáronse todos. Ponto preguntoulles:

- Quen sodes vós? Dícídeo afoutadamente!

- E vós quen sodes? E que lei seguides?

Ponto respondeu:

- Non vou agachar o meu nome. Abofé que son cristián.

E o seu tío dixo:

- Benchegado sexáis, a vosa compañía aprácenos pois nós sómolo tamén no corazón, mais rogámosvos que nos digades quen sodes.

- A fe –dixo Ponto- o meu nome é Ponto e fun fillo do rei de Galiza.

Cando o seu tío, o conde de Asturias, o ouviu, foi correndo, de brazos abertos, e abrazouno e bicouno:

- Ai, meu benquerido sobriño, benia Xesucristo que me fixo a grande graza de vos ver antes de eu morrer.

E cando Ponto ouvíu que era seu tío e viu a boa cara que lle puña tivo gran contento e grande mágoa e díxolle:

- Por Deus, meu señor, dádeslle gran ledicia ao meu corazón se contades verdade.

O día xa estaba ben claro e recoñeceuno; entón bicoulle a boca e os ollos, chorando ámbolos dous un enriba do outro e non puideron dicir nada, só abrazárense. E cando deron falado, o conde díxolle:

- Ai, benquerido sobriño: como é que ousastes vir así só? Se vos ven, ides camiño da morte.

- Benquerido tío -díxolle el- non estou tan só que non teña aquí máis de vinteoito mil homes de armas, a flor toda de Inglaterra, de Escocia, de Irlanda, de Bretaña e dos países do arredor

Ao que escoitou iso, seu tío axeonllouse e xuntou as mans cara o ceo e deu grazas a Deus. Entou faloulle da desventura do país, e de como conservaba aínda toda a súa xente, mais esta víase obrigada a lle render tributos ao rei Brodás. Daquela amosoulle o cabaleiro Patricio, que o salvara no barco e salvara o país. Ponto vai cabo del e abrázao e dille que era todo seu. Moito falaron entre eles, Ponto levounos ver o seu exército e cando o viron levaron a maior alegría que podían ter.

-Cómpre- dixeron os cabaleiros- que dispoñades as vosas tropas.

Nunha valiña moi perto situaron catro mil homes, para que, des que os da vila saísen a combater, aparecesen polo lado e viñesen por tras deles derrotalos. E tamén lle entregaron a Patricio cinco centos para que os levase a un lugar dende o que, cando todos tivesen saído da vila para iren combater, el e os seus cinco centos fosen cara á vila como se fosen enviados para gardala, e se metesen dentro. Tal dispuxeron entre eles.

E Patricio dixo:

- Benqueridos señores, esta xuntanza ten lugar mercé a Divina Providencia e a Xesucristo. Ponto, que era o señor lídimo deste país, enviounolo Deus porque sabe a nosa desventura e o xeito en que ha vencer nesta loita.

O conde de Asturias viu seu fillo Polido, que era un moi garrido e agradábel cabaleiro. Bicouno e puxéronse moi ledos. Logo, dixo o conde:

- Señores, preparaivos, pois teño que informar ao rei Brodás de que os cristiáns entraron para esbullaren o país. Vai el saír con tanta xente poida traer e ha vir en desorde, polo que será máis doado de derrotar. Para iso, mandái procurar unha baleeira pequena, preparái os barcos e o navío e prendeille lume a algunha casa. Non ha sospeitar que a vosa forza é tan grande, polo que ha correr sen orde nin formación ningunha.

Entón pedíu licenza e partíu, chegando á vila cediño. O rei estíbbase a erguer e o conde foi cabo del estarrecido, saudouno por Mahoma e díxolle:

-Maxestade, os cristiáns viñeron derramar e esbullar o voso país e só están a unha legua de aquí.

- Son moitos? –preguntou o rei.

-Non sei, Maxestade, mais teñen ben sesenta barcos, polo que sentín dicir e polo que vin.

- Non son máis? Por Mahoma que en hora má viñeron. Teño que vos contar –dixo- que esta noite soñei que me convertía nun gran lobo negro e que vós acirrabades contra min un lebreiro branco e un braco, e que o lebreiro me mataba.

- Ah! –dixo o conde- Non se debe crer nos soños.

- Tedes razón –dixo o rei- Mandái soar as trompetas e chamái ás armas. Imos pillar eses godallos e esbulleiros do mar; heinos facer esfolar e tirar por rabos de cabalos.

-Ben falado –dixo o conde, que pensaba que ía acontecer doutro xeito.

O conde saíu e foise preparar. Mandou chamar ás armas e todos se armaron e montaron a cabalo. O rei, moi nobremente e ricamente armado, saíu da vila sen levar a súa xente en orde senón cadaquén como puidese. Saíron máis de doce mil de a cabalo, sen contar os besteiros e soldados de a pé e os que non tiñan cabalo. Ponto puxo en orde as súas tropas e situou nunha valiña catro mil guerreiros que se habían pór entre aqueles e a vila para os apertar dende atrás. E Patricio púxose nun lugar cos cinco centos combatentes para atinxir a vila, agardando o momento de se poñer en marcha. O rei fincou a espora cara a onde viu o fume e mirou para o mar sen ver máis de sesenta navíos, polo que se dixo:

-Vámoslles enriba! Vergoña para eles! O seu Xesucristo non lles ha valer non morreren de ruín morte.

Non tirou das rédeas ata ter pasado o lugar dos catro mil. Daquela mira diante súa e ve grandes tropas formadas. Moito se asombrou e axiña tentou de contrarrestar ordenando a súa xente. E mais ordenou a maior parte dela, porque era afouto e portentosamente sabido en armas. Niso atendeu a escoitar e sentiu unha gran grita entre el e a vila e viu os seus fuxiren cara a si. Daquela clama:

- Non hai que fuxir! Botémonos enriba deles arrizadamente!

Finca entón a espora para reunir toda a grea. Xustou con Guieffroy de Lesignen, que se adiantara un pouco, e déronse fortes pancadas, mais o rei acadou Guieffroy de través e derrubouno. O rei botou man á espada e berrou:

- Axuda, Mahoma!

Ao primeiro que el atinxiu derrubouno polo chan, facendo prodixios guerreiros. A batalla comezou con moita crueza. Ponto, que tiña gran desexo de usar as armas, especialmente contra os que sometían o seu reino, bate a torto e a dereito e derruba sarracenos e cabalos matando todos os que acada. Os sarracenos mantíñanse xuntos de arredor do seu rei, que mataba e fería moitos dos nosos.

Landry de La Tour viu que Guieffroy de Lesignen non daba montado de novo e estaba en aperto e corría grande perigo; bate logo nun turco e derrúbao, collendo o cabalo e levándollo malia todos eles a Guieffroy, ao que lle di:

-Benquerido compañeiro, montade, porque é perigoso estardes a pé.

Guieffroy agradécello moito e monta. E ao que estiveron os dous de a cabalo fixeron grande estrago nos sarracenos. Ben se empregaron os bretóns, os hurpeses e os das Marcas Baixas. Grandes berros e oubeos se escoitaron. O rei manda soar un clarín e agrupa a súa xente presentándolles moita batalla á nosa.

Ponto fita e ve que era o rei que matara a seu pai, e tamén ve que o seu exército se mantén grazas a el e que fai prodixios co seu corpo. Vai moi ricamente armado e leva unha coroa enriba do helmo. Ponto está moi contente de o ter atopado, vai daquela banda e bátelle un baloucazo e o rei bátelle a el. Moi duro combate ten lugar entre eles pois o rei era moi forte e de moita coraxe, mais Ponto dálle tantas pancadas onde o acada que lle fixo abanear a cabeza e atordouno e cortoulle as barazas do helmo. E o rei, que non ten menos forza, atura. Ponto zoupa con toda a súa forza e córtalle o pescozo baixo o helmo: o rei cai morto.

Cando o viron os seus, bateron as palmas en sinal de dó e foron todos derrotados. E por outra banda viñéronlles por tras os catro mil e apertáronos, de xeito que ninguén escapou sen ser morto. Todos foron pasados pola espada sen ter mercé de nada.

Patricio saíu da súa emboscada con cincuenta homes, os primeiros, para tomar a porta e mandoulles aos outros que viñesen despois. Foi á entrada, onde o recoñeceron e lle preguntaron como ía a cousa; el respondeulles que malamente. Entrou e mantívose na porta cos cincuenta namentres os outros non chegaron, e despois puxo gardas nela e ordenou que ninguén entrase ata chegar Ponto. O resto deles foron polas casas e mataban os sarracenos que atopaban; Patricio ía berrando vila adiante: "Morte aos sarracenos! Vivan os cristiáns!". Os cristiáns da vila, que estaban sometidos á servidume e pagaban tributos, formaban cruces cos seus brazos e ninguén lles facía mal a eles ou ás súas pertenzas, como ordenara Patricio.

A vila foi tomada, pois toda a xente que a defendía fora para a batalla, onde morrera. Contáronse ese día ben máis de vinteseite mil mortos. Cando rematou a desfeita, os nosos cachearon nos campos, cadaquén para atopar un seu amigo, curmán ou amo, e non houbo unha gran cantidade de mortos de sona. Da Bretaña atopouse Gieffroy d'Ancenis e Briant du Pont entre os baróns, e entre os cabaleiros Roullant de Coquins, Henry de Sion, Bernalles de Saint Gilles e moitos outros feridos que non tiñan perigo de morte. Dos hurpeses foron atopados mortos Hubert de Craon e Pierre de Semillé, e dos cabaleiros Thibault de Bresse, Hamelin de Montloys e Eustace de la Poissoniere. Dos pictevinos Andrieu de La Marche, Jehan de La Garnache e Hubert d'Argenton, e entre os cabaleiros Almaury de La Forest e Henry de Basoges. Do Maine Ardoin de Sillé e Olivier de Doucelles, e entre os cabaleiros Garin de Cussés e Guillaume du Saiges. Dos normandos Richart Tesson, Guion Paynel e Pierre de Villiers. Canto a Inglaterra e Escocia poucos

mortos houbo, pois eles viñan na retagarda, e os das Marcas Baixas estiveron na fronte e levaron todo o peso. Ponto mandou recoller os corpos e fíxoos enterrar na igrexa maior da Coruña e fíxolles as mellores honras e servizos que puido, tan grandes que llo tiveron moi a ben e foi louvado por todos. Cando os campos foron cacheados, e reunidos os cristiáns mortos nunha banda e os feridos na outra, e se puxo a cousa en orde, Ponto e as tropas cabalgaron cara á vila e sinaláronlles as rúas e as casas a cadaquén segundo a xente que levaba. Alá atoparon tantos víveres e bens que ao máis pobre chegoulle abondo. E mandaron pregoar que ninguén lles tirase cousa ningunha aos cristiáns da vila e que ninguén lles fixese dano, o que talmente se cumpriu.

Ponto foi dereitiño á igrexa maior ofrendar o seu cabalo e o seu arnés no altar. Tirou a loriga e ficou só vestido co brial, a camisa e o calzón. Cubrírono cun manto de martuxa. Ouviu tres misas e agradeceulle a Deus a graza que lle concedera.

Despois, o conde, seu tío, e mais Patricio, foron cabo del e consideraron o que facer. Patricio dixo:

- Propoño que antes de cousa ningunha, a todos os que gardan torres, castelos e vilas lles fagamos unha carta do seu rei para que, de recibida esta, veñan á Coruña de día e de noite. Uns serán presos ao entraren, aos outros porémoslles emboscadas en certos lugares. Deste xeito os habemos pillar o máis doadamente e habemos ter menos que facer.

Adoptaron este bo consello e artellárono os dous cabaleiros de tal maneira que viñeron todos os das vilas e castelos. Uns entraron na cidade e foron mortos, e os outros atoparon emboscadas polo país. Coa mesma foron desbaratados en moitos lugares. Cando os cristiáns que sufrían servidume coñeceron a desfeita, erguéronse nas vilas e castelos e mataron aos que atoparon. E tanto se fixo que o país ficou todo limpo e liberado, pois uns rendéronse, e Ponto deulles navíos e víveres para un mes, e os outros que puideron fuxiron, sendo algúns mortos polos españois e os do reino de Castela e outros en distintos lugares. Pereceron ruínmente, polo que o sultán sentiu logo moito dó ao ter así perdido os seus fillos e os seus guerreiros, e moi mal lle quixo a Mahoma dicindo como entolecido diante de todos que o deus crucificado o vencera dese xeito e tiña máis grandes virtudes ca el cando non fora quen de salvar os seus fillos e os seus guerreiros. E houbo moito pranto en Babilonia e en Damasco.

Volvo con Ponto.

CAPÍTULO XII

Ponto fixo curar os feridos; visitábaos e mandábaos chamar cando era necesario, acompañaba aos señores e facíalles moi grandes presentes. Atopou tamén nunha torre o tesouro enteiro do rei Brodás, que era extraordinariamente grande e sería moi longo de detallar.

Ao que cabalgou o país e todo estivo limpo, atopou moita xente e a terra ben traballada con viñas e searas. De todos os recunchos acorrían, como se fose un milagre, ver o seu lídimo rei e honrábano grandemente pola súa moita sona de afouteza, bondade e cortesía, pois endexamaís houbo ninguén máis pequeno ca el ao que non falase e escoitase moi humildemente. Foi recto e compasivo cos pobres, amaba a Deus e a Igrexa.

De que tivo visitado o territorio todo, foi á Coruña, onde celebrou unha gran festa e se fixo coroar pola man do bispo. Alá foi o rei de Aragón, seu tío, irmán da súa nai, que tiña gran ledicia por velo e pola súa vitoria. Contoulle como o rei Brodás lle fixera a guerra e como tivera que lle pagar tributo ata un certo tempo antes para ter paz con el, igual que facían os veciños ata que Deus puxera remedio. “A Graza Divina apiadouse e obrou por medio de vós.” Así se laiaba o rei ao seu sobriño. E tamén lle dixo que agardaba que no verán seguinte baixase o rei de Francia, e o rei de España, “mais, grazas a Deus, non é preciso que vós vaiades”.



Grande foi a festa do coroamento do rei, moitas viandas e sobremesas houbo. Os grandes señores estiveron nela rendéndolle homenaxe, e tamén as damas belidas, que moi ledas estaban ao saíren do inferno, da servidume e da mágoa na que estaban con tristura e coita, véndose agora acougadas, contentas e

no paraíso, tal lles parecía. O seu rei gustáballes tanto que se puxeron a miralo, e toda caste de xente deu grazas a Deus, amosando alegría pola súa liberación. Á sobremesa cantaron as damas e fixéronse grandes promesas con pavóns e cisnes⁴⁶ que serían longas de máis para contar. Despois da sobremesa mandou presentar, por doce belidas damas e doce vedraños cabaleiros, grandes dons e alfaías: para uns, fermosos cabalos, para outros, copas e picheis de ouro⁴⁷ e de prata, besantes de ouro, e moitas vaixelas aos cabaleiros e bos capitáns, tantos que todos se asombraban da súa gran largueza. Era home moi grato, con gran cortesía, todos os bos hábitos e xenerosidade.

E aconteceu un prodixio. Era costume que diante do estrado principal comese trece pobres, servidos antes ca o rei, polo amor de Deus e dos seus trece apóstolos. Andaba o conde visitando as mesas cando Deus quixo que ollase para a mesa dos pobres e vise unha muller que estaba a fitar para o rei e ao fitalo as bágoas caíanlle dos ollos. O conde mirouna, e tanto a considerou que, por un sinal que ela tiña no queixelo, se decatou de que era a raíña, súa irmá⁴⁸, nai do rei Ponto. E cando a viu en tan mal estado, con toda a súa roupa rachada e remendallada, non se deu contido de chorar. O corazón enchéuselle de mágoa ao vela tan arregueixada. E ao que deu falado, deulle grazas a Deus e foi por detrás do seu sobriño, o rei, e díxolle bagoando:

- Maxestade, aconteceu un gran prodixio.

- Que foi? –preguntou Ponto.

- Maxestade, a mellor e máis santa dama da que eu saiba, a señora raíña, vosa nai, está aquí dentro.

- E onde está?

Apenas o conde daba falado, pola mágoa e o amor. E cando deu falado, díxolle en segredo:

- Maxestade velaí está, sentada entre eses trece pobres, a segunda do primeiro feixe.

Ponto fitouna, e cando ela o viu puxo o seu pucho por diante dos ollos e bagoou. O rei tivo tanta mágoa que o corazón se lle apertou. E díxolle ao seu tío:

⁴⁶ A partir dun libro de cabalaría de 1312, *Les voeux du paon* (As promesas do pavón), moi espallado pola Europa medieval, popularizouse entre os nobres o ritual de faceren en banquetes promesas públicas diante dunha ave prezada como o pavón, o faisán ou o cisne. O *pavón* é a ave que posteriormente sería coñecida en español como *pavo real*, é dicir *pavo auténtico*, para distinguila do pavo de orixe americana.

⁴⁷ O pichel é unha especie de xerra que leva un testo artellado coa asa. En xeral era utilizado para beber, e inicialmente adoitaba ser de estaño. Na Compostela medieval houbo unha importante industria de picheis, o que explica a denominación *de picheiros/picholeiros* que familiarmente se veu dando aos composteláns.

⁴⁸ *Irmán, irmá, fillo, filla*, etc. podían empregarse como muller dun irmán ou marido dunha irmá, muller dun fillo, marido dunha filla, etc. Así se empregou xa no capítulo X ao se calificar o rei de Escocia de *irmán* e o de Irlanda de *fillo* do de Inglaterra.

- Benquerido tío: non fagades aceno ningún polo que ninguén se decate. Cando nos levantemos da mesa hei ir ao meu roupeiro, levaina alá caladiñamente.

Talmente se fixo. Despois de recolleren as mesas e daren grazas a Deus, o rei partiu caladiñamente e foi para o roupeiro, e o conde, seu tío, levou a súa nai moi en segredo. De que Ponto a viu, axionllouse diante dela e púxolle a coroa na testa, e ela ergueuno, bicouno e abrazouno. Moito choraron ela, seu fillo e mais o conde.

Cando puideron falar, dixo Ponto:

- Ai, señora, moito tedes sofrido e aturado laceira!

- Ai, meu benquerido fillo, saín do inferno e Deus deume un gran paraíso terrestre cando tivo a ben concederme vida abondo para vos dexergar cos meus ollos e ser vingada do cabal rei, voso pai, que os tiranos mataron, e ver agora o país baleirado deles servindo a lei de Xesucristo. Ben sei que o mal que durou catorce anos foi punición divina polos grandes delitos que se facían neste reino. Comprendín que Deus ten piedade do seu pobo e vos enviou para amparalo e liberalo.

Moi ben e sabiamente falou a raíña, como santa dama que era.

- Rógovos –dixo o rei- que me contedes cómo escapastes e cómo vos salvou Deus.

- Vóuvolo contar, benquerido fillo. Cando houbo tanto berro e tanto balbordo, o día en que esta cidade foi tomada e o voso pai foi morto, eu estaba aínda no meu leito. O rei armouse só coa loriga e saíu sen agardar nada, como o máis afouto cabaleiro que houbese, sona que el tiña. Cando partíu e eu ouvín o berro tiveron moito medo e puxen a roupa dunha das miñas mulleres e saín coa miña lavandeira. Atopei, por acaso, aberta a poterna, e pasei a través dela, indo ao bosque que está ao carón das gándaras, onde había un devoto ermitán que tiña unha choupana e unha capeliña no fondo do arboredo. Parei alí, e a miña camareira, que vai vella, viña cada día pedir esmola á corte do rei, e das esmolos viviamos ela, o ermitán e mais eu. Velaí de que xeito Deus me mantivo entrementes.

-Abofé que levastes santa vida –dixo o seu fillo.

E tal facía, pois vestía saial cinxido con corda e xexuaba, e era santa dama. O rei tivo gran ledicia e gran mágoa pola súa nai. Mandou axiña por xastres e fíxolles cortar cotas e mantos de veludo índico⁴⁹, de púrpura e de pano sedán e forrar de esquí e de armiño, e cubriuna co seu manto. E cando chegou a cea levou con el a raíña moi ricamente adobiada. E cando o rei de Aragón, seu irmán, a viu, bicouna e abrazouna e dixo que non coidaba que estivese aínda viva. Os señores e as damas de Galiza tiveron gran alegría pola raíña e moita festa lle fixeron porque a tiñan por

⁴⁹ Cór índigo ou anil, coñecida como “a sétima cór do arco da vella”, e que tradicionalmente se obtiña a partir de certas plantas orixinarias da India e da China.

moi boa e santa dama, e estaban todos asombrados de onde saíra pois coidaban todos que morrera. Seu irmán, o rei de Aragón, sentouse no extremo da mesa da cea, seguido da raíña e despois seu fillo, pois o día do coroamento conviña que mantivese a súa condición real. A raíña tiña moi belida presenza e dicía unha gran dama. Moita humildade tivo e moi leda estaba polos bens e as honras que vía no seu fillo.

-Meu benquerido fillo, moito degoro eu ver a nosa filla, vosa muller, por tanto ben como sentín referir dela.

-Señora, se Deus quixer habédela ver axiña.

Aquel día pasou entre gran ledicia, grandes leceres con danzas e cancións e moitos tipos de xogos.

Pola noite, Ponto soñou que un home devoraba a Sidonia, a súa muller, e que ela berraba e saloucaba dicindo:

- Ai, Ponto, meu benquerido amigo! Ai, meu benquerido señor, por Deus, non me deixedes morrer!

Dúas ou tres veces tivo esa visión e moito se sorprendeu no seu corazón e moito estarreceu. Ao chegar a mañá, tan logo como raiou o día, mandou erguerse os seus chambeláns e enviounos na procura do seu tío e de Patricio. Cando chegaron cabo del contoulles as visións e díxolles:

- O meu corazón dime que a miña muller ten anguria ou algún mal. Non me hei, daquela, deter por cousa ningunha sen ir alá o máis axiña que poida.

Cando viron a súa vontade non ousaron contradicilo.

- Grazas a Deus e a vós, benqueridos señores, este país está limpo –dixo o rei- E penso ben que por vós os dous o país foi salvo e o pobo librado de morrer polo voso goberno, que Deus quería. Lémbrome de Moisés e de Aarón que Deus escolleu para salvar o seu pobo de Israel. Habedes ter de Deus o galardón e os méritos. Canto a min, estouvos moi obrigado, polo que, benquerido tío, noméovos meu lugartenente, e Patricio será senescal e condestábel de todas as terras. Porque é ben razón que vós, que tanto ben fixestes, teñades a señoría e o goberno delas. E vós, Patricio, meu benquerido amigo, salvástesme, polo que vos hei dar máis terras e bens dos que perdestes no voso servizo.

Patricio axeonllouse e deulle as grazas. Despois, Ponto ordenoulles que fose mantida a condición da súa nai e todo o que ela pedise fose considerado como para a súa propia persoa, e que axudasen aos pobres como aos ricos, e que os fortes non lles fosen gravosos.

- E facéi reconstruír as igrexas e repór as vidreiras e as outras cousas, para o que eu heivos entregar mil besantes de ouro.

Moi ben dispuxo o seu reino.

Logo foi ouvir misa e enviou o seu almorzo ao navío, despedíndose da súa nai. Bicouna e díxolle para que todos escoitasen:

-Señora, déixovos o meu reino e todo o tesouro que teño baixo a vosa garda e goberno. Ordeno a todos obedecervos como á miña propia persoa e mellor. Déixovos o meu tío e mais Patricio, o meu bo cabaleiro, ao que nomeei condestábel e senescal deste reino, e ao meu tío meu lugartenente.

Daquela despediuse e a raíña bagoou e chorou e rogoulle que volvease axiña e que desexaba de ver a súa muller. Despediuse dos señores e das damas do país e subiron aos barcos. Cada un se aparelhou para meterse ao mar. E o rei Ponto foi xunto de todos os baróns e díxolles a visión que tivera, polo que non tería acougo ata non ter visto a raíña, súa muller. Puxéronse, daquela, en camiño e singraron polo mar, tanto que Ponto albiscou as costas de Bretaña.

Deixo ao rei Ponto e volvo co rei de Bretaña e con Sidonia, o que é que lles aconteceu e como lles foi.

CAPÍTULO XIII

Guelete ficara como garda do rei e da súa filla e Ponto entregáralle o goberno todo, tal como tedes ouvido. Púxose moi contente, mais non se deu contido de facer traición. Pensou, daquela, en ter a Sidonia e ser o seu señor e rei do país por calquera medio, a ben ou a mal; había intentalo da maneira que fose. Tan grandemente o tentou o inimigo⁵⁰ que fixo gornecer a cidade de Vannes e os castelos e mandou en procura de mercenarios distribuíndo cartos a mancheas para se facer co corazón deles. Son cartos de ruín virtude, pois para telos un ponse en perigo de morte. E des que tivo gornecidas as fortalezas mandou fabricar uns falsos selos coas armas de Ponto e fixo dúas cartas falsas, unha para o rei e outra para Sidonia, nas que se dicía que Ponto se encomendaba ao rei, e que toda a súa xente morrera derrotada e el estaba ferido de morte sen remedio. Rogáballe daquela, polo seu ben e pola garda do país, que lle dese a súa filla a Guelete, pois mellor non a podía situar, e que para facer o casamento dáballe o seu gran tesouro que trouxera de Inglaterra. Moi ben confeccionadas estaban as cartas. A de Sidonia tiña o mesmo contido e rogáballe e requeríalle que, polo amor que se tiñan, quixese tomar en casamento a Guelete, seu curmán. Cando o rei e a súa filla viron esas cartas, non preguntedes pola súa grande dor e os salaios que deron. Sidonia desmaiábase a cada pouco e choraba e laiaba por aquel que non podía esquecer, tirándose dos cabelos e doéndose tanto que daba mágoa vela. As damas e a corte toda doíanse dela, dicindo:

-Que dór! Que coita! Que tristura! Que desfeita! A flor da cabalaría! A flor da donosura, espello de todos os bos costumes!

A vila, os burgueses e o pobo chan, choraban botándoo en perda. Cadaquén choraba polos seus amigos e parentes, pois coidaban que todos morreran. Ninguén daba confortado a Sidonia.

- Foise –dicía ela- aquel no que moraba a bondade e lealdade toda, e do que eu coidaba que tiña toda a alegría, e que era tan franco, tan leal e me amaba tan ardentemente, que estaba labrado para manter o pobo en paz e dozura! Como permitiu Deus que acontecese ese suceso contra el e contra miña? Malpocada! Coitada de min!

Non había corazón tan duro que ela non conmovea. E a dor duroulle máis de oito días sen parar.

Guelete vaille dicir ao rei como Ponto pide que lle dea a súa filla. Faille aloumiños e garatuxas e fálalle de que a vai servir e honrar e gardar o reino. Dille que Ponto lle deu máis ouro e prata do que vale o reino e ofrécello:

- Maxestade, rógovos que vaiades falar coa vosa filla para que dea o seu asentimento.

⁵⁰ O demo.

O rei ía vello e non soubo o que dicir, e tanto fixo Guenelete co seu solerte engano que o rei consente. Vai rente da súa filla e confórtaa o mellor que pode dicíndolle que o desazo o único que lle fai é mal, sen axudarlle nada nin a el nin ao seu reino. E que -tal como Ponto lle solicita que a dea a Guenelete- polo amor a aquel e ao gran tesouro que lle regalou, halla dar e obedecerlle.

-Porque -di o rei- é asisado e permaneceu no reino para gobernalo, e se eu vos dese a algún rei, este habíavos levar para o seu país e o noso ficaría sen pastor.

Cando Sidonia sentíu falar así o seu pai asombrouse toda, e dixo que endexamais, se Deus quixer, había ser Guenelete o seu marido, e que antes entraría nun convento. Chora entón e ten máis dó ca dantes, polo que o rei, que tanto a ama, dille que se ela non quere non o ha ter, mais que se console.

Foi daquela xunto a Guenelete e díxolle que a súa filla non quería ter marido ningún polo momento.

- Como? -púxose Guenelete- Entón rexéitame? Non ha ser segundo o seu capricho.

Vai cabo dela con moitas panxoliñas e boas falas, dicíndolle como a pensa servir e obedecer, sendo ela dona de todo e que nada se ha facer no reino sen o seu mandado, e falándolle do gran tesouro que ten do seu finado rei, gañado aos sarracenos e que Ponto lle deu e transmite por carta. E amosoulla. Moi falanguero estivo, mais de nada lle valeu porque ela xurou que non había casar no ano todo por moito que lle dicesen.

-Como ?-ponse el- Se voso pai volo ordena, ídeslle desobedecer?

- O rei meu señor pode ordenarme o que queira, mais, para morrer, eu hei agardar un ano. Despois, non digo que non o obedeza.

- De certo que me rexeitades -dixo Guenelete- e non queredes obedecer ás cartas do voso finado señor -ao que diciades amar tanto e que non había cousa que non fixerades por el e despois non vos dignades a obedecer o seu rogo nin a súa carta- e tampouco non vos dignades obedecer as ordes do rei voso pai. Pola lei que lle debo, se non tomades outra determinación, témome que vos ha pesar.

Así a ameaza cando con ben non a dá conseguido. E ao final dille que, como ten o permiso do finado do seu señor e máis do rei, terá ela que facelo, queira que non.

- De certo que estou nese transe? -pregunta ela

- A fe que si- respóndelle el.

- Pois habedes ver como vai ser: antes heime deixar cortar un membro tras outro.

- De certo –dixo el- que axiña habemos ver o que é.

Vaise todo entolecido pois non coidaba fallar en tela. Sidonia ficou moi asombrada e pensou no seu corazón que esa non era a primeira falsidade e dubida de que as cartas non fosen falsas, pois xa en tempos dera a entender que Ponto morrera. Chama entón tres escudeiros e dous chambeláns que tiña, e mais Elios e outras dúas doncelas, e dilles que sospeitaba de Guenelete, que tiña moito interese en tela axiña, a ben ou a mal.

-É artimiñeiro e se cadra intenta obrar pola forza. Daquela pensei que nos metamos nesa torre e fagamos levar víveres e nela habemos estar deica termos socorro dalgún dos nosos amigos ou dos baróns, e sabermos o que hai de certo tocante ao meu señor Ponto.

Dinlle que falou ben, e fíxose dese xeito. Mandaron levar pan e viño en botellas, cántaras e pipos, e mais carnes e queixos e todo cando puideron recadar, e pecharon a porta con trancas e levaron rochas e todo canto deron topado para defendela. De certo que Guenelete pensara tomala pola forza e facerlle violencia se non quería dar o seu asentimento. Coidou que estaría nos seus cuartos, e cando non a atopou foi polos roupeiros, e finalmente unha doncela díxolle que se retirara a aquela torre despois de a facer gornecer e aprovisionar. Cando Guenelete a ouviu coidou tolear. Foi diante da torre e chamou manseliñamente, que lle abrise, pois a fe que non lle ía facer mal ningún. Mais Sidonia, que ben sabía a súa deslealdade díxolle que endexamais había entrar. E cando Guenelete viu que non podía entrar coas súas artes, ameazouna moito e xurou que a había pillar pola forza e facela criada súa se non quería ser a súa muller, que escollese o que quería.

-Ah- traidor! –dixolle ela anoxada por estas falas ben diferentes- Non o habedes lograr endexamais, se Deus quer, e habedes morrer de morte má neste aveso asunto.

El encarráxase e di que, de chegado a ese punto, ha ir deica o final, aconteza o que aconteza. Prende o rei e méteo na prisión por medo de que non fixese algo contra el e dille aos burgueses que Sidonia lle fora dada polo seu marido e tamén seu pai lla concedera, mais que sentira dicir que ela pretendía casar cun home sen lar nin fogar que esbullaría e aldraxaría o país.

- Mais se a teño eu –díxolles- heivos conservar as vosas franquías e liberdades e heivos amparar como a pedra ampara o ouro. Daquela recluín a Súa Maxestade nos cuartos pois tresvaría de a feito e perdeu o siso, polo que axiña asentiría á tola idea da súa filla. O país estaría perdido se acontecese o que eles matinan, mais eu heillelo impedir, para contento de Deus e axuda de vós, polo ben e a salvación da Bretaña.

Fíxolles dons a mancheas a aqueles que pensaba que o podían danar, e facíao de tal xeito que eles coidaban que contaba a verdade, polo que ningún ousaba se mover. E tamén tiña moitos mercenarios estranxeiros. Ao que tivo falado cos burgueses e co pobo, foi ao asalto da torre.

Estaban nela cinco homes e catro mulleres que botaban enriba da entrada grosas rochas defendendo a torre. E tamén entre os que atacaban había moitos que arremedaban e non querían que a tomasen. O asalto durou moito tempo, e cando Guenelete viu que fallara púxose doente e encarraxado, pensando que polo menos habíaos vencer á fame e á sede.

- Abofé! –díxolle Sidonia- temos víveres abondo para máis dun mes, e entre tanto Deus hanos axudar e mandar socorro.

Cando Guenelete o ouviu coidou que rabeaba. Estaba adoecido por ter fracasado no seu asunto e quixera non o ter comezado, mais, pois que xa o comezara, había vencer ou morrer. Puxo, daquela, boa garda arredor da torre para que non lles levasen víveres ningúns. E despois matinou unha trampullada: foi xunto do rei e rogoulle que falase coa súa filla, pois sería ben que a tornase da tolemia que emprendera, e díxolle que non a quería esfamear, polo que viña tratar con el. Tanto fixo que o rei, que era home cabal e non pensaba en trampullada ningunha, foi alá enriba rente da súa filla e díxolle como había morrer de fame e espúxolle moitas cousas. Ela respondeulle en contrario e díxolle que estaba convencida de que as cartas eran falsas.

- Vós sabedes –díxolle- que noutro tempo el puxéao por morto. Morrerei, antes de aceptar sen ter a certeza.

- Abofé que puidera ser como dicides- contestou o rei- porque non vexo ningún coñecido que alá estivera, e ruín é a guerra na que ninguén se salva.

Confórtanse entre eles un pouco pola moita maldade que ven en Guenelete. Este pregúntalle ao rei, que ve na fiestra de enriba:

- Maxestade: vai ela facer algo?

- Deus me ampare! –dille o rei- Non dou logrado nada, aínda está toda aflixida pola morte do seu señor, polo que non atopo boa resposta ningunha.

- Non? –díxolle Guenelete- Pola cruz de Cristo, ides ficar aí en compañía dela a comer chicharos e mazás, pois habedes morrer os dous de fame ou eu heino lograr.

E ficou o rei coa súa filla, polo que Sidonia tivo máis mágoa pola fame e a coita de seu pai, ao seren asediados ámbolos dous.

Catro ou cinco días tiveron abondo para comer, mais no sexto os víveres comezaron a escasear, tanto que xa non tiñan pan nin carne. Durante dous días comeron só un pouquiño de queixo e medio pichel de viño cada un. O rei foi enfeblecendo moito; Sidonia xa non tiña senón seis mazás e deulle dúas cada día a seu pai, chorando e saloucando polo mal que lle vía arrastrar e que o mancaba a ela máis ca o propio. Cada pouco, Sidonia ía a unha xanela ollar se vía vir algo e laiábase a cada paso pola perda de Ponto, chorando e doéndose e desexando a súa propia morte. Díciolle ao rei:

- Ben mellor fora estar eu morta ca darvos esta coita tan grande e que sofrades esta fame pola miña causa.

E o rei respondíalle:

- Mellor quero eu morrer a que ese traidor vos teña deste xeito.

Sidonia chámalle traidor e desleal por facer morrer un home tan cabal coma o rei, seu pai:

- Ai, malpocada! Velaí a crianza que che o rei fixo, e ti agora telo sitiado e falo morrer á fame e á sede cando tantas boas e deliciosas viandas che ten dado! É ese o pago que lle dás?

Moito o avergoñou, mais non acadou nada pois Guenelete xuraba e rexuraba que o había facer morrer de fame negra se ela non consentía en ser súa. O rei morría coa fame, deitado no leito, e cando Sidonia viu iso, dixo que mellor quería morrer e irse consumindo toda a vida denantes que o seu pai morrese por ela. E dicíalle chorando:

- Meu tan benquerido pai e señor, non dou aturado a vosa dor e a vosa fame. Mellor quero eu morrer ou andar doída a miña vida enteira e ir esmorecendo ca vos ver neste trance.

O rei chora e non sabe o que dicir pois ver a súa filla nese estado máncao moito, e por outra banda verse morrer xuntos, el e mais ela, faille mal pois habían ser homicidas de si mesmos. Láíase dicindo que xa vivíu de máis e non sabe o que aconsellar, polo que di:

- Filla benquerida, tanta dor teño que non sei cal consello vos dar, mais non daría resistido vervos morrer. Mellor quixera eu que a morte me levase e que Ponto estivese vivo nesta vila, pois, como o máis forte, habíase vingar do traidor que vos quere ter contra a vosa vontade.

Os escudeiros e doncelas, que tamén estaban a piques de morrer e de rabear coa fame, caían atordados, e non era asombroso pois había ben catro días e máis que non comeran cousa ningunha. E dicían:

- Señora, ides ser a causa da nosa morte e da do rei voso pai e da vosa. É mellor tomardes ese home a facerdes maior mal.

Cando ela ve que para salvar a seu pai convenlle mellor facelo ca morrer, non lle importa e di que se ten que ser así, faráo. Entón prepárase e fai chamar a Guenelete, que acudíu. Ela volve para a torre e envía seu pai para falar con aquel e dille que se non pode acadar outro tratado, “que me concedades a el, deixándome oito días -ou máis se podedes- a fin de nos recobramos da fame e da dor que nos causou.”

O rei érguese e vaille falar, e moito lle amosou que pola forza endexamais tería o amor dela, que deixase tal empresa e el había concederlle vilas e castelos ou o que quixese. Guenelete respóndelle que mesmo que lle ofrecese o reino todo, xa el llo dera.

E o rei dixo:

- Pouca razón é esa. Sospeito que finalmente non o ides desfrutar.

De nada val todo o que lle o rei di, pois aínda se afinca máis na malvadez ca dantes, e asegura que por nada que aconteza, mesmo a morte, ha deixar a súa empresa. O rei pídelle un mes de prazo, e que ao cabo do mes habíalle dar resposta, mais el non quixo. Ao final tanto porfiou que obtivo catro días, e á volta dos catro días había casar con Sidonia, que consentiría. A cousa foi xurada e rexistrada. Tamén se acordou que ela non había saír da torre ata o día do casamento.

Guenelete púxose moi contente e cada día facíalle levar as mellores viandas que podía atopar e mantivo moi satisfeito o rei.

Ao cuarto día a festa foi grande e os vestidos magníficos, Guenelete tiña moita alegría por ter a dama que tanto amaba. O rei foina buscar e ela andou toda esbagoante e atristada, pois mellor quixera estar morta ca viva, botando en perda a Ponto no seu corazón e dicindo:

- Ai, coitada de min! Pouco gaño fixen! Noramá nacín eu!

Levárona á igrexa e o bispo desposounos. As bágoas caíanlle a fío dos ollos. Fíxose o xantar e houbo moitas viandas, trompetas, claríns e zanfonas. Moi faladeiro e ledto estivo o noivo, mais temo eu que fose por má ventura, como Deus quere que cadaquén sexa xulgado polas súas obras. Ese día a festa foi grande.

Deixo, logo, de falar deles e volvo a Ponto, que embarcara nas súas naves e se metera ao mar.

CAPÍTULO XIV

Ao que Ponto se despediu da súa nai e do seu tío e dos baróns do país, e que deu as ordes que ouvistes e partiron, mandou izar as velas, e as naves tiveron vento favorábel e singraron polo mar, avantando tanto que chegaron á illa de Ré. Alá decidiron despedirse os anxevinos, os pictevinos, os manseses e os turenese. Despediuse deles e agradecéullelo moito dándolles bós presentes, e botouse ao mar cos outros navíos de Inglaterra e de Bretaña. O vento amainou completamente e Ponto colleu dúas baleeiras e púxose a navegar con sesenta compañeiros.

Sidonia soñara que viña o seu señor e por ese motivo enviou un dos escudeiros á ribeira ver se viña algo. Ía el riba dun corcel, fita para o mar e ve dúas baleeiras cun pendón, polo que sospeitou que era o exército que fora a Galiza. Colleu o seu sombreiro e comezou a facer acenos con el, chamando. Ponto véo e di:

-Velaí un cabaleiro que nos fai acenos a chamar, semella que ten moito apuro, ou está a facer bulra de nós. Apurái!

Chegaron cabo del e cando recoñeceu a Ponto díxolle:

-Ah, Maxestade! Apurái!

- Que foi? –dixo o rei- Pasa algo?

Daquela o escudeiro contoulle de punta a couce como o servira Guenelete. Ponto persígnase e asómbrase todo de que aquel matinara traición tan grande.

- Axiña estarán a xantar –di o escudeiro- Haberá maneira de entrar dentro.

- Vouvos dicir como habemos facer –dixo Ponto- Ímonos disfrazar neste burgo e iremos bailando con chifros e trompetas, levando presentes e dicindo que somos compañeiros que van moi ledos ao casamento. E habémonos pór ao traballo no momento do baile.

- Pola miña testa! –dixo o escudeiro- Ben falado!

Así se fixo, pois Ponto disfrazouse con roupa da boa xente das aldeas e foron bailando á corte. Viña sendo a hora do solpor e deixáronos entrar na sala. Ían ben disfrazados: uns con sombreiros de ramas, outros con puchos cheos de palla, outros imitando lombudos, cadaquén remedaba a súa maneira. Guenelete tivo gran ledicia e dixo:

-Velaí como a xente do común ten gran ledicia co noso casamento! Velaí os fermosos leceres que nos din e fan.

Non sabía a emboscada que axiña lle había pesar. Cando Ponto tivo percorrido cos seus dúas veces o longo da sala e mirado o estrado e visto como Guenelete estaba tan contente e facía tanta festa coas danzas e papaba na mesa, foi

daquela banda e tirou o manto, sendo recoñecido por todos. Daquela díxolle a Guenelete:

- Ah, traidor! Desleal! Como ousaches matinar tanta traición contra de min, do rei e da súa filla que tanto ben che fixeron? Ruín pago lles volveches, mais agora has levar o que é de xustiza.

Guenelete fítao, perdido, e non sabe o que responder, pois ben se decata de que está morto. Ponto tira unha espadaña ben cortante e fíncalla tanto que o fende da testa ao embigo. Logo córtalle a testa e o pescozo en dúas partes como signo de traición e ordena que o leven para fóra ás arrastras e o penduren da forza.

Cando o rei e a súa filla viron a Ponto, saíron da mesa e foron correndo, de brazos abertos e o bicaron e abrazaron; e Sidonia chora coa alegría e bícao na boca e nos ollos e dálle unha aperta tan forte que non se dá ceibado. Mais Ponto sente tanta mágoa polo que sufriron que as bágoas lle caen dos ollos e o corazón se lle aperta. Ao que os corazóns se lles deron aclarado un pouquiño, dixo o rei:

- Benquerido fillo, pouco faltou para que perderades a vista da vosa muller e mais de min.

Entón contoulle a asombrosa traición das cartas falsas e da fame que lles fixo sofrer. Ponto persígnase e ficou abraiado e dixo que nunca home máis falso nacera.

-Lémbrame a Xesucristo e os seus trece apóstolos, dos que un o vendeu. Tamén nós viñemos de alá catorce, por vontade divina, do que un era peor ca Xudas. Mais grazas a Deus, tivo o seu xusto pago.

-Ah! -dixo o rei- se tivesedes tardado un pouco máis, farían aínda maior escarño en vós.

-Deus non o quixera -dixo Ponto.

- Deixemos agora estas falas -dixo o rei- porque a cousa rematou ben ao meu pracer. Pensemos en nos aledarmos e en facermos leceres, mais containos primeiro o voso asunto e como decorreron as cousas.

- Ben, grazas a Deus -dixo Ponto.

Daquela contoulles a batalla e a desfeita, e como o país estaba ben traballado e ben limpo. Houbo quen contou o xeito e a maneira como fora coroadado. Todos tiñan gran ledicia polas fermosas aventuras que Deus lle fixera.

Polo serán foron cear, e, despois, cantar e danzar e espaxarse. Non hai que preguntar se Sidonia estivo leda e feliz; no seu corazón daba humildemente as grazas a Deus por ter escapado de tan grande perigo. Pola noite estiveron ben contentes, pois moito se tiñan desexado, e faláron entre eles de moitas cousas e tiveron moita ledicia e leceres, pois queríanse moito, tíñanse moita lealdade,

amaban moito a Deus e á Igrexa e eran moi caridosos e doíanse dos pobres. Pola noite, os mercenarios de Guenelete fuxiron: o que puido irse, foise. Todo o pobo agradeceulle a Deus a chegada do rei Ponto e saíu en procesión dar as grazas pois pensaba que aquel morrera.

No outro día chegaron os baróns de Bretaña, de Normandía e de Inglaterra e países de arredor. Cando souberon a traición de Guenelete persignáronse e asombráronse moito de tal empresa. Con grande ledicia os recibiu o rei de Bretaña. E o rei Ponto retivo o conde de Gloucester e unha ducia longa de cabaleiros e dixo que de alí a quince días iría a Inglaterra ver o rei, a raíña e a súa filla, e díxolle ao conde de Richemont:

-Encomendádeme a eles. E se a señora Genevre non está casada, eu heille levar marido, se lle aprace ao rei e a ela tomalo.

Díxolle que era o seu curmán Polido, home garrido e de boas cualidades e labrado para chegar a ben.

- A fe que falades verdade –dixo o conde- e penso que Súa Maxestade o rei hao acoller moi ben polo grande amor que vos ten.

Acompañouno tanto como puido e despediuse deles, e os outros enviaron a súa xente

Daquela partiron e foron para o seu país con moita ledicia.

O conde de Richemont foi rapidiño e atopou o rei e a raíña e mais o rei de Escocia que os fora visitar. E o rei preguntoulle que novas había. Entón contoulles de punta a couce o que acontecera: como o país estaba ceibe dos sarracenos e como o pobo e o país foran salvados polo conde de Asturias e mais Patricio, tanto que estaba ben traballado e poboado de xente polo tributo que pagaban, grazas ao que vivían en paz baixo a relixión falsa. E logo contoulle a traición de Guenelete e os grandes prodixios, e mais as boas compañías e os grandes dons que o rei Ponto fixera. E cando rematou de contar todo, chamou sen máis ninguén ao rei e á raíña e á súa filla Genevre e ao rei de Escocia e díxolles que Ponto viría de alí a quince días, e que retivera ao conde de Gloucester e lle falara do casamento do seu curmán e de Genevre. E o rei pregunta:

-Que cabaleiro é?

El respóndelle:

- O máis garrido que eu coñeza, non sendo Ponto. Dígovos que lle asemella en maneiras e costumes extraordinariamente, fóra que é un pouquiño máis baixo.

-Pola miña testa! -dixo o rei- Eu estou de acordo se é que lle aprace á miña filla.

Esta axeónllase e di que ha facer o que el lle ordene. O rei de Escocia e a raiña gabaron o casamento. E o rei de Escocia di:

- Maxestade, non cómpre casar a vosa filla con rei ou home que non resida neste reino, porque un rei ou gran señor por ventura non había querer permanecer no país e non é o que convén para amparar o pobo e a terra. Sabede que en tanto viva o rei Ponto non haberá home tan ousado que intente mancar este país

E o rei di que falou ben. Genevre, que tanto ama a Ponto, di de corazón que aquel lle aprace máis ca ningún, e pregunta sobre el a todos os bos cabaleiros que estiveron na guerra e que o viron, e canto máis pregunta mellor o atopa e máis o ama. Orabén, non hai desexo tan grande como o que ven da vista e rógalle a Deus que veña axiña.

Deixo aquí de falar deles e volvo co rei de Galiza...

CAPÍTULO XV

...que volveu para Vannes despois de ter acompañado os señores de Inglaterra e dos outros países de alén. Asistiron á misa maior e logo foron xantar. Ponto díxolles aos baróns de Bretaña que aínda estaban alá:

- Benqueridos señores, se vos aprace, cómpre que vaíamos ver as damas deste país e lles fagamos festas por mor do conde de Gloucester e os cabaleiros de Inglaterra que debemos festexar e esparexer con algúns feitos de armas, pois de aquí a quince días temos que ir a Inglaterra ver o rei e tamén por cousa de certo asunto que lle quero falar.

Respondéronlle que estaba ben falado.

-Encárgovos, logo, de traerdes as máis belidas damas e doncelas da vosa bisbarra; cada un conducirá a muller do outro e estaredes todos aquí o décimo día.

Tal se acordou, e cadaquén foi ver a súa muller e os seus amigos, e procuran as máis fermosas e que mellor cantan entre as que poden atopar, e foron a Vannes. O rei foi ao encontro delas e foron recibidas con gran ledicia por menestreis e outros divertimentos.

No outro día foron pregoadas grandes xustas. Sidonia instalouse nas estadas, co rei e as grandes donas e os cabaleiros vedraños. E, dentro do terreo, Ponto, o conde de Gloucester, Benard de la Roche, Girard de Victré, Pierre de Victré, Rogier de Rogés, o vizconde de Donges e Heudes de Doul con todos os que foron chegando. Comezaron as grandes e fortes xustas. Ponto derrubaba cabaleiros e cabalos e temían moito enfrontárense a el. Louvábano moito as damas e toda caste de xente. Grande foi a festa e as xustas e os leceres, e duraron deica o solpor. Moi fermosas e duras xustas houbo que serían longas de relatar.

Polo serán foron sentar ás mesas e servíronse moi diversos manxares. Menestreis e heraldos fixeron gran ruído. O premio dos de fóra foi atribuído ao señor de Montford, que levou a copa de ouro, pois xustara arrizadamente. E Ponto levou o premio dos de dentro, un pucho que as damas lle enviaron.

Nesas chegaron Guieffroy de Lesignen, Landry de La Tour, Guillaume des Roches e Leoncel de Malleon, que Ponto mandara procurar para iren con el a Inglaterra, pois amábaos por riba de todos os cabaleiros pola súa valentía. Por iso lles daba grandes dons e proveitos. O rei Ponto ergueuse indo cara a eles e os abrazou e fíxolles moi boa acollida. Eles dixéronlle que fixera mal en se erguer, mais era moi humilde e cortés. Despois de cear, o señor de Lesignen dixo:

-Vós tedes xustado hoxe sen nós. Se o tedes a ben, mañá, nós que fumos os derradeiros en chegar, loitaríamos cos que veñan.

E Ponto dixo:

-Paréceme ben; habedes ter convosco o meu curmán Polido e o vizconde de Leon para completaren os seis, pois á noite sentín falar o vizconde de Leon que estaba anoxado por non ter estado dentro. Con iso váiselle aledar o corazón.

Daquela fíxoo chamar a este e a Polido e díxolles que habían xustar eles seis contra todos os que viñesen. Os Compañeiros Brancos pregoaron que no outro día se enfrontarían a todo tipo de cabaleiros, e o que entre os de fóra levase o premio tería o cinto e a esmoleira da máis belida dama da festa, e o que dos de dentro levase o premio habíaa bicar e ter o seu anel. Fermosas foron as xustas e certos os golpes que alá se deron, mais paso de relatar quen xustou ben e quen non, para abreviar esta historia, mais direi que o premio dos de dentro foi dado a Polido e o dos de fóra a Guieffroy de Chastiaubriant, aínda que algúns dicían que Guieffroy de Lesignen gañara o premio de dentro. Houbo, daquela, discusión.

No outro día despediuse do rei e de Sidonia e das damas, e foi para Saint-Malo embarcándose e levando doce dos baróns e os catro devanditos. Pasaron alén e o conde de Gloucester saíu un día antes ca eles para ir ao carón do rei de Inglaterra dicirlle que o rei Ponto viña velo. O rei, a través do conde de Richemont, xa sabía que viña e aprovisionárase de canto precisaba para recibilo honrosamente. E tiña con el o rei de Escocia, seu irmán, e o de Irlanda e o de Cornualles, seu sobriño, e mais os condes e baróns do seu país. Houbo gran ledicia coa súa chegada e rogoulles a todos que fixesen festa e honras ao rei Ponto “porque todos sabedes como por el este reino se librou dos veciños e sarracenos”. Todos dixeron que habían facer canto puidesen. O rei montou a cabalo cos outros reis e foron ao encontro del unha boa legua inglesa, con toda sorte de menestreis e de instrumentos. E moi ben o recibiron; non é preciso describir a acollida pois foi moi boa. O rei Ponto ía ricamente adobiado con fíos de ouro formando leonciños e un gran círculo de ouro con pedras e perlas sobre a testa. Eran vinte cabaleiros, contando a Polido, tres de Galiza e os dezaseis dos que xa vos falei. Eses vinte vestían pano sedán forrado de pel dunha única cor e puchos todos iguais, e ademáis ían trinta cabaleiros vestidos todos de escarlata forrada de esquío cincento do mesmo xeito. Estaban moi ben aparelados con cintos nos costados e alxibeiras e esmoleiras fermosas e ricas que lles pasaban por baixo dos mantos. Moito miraban para eles e moi nobre dicía a súa orde. Con gran ledicia entrou Ponto en Londres e atopou a raíña, a súa filla e as súas damas na corte, onde estaban a agardalo. Baixaron de lonxe cando el albiscou a raíña e foi correndo cara a ela e bicouna e abrazouna, sendo recibido con moitas honras. A raíña preguntoulle como lle ía dende entón e el respondeulle que ben. Genevre, a filla do rei, tentaba de ver a Polido, do que tiña gran desexo, e recoñeceu polos sinais do seu curmán Ponto. Atopouno tan garrido e agraciado que lle prougo máis ca cousa ningunha. Con todo, para estar ben segura, preguntalle ao conde de Gloucester que estaba alá, e este amósallo cun aceno. Dise entón ela no seu corazón que non se enganara e que o seu corazón lle falara ben.

E foron xantar Houbo moi raros manxares e moi nobremente servidos, pois servíronos persoalmente os baróns por orde do rei.

Despois de xantar foron beber e comer confeitados. Genevre ten gran desexo de que se fale do seu asunto e dille rindo ao seu tío, o rei de Escocia:

- Non sei o que haberá das falas que trouxo o conde de Richemont.

E o rei riu e díxolle:

- Vós vístelo. Que vos parece? Gústavos?

Ela ponse rubia e responde:

-Hei facer o que Súa Maxestade e mais vós ordenedes.

Ben se ve que lle aprace. Entón el vai xunto do rei e dille que é ben trataren o asunto da súa sobriña. E o rei responde:

-Tedes razón, retiraivos a este cuarto.

O rei retírase e manda en procura do rei de Irlanda e do de Cornualles e dos príncipes e os baróns do seu reino. E, de chegados, cóntalles as falas que o conde de Richemont lle dixera de parte do rei Ponto tocante ao casamento da súa filla e Polido, e dilles:

-Benqueridos señores, ben sabedes que vou vello e que non me podo armar nin traballar en vos amparar se fose preciso. Cómpre, logo, que a nosa filla estea casada cun home labrado para vos manter unidos e en paz. Se tomades un gran señor ou rei ou príncipe, ha querer por ventura permanecer no seu país, daquela habedes ficar sen pastor, e se alguén fai dano a outro, cumprirá ir fóra do reino pedir xustiza ou satisfacción da demanda. Por iso paréceme que valería máis tomar un cabaleiro de alta liñaxe que permaneza convosco e se terá por satisfeito en tendo a honra que lle ven pola súa muller e estará máis inclinado a vos obedecer a vós e ao reino, paréceme a min. Por iso querovos contar o asunto do que me falaron.

Entón relátalles como o rei Ponto falou co conde de Richemont de Genevre e do seu curmán, que é cabaleiro tan ben dotado, tan asisado e cabal. Moito se falou dunha banda e da outra, e sería moi longo de contar, mais o final foi que todos dixeran que non podían atopar mellor para a garda do reino e ser obedecido e servido, e que en tanto seu curmán Ponto estivese vivo, non había existir home tan arrizado como para comezar unha guerra. Cando o rei viu que todos asentían, díxolle ao rei de Escocia e ao conde de Richemont, que era home cabal:

-Ide cabo do rei Ponto e informádeo deste asunto, e de que por amor a el queremos ser seu parente.

Ámbolos dous partiron e chamaron a parte o rei Ponto e dixéronlle moi cortesmente como o rei e os seus parentes e baróns humildemente asentían, polo amor e a honra del, no casamento do que falara co conde de Richemont. Ponto agradécellelo ao rei e aos seus parentes e baróns humildemente dicindo que lle fan gran honra e que Deus hállelo recompensar. Moito se falou, e ao final o rei de Escocia andivo tanto dun sitio para o outro que se reuniron nos cuartos da raíña, e alá foi o arcebispo de Canterbury que os prometeu. Non hai que preguntar se

Genevre ten gran ledicia no seu corazón, por moito que aparente sinxeleza, porque o ama e o preza tanto pola súa garridez e bondade como polo amor ao seu curmán, que tanto ela amou. E tamén Polido dálle as grazas a Deus no seu corazón por ter tantos bens e honores neste mundo, e tamén a ve belida e de belido porte. Daquela sinalaron o casamento para o oitavo día.

Grande festa houbo e grandes xustas que comezaron no día seguinte ao casamento, pois Ponto dixo que endexamais daría el o asentimento a que se fixesen loitas de armas no día do casamento, e díxoo porque o rei de Borgoña morrera no día dos esposais. Dikir os que ben xustaron sería longo de relatar, mais Ponto xustou moi por riba de todos, e non houbo quen lle asemellara nin de lonxe. Xustou ben o noivo, e o rei de Irlanda, e o señor de Lesignen, Landry de la Tour, e o conde de Montford, da Bretaña; estes foron os que mellor xustaron. Longos serían de contar a gran festa, as sobremesas, as promesas, os premios dados e os leceres, polo que paso de facelo. A festa durou da segunda á sexta feira.

Despois, logo do xantar da sexta, o rei Ponto despediuse do rei e da raíña e custoulle moito partir. Genevre acompañouno ben unha legua e fóronse dicindo frases garimosas. Ela díxolle que amaba a Polido, o seu curmán, máis afervoadamente polo feito de telo amado a el en segredo; que ela o prezaba máis a el por ter sido o seu primeiro amor e porque lle tivera gran lealdade. Ponto sorriu e dixose que non había arte que a muller non soubese ou pensase. Falaron abondo de distintas cousas e logo acompañounos e fíxoa regresar con gran pena e díxolle:

-Miña señora e amiga, tanto como eu viva hei ser o voso cabaleiro e heivos servir. Podédesme ordenar e mandar e eu heino cumprir.

E despois díxolle a Polido diante da dama:

-Miña señora e amiga, velaí o meu curmán. Quero que vos ame e obedeza e non teña pracer en ningunha tanto coma en vós. E se comete unha falta, facédemo saber, que eu heino corrixir.

-Maxestade –dixo Genevre- el sempre ha facer o que debe facer un home cabal.

- Ben o desexo eu –dixo Ponto- Quéirao Deus!

Despediuse e partiu. O rei de Escocia, o de Irlanda e o de Cornualles querían acompañar ao porto mais el non quixo. Moita conversa e cortesía tiveron entre eles e despedíronse regresando á corte.

O rei Ponto foi ao porto e chamou a parte o seu curmán Polido e díxolle:

-Grazas a Deus debédeslle a El gran galardón, pois estádesvos convertendo nun dos máis grandes reis do voso país, moi poderoso en armas e en posesións, e en nobre señoría de grandes señores súbditos vosos. Cómprenvos catro cousas se queredes gozar en paz e vivir acougadamente.

De primeiras, cómprevos ser home verdadeiro, amar a Deus con todo o voso corazón e temer desobedecelo. Se vós o amades, el hávos amar e soste en todas as vosas necesidades. Amade e honrade a súa Igrexa e todos os seus mandamentos. É o primeiro servizo que se debe render a Deus.

A segunda é: honrade e servide aqueles cos que estades e aqueles dos que tedes ou podeades ter os grandes bens e honras: é dicir, amade e servide o pai da vosa muller do que tanta honra vos ha chegar. Sede fillo recto del, gardádevos de o anoxar e aturade moitas falas ou cousas que vos han contar -unhas para vos agradar, outras por louvamiña ou por malicia encuberta- xente que non quixera a paz entre vós e el. Porque, benquerido curmán, o que ben sofre e atura xente máis elevada ca si, é quen de vencelo, pois, por varias razóns longas de explicar, non se dá posto á mesma altura Deus e o mundo.

A terceira razón é ser doce e dado, xeneroso e aberto segundo as vosas posibilidades cos vosos baróns, cabaleiros e escudeiros e con aqueles que poidades ter trato; e se cando menos non podeades ter largueza con eles, faceilles boa acollida, cortés e xenerosa, tanto ao pequeno coma ao grande, pois o grande havos estimar máis e o pequeno havos louvar a todos e ha ser bo heraldo voso, de tanto que vos ha gabar en todas as partes. E tamén por serdes humilde e cortés teredes a graza dos grandes e dos pequenos. Tamén se entende que o debedes facer máis á vosa muller que a outra ningunha por moitas razóns, porque ao lle render honra e cortesía habedes ter o seu amor unido a vós. Porque se sodes cruel e rudo con ela, poderá ela mudar, e o amor do que vós deberades gozar poderíao entregar a outro do que podería tirar agrado en canto que vós poderíades estar doído e non o poderíades recuperar cando quixerades. Hai moito perigo e mestría en conservar o amor do casamento. Así, gardade a lealdade que manda Deus no Evanxeo e non a troquedes por outra ningunha, é dicir que non posuades outra ningunha ca ela só por tolo pracer. E, se deste xeito facedes, Deus vos ha aumentar os bens e honores. Se a vedes anoxada acougádea manseliñamente, e cando se recupere havos amar máis afervoadamente, porque non hai cortesía que non sexa devolta. Porque, cando un corazón está encarraxado e se pón furioso con falas alporizadas ou rifantes, máis violento se pon e imaxina mal engano do que moito dano pode vir.

A cuarta é que teñades mágoa dos pobres que vos pidan xustiza ante o forte ou o poderoso que os queira mancar, pois para isto fostes vós instituído e todos aqueles que teñen as grandes señorías. Porque vós viñestes ao mundo tan pobre coma eles, e tan pobre habedes ser o día da vosa morte, pois non teredes máis terra ca a vosa longura e habedes ser deixado na terra só, sen compañía ningunha coma o pobre. Por iso unicamente tedes señoría para vos manterdes dereito ao longo da liña, sen vos desviardes por causa de ninguén, sexa gran señor ou parente de familia, sexa por amor ou por xenreira, pois así Deus o ordena. Escoitái especialmente todas as sextas feiras o clamor dos pobres e das viúvas. Non tardedes en lles facer xustiza e non creades sempre aos vosos oficiais o que vos digan: indagái antes a verdade. Porque algúns fan recaír a mágoa na xente sinxela por xenreira e outros por cobiza de lles pillaren o deles, e cando ven que non o dan feito en por eles fabrican informes falsos. Cousa moi perigosa é que un gran señor crea demasiado á lixeira.

Que vos hei dicir? Moitos bós ensinos lle fixo, e Polido agradeceullos moito e díxolle:

- Maxestade, boa conta me dou de que pola vosa bondade me tedes procurado a honra e o ben nos que me atopo. Rógovos que cada ano nos entrevistemos, pois iso ha ser o meu conforto e o meu alicerce.

- Concédovolo -dixo Ponto.

Ao que tiveron falado de moitas cousas, despedíronse un do outro e bicáronse e abrazáronse sen poderen dar unha fala, tan maravillosamente se querían. Ao que tiveron un pouco aclarado o corazón e deron falado, foi Ponto despedirse dos baróns de Inglaterra e ofreceuse moito a eles.

Retornou Polido á corte, na que lle fixeron moi gran ledicia. Polido retivo ben os ensinos do seu curmán pois obedeceu e serviu ao rei e á raíña, e fíxose amar pola súa gran largueza e cortesía cos grandes e cos pequenos. Amou moito a Deus e a Igrexa e foi piedoso e caritativo cos pobres. O rei e a raíña queríanlle como seu fillo. E logo non tardou máis ca sete anos case en morrer o rei. Polido foi rei moi doce e apracíbel, moito se amaban entre eles o rei e a raíña, e reinou ben.

Déixoo a el e volvo co rei Ponto.

CAPÍTULO XVI

Ponto embarcouse cos seus baróns e chegaron á Bretaña e foron á corte. Alá foron recibidos amorosamente con moita ledicia por toda caste de xente; e, ao que deron parado nela sete días, Guieffroy de Lesignen, Latour de Landry e os outros estranxeiros partiron. Ponto deulles grandes presentes e ricos dons, e deulles as grazas e os retivo como seus compañeiros e amigos; acompañounos unha legua, quixesen ou non, e despois despedíronse. O rei de Bretaña só viviu uns tres anos, pois era moi vello. Daquela foi Ponto rei e foi querido polos nobres e polo pobo todo. Foi moi sabio e recto en xustiza, e piedoso e caritativo cos pobres. Moito se quixeron entre eles e se honraron el e a raíña, súa muller, e levaron vida axeitada. Facía moitas esmolos, e cando a corte se desprazaba dun lugar a outro, mandaba pregoar que aqueles aos que lles debese algo -quer dereitos pola súa estadía quer víveres aportados- se achegasen para llos pedir a el ou aos seus oficiais, e facía pagar todo pois dicía que tolos eran os que agardaban polos seus herdeiros ou executores, porque poucos eran pagos. E que mesmo aqueles que manteñen como poden a súa palabra teñen pouco mérito, pois xa cando dan non posúen nada de seu ao estaren mortos.

Moi boa e santa vida levaron. Foron residir un ano en Galiza, onde foron moi amados e respectados e honrados. Moito agradeceu o conde de Asturias ao seu sobriño Ponto a honra que lle fixera ao seu fillo. O rei deulle moitas terras e grandes herdos a Patricio, que o salvara na nave e tanto ben fixera no seu país. Moito honrou á raíña Sidonia. E tamén Sidonia á boa raíña, a nai do seu señor. O rei mandou na procura do seu tío, o irmán de súa nai, o rei de Aragón, cos baróns, e fixeron grandes xustas que duraron ben dez días. E logo foron o rei e a raíña en peregrinaxe a Santiago de Galiza.



Despois foi a España. Non pasou moito tempo sen lles ir facer guerra aos sarracenos. Levou con el os baróns de Bretaña, de Anjou, do Maine, de Poitou, de Turena e de Normandía. Foron o conde de Mortaing, o vizconde de Avrenches, Tesson, Paynel de Beaumont e Guy de Laval e varios outros manseses; de Anjou Pierres de Doué, Landry de La Tour, Guillaume des Roches, o señor de Aver, e Montejehan; de Poitou o señor de Lesignen, Leoncel de Malcom e Ouiers de Partenay; da Turena Hubert de Maillé, Houdez de Baussay, Patris d'Amboise, e moitos dos de Bretaña e de Gascoña. Foron catorce mil e derrotaron os pagáns, e houbo proezas e tomáronse vilas e castelos.

E despois, contra o inverno, cadaquén volveuse para o seu país. E todos louvaron o rei Ponto que ben os pagou coas súas grandes prendas e dons, e grande compañía lles fixo, tanto que dicían que non había outro capitán coma el, e que estaba labrado para conquistar os países todos. Moito gabaron a súa tamaño cabalaría, largueza e cortesía, “pois todas as boas cualidades e bos costumes se atopan nel, segundo Deus e o mundo, e toda beleza.”. Era unha maravilla e debíalle a Deus gran galardón.

Botou un tempo en Galiza e logo volveu a Bretaña e foi ver o seu curmán que xa estaba en Inglaterra. Moi ben recibido foi e con gran ledicia. Non cómpre preguntar se a raíña Genevre pasou moito traballo en lle facer festa e ledicia. Logo foi o rei de Inglaterra a Galiza⁵¹ ver o seu pai e parentes e fíxolles grandes presentes, e despois volveu para Bretaña e alá foi moi festexado e volveuse para o seu reino.

O rei Ponto e mais a raíña viviron moi longamente e reinaron ao gusto do seu pobo. Mais así vos é a vida mundana, que non hai ninguén tan garrido, tan bo e tan rico que ao final non teña que abandonar este século.



⁵¹ Por coherencia co argumento substituímos a *Gascoña* que propón a edición crítica pola *Galiza*, que figura nalgún dos outros manuscritos. Non deixa de sorprenden a mención á Gascoña, onde, a finais do século XIV se atopaba -xa como duque de Aquitania- o duque de Lancaster que ao mando das tropas inglesas fora uns anos antes señor da Galiza (ver Introducción, parte II). O seu fillo, poucos meses despois de Lancaster morrer, subirá ao trono de Inglaterra co nome de Henrique IV.